Poesías

Antonio de la Iglesia

Edición, limiar
e notas de
M.R. Saurin de
la Igesia

Letras
DA ACADEMIA

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

ST 24821

LETRAS DA ACADEMIA

Con este título, a Real Academia Galega publica unha colección literaria que ten como obxectivo fundamental editar textos e documentos que obran nos arquivos da institución, certamente ricos en inéditos e en páxinas impresas de moi exigua circulación. Ó exhumarmos ou reeditarmos certos textos, ofrecemos a investigadores e estudosos páxinas que esclarecerán capítulos importantes da historia literaria de Galicia.

Primeiros títulos:

Eduardo Pondal, *Os Eoas* (ed. de Manuel Ferreiro e estudos de Manuel Forcadela e Xosé Ramón Pena), no prelo.

Antonio de la Iglesia, *Poesías* (ed. de M.ª Rosa Saurin de la Iglesia).

M. Curros Enríquez, *Cartas* (ed. de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda), de próxima aparición.

Letras
DA ACADEMIA

Poesías
Antonio de la Iglesia

Núm.2

Edición, limiar
e notas de
M. R. Saurin de
la Iglesia

R. 24670

RAC, 2005

Letras
DA ACADEMIA

Núm.2

Poesías

Antonio de la Iglesia

Edición, limiar
e notas de
M. R. Saurin de
la Iglesia

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
BRÉTEMA COMUNICACIÓN

IMPRESIÓN:
SERTRICO S.L.

ISBN: 84-87987-59-1
ISSN:199–0056

DEPÓSITO LEGAL: C-2936-05

© REAL ACADEMIA GALEGA
RÚA TABERNAS, 11
15001 A CORUÑA
TFNO. E FAX: 981 207 308
www.realacademiagalega.org

ÍNDICE

ÍNDICE 9
PRÓLOGO 13
LIMIAR 21

POESÍAS 33
1. Rosiña. Villancico 35
2. Cando un home ten moitismas (1840) 36
3. Ay, Espiñeira. (1840) 38
4. Xoicio do ano de Sadurno 39
5. Cambados 1836 (1843) 43
6. A la próxima llegada de S. A. R. y su augusta familia (1852) 52
7. A la llegada de S. A. R. la Serma. Infanta (1852) 54
8. La Condesa de Agrón (1853) 56
9. A la benemérita clase de Sargentos de Saboya (1855) 59
10. A la Milicia Nacional de la Coruña (1855) 60
11. Un mozo acabado (1855) 62
12. Incienso (1855) 64
13. La plazuela de Mariñas (1855) 69
14. Ó millor gaiteiro de Galicia (1857) 70
15. Alborada de San Joan (1857) 72
16. Aniña do Temple (1857) 82
17. Himno a la entrada de S. M. la Reina (1858) 88
18. A Reina na Atocha (1858) 90
19. Muiñeira da despedida (1858) 94
20. O telefro (1858) 96
21. A Galicia (1858) 97
22. A la Coruña (1858) 98
23. Ano bon (1859) 99
24. Muiñeira do neno perdido 103
25. Ribeirana 104
26. O vello do Pico Sagro (1860) 106
27. A la guerra de Africa (1860) 147
28. Muiñeira do ferrocarril (1860) 150
29. Ó Príncipe D. Alfons'o gallego 155
30. Á lingua gallega 159
31. El Orzán 160

32. O mayo (1861) 165
33. A vida da Reina 178
34. Vinde, vinde, pastoriños 181
35. Si quieres que tome a Tánger (1860) 182
36. A la rendición de Tetuan (1860) 183
37. O scritor púbrico meu amigo D. Xosé López da Veiga 185
38. María Pita 186
39. La reina de los valles 194
40. La rosa del alba (1863) 196
41. Plegaria al Santo Apóstol (1862) 197
42. Santiago y Almanzor (1863) 202
43. La despedida del Lérez 208
44. Marcha dos zocos (1865) 213
45. Os labregos fuliadeiros 215
46. ¡Escoitade! (1867) 216
47. ¡Ojo! 217
48. Ao Siñor D. Francisco Estévez (1867) 218
49. Viliña da Graña 220
50. Os homes de Sturias 221
51. Himno a María Pita (1876) 249
52. Apoteosis de Calderón (1881) 250
53. A Emilia Pardo Bazán (1881) 254
54. Jesusa da nosa vida 258
55. Andrés Muruais (1882) 259
56. A Zorrilla (1883) 260
57. Ás festas solemnísimas (1883) 261
58. En el centenario de la Sociedad Económica (1884) 262
59. Unha testa conversión (1888) 263
60. Ortografía gallega (1888) 267
61. ¡Victoria! (1888) 283
62. A Santiago Zebedeo (1888) 285
63. Palabras de consolo (1889) 286
64. Deus Fratresque Gallaicae (1889) 288
65. Os libros de Dios 289
66. Ó céfiro 290
67. Madrigal de Cetina 291

68. Madrigal de Luis Martín 292
69. Deus fratresque gallaici (1889) 293
70. Profecía d'o Eume (1891) 295
71. No pazo de Miraflores 300
72. Na miña vida tal vin 302
73. A Rosalía Castro 'n-o 26 de mayo de 1891 303
74. Repochado 304
75. Sin capital 305
76. Romanceiro franciscano (1892) 306
77. Vos tamén casa de Oca 320

APÉNDICE E SIGLAS 325
ÍNDICE ALFABÉTICO DE PRIMEIROS VERSOS 341

PRÓLOGO

SOBRE O ESCRITOR E A SÚA EDITORA

Xexús Alonso Montero

Xa teñen os eruditos nas súas mans a Poesía de Antonio de la Iglesia González (1822-1892), un dos homes que máis *actuou* na constitución do discurso literario do Rexurdimento, do que foi, tamén, un dos seus pioneiros importantes. Non é, sen dúbida, a poesía a faceta máis relevante deste home de Letras, pero xa era hora de que alguén nos ofrecese, nun volume, a súa obra poética dispersa, a inédita incluída. Chéganos da man dunha especialista, dunha autoridade na vida e na obra do polifacético don Antonio: a profesora María Rosa Saurin de la Iglesia.

A profesora Saurin non é unha experta no labor literario de Antonio de la Iglesia polo feito de portérense (é bisobriña neta do escritor), aínda que esta condición deparoulle o acceso a textos, en principio, vedados ou pouco asequibles a outros investigadores. A presente colectánea consta de poemas que, no seu día, doou á nosa Academia dona Eladia de la Iglesia, sobriña de don Antonio, pero tamén de composicións que obran no arquivo da propia investigadora.

Ese arquivo contén os documentos e outros textos cos que a profesora Saurin elaborou, hai dous anos, o libro *Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia. Una biografía intelectual* (Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento", 2003). Estamos ante un estudo fundamental para achegármonos á "biografía intelectual" de dous iniciadores do Rexurdimento (Antonio e Francisco) e para percibírmo-las inquedanzas e actitudes culturais dunha familia que destacou, nesas datas aurorais, na poesía, na pedagoxía, na erudición literaria e noutros saberes humanísticos.

Xa aquí cómpre sinalar que o posto –o relevante posto- que a profesora Saurin ocupa entre os estudosos das Letras Galegas do XIX non se debe só ós libros e traballos sobre os seus devanceiros próximos; débese, tamén, a outros, un deles, un título fundamental da nosa bibliografía: *Manuel Pardo de Andrade y la crisis de la Ilustración* (La Coruña, Gaesa, 1991). Non sei de ningún estudo, sobre personalidades literarias galegas do período 1780-1900, coa entidade documental e argumental desta publicación, escrita sempre con notable decoro. Á autora desta indispensable monografía debemos tamén a edición dos artigos que Pardo de Andrade publicou no *Diario de Madrid* entre 1794 e 1800, mostra moi significativa de quen foi un dos periodistas de máis casta, intelixencia e cultura na España de fins do XVIII e comezos do XIX. Á profesora Saurin tamén debemos a edición, en dous volumes, da Poesía do grande ilustrado, poesía na que figura un título esencial para entende-lo Prerrexurdimento: *Rogos dun escolar á Virxe do Bo Acerto para que libre á nosa terra da Inquisición* (1813), estupendo libelo poético non alleo ós xeitos literarios do romance do cego que preludia, dalgunha maneira, a maxistral sátira de Curros Enríquez *O divino sainete* (1888). De Pardo de Andrade, a nosa investigadora exhumou en 1985 a traxicomedia en italiano *La conversione di Sant'Agostino.*

María Rosa Saurin de la Iglesia, autora doutros traballos moi valiosos sobre a historia e as Letras do XIX galego, é, desde hai tempo, catedrática de Historia da cultura e literatura españolas na Universidade de Urbino (Italia), cátedra desde a que se achega a cuestións tan importantes (pero, hoxe, pouco frecuentadas), como a relación entre o poder e os intelectuais (Alejandro Sawa, Blasco Ibáñez, Álvaro Cunqueiro...). Non creo trabucarme se afirmo que a obra desta investigadora, tan centrada nas nosas Letras do XIX, é moi pouco coñecida entre nós, mesmo nos ámbitos profesionais. Non é xusto.

* * *

No comezo deste limiar afirmei que don Antonio de la Iglesia fora "un dos homes que máis *actuou* na constitución do discurso literario do Rexurdimento". Ó facer esa aseveración pensaba, fundamentalmente, en catro obras da súa responsabilidade pero das que non foi autor (ou a súa autoría foi mínima).

I. A primeira antoloxía (¿ou colectánea?) da poesía galega foi elaborada por don Antonio co título "Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos". Ocupa un número moi considerable de páxinas no *Álbum de la Caridad. Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguidos de un mosaico poético...*, 1862. Contén o Mosaico, como se ten dito moitas veces, poemas en castelán (e ata senllos poemas en latín, francés e portugués), pero o número de composicións en lingua galega (de 40 autores) é bastante elevado, se pensamos que a recolleita foi feita antes de 1863, data de *Cantares Gallegos*, o libro auroral de Rosalía. Está claro que os poetas posteriores a este ano leron estas páxinas e atoparon incitacións e modelos nelas.

II. Don Antonio de la Iglesia, comprometido co renacer das Letras galegas, parece ter fe, para ese rexurdir, nas antoloxías, razón pola cal compón en tres volumes *El idioma gallego. Su antigüedad y vida* (Biblioteca Gallega, 1886). Nesta triloxía os lectores encontran por primeira vez, ademais dalgúns vellos documentos en prosa, poesía moderna e contemporánea, poesía medieval e varios capítulos dedicados á literatura popular nas súas distintas modalidades. Escritores e eruditos beberon durante décadas nestas páxinas, algúns sen decatárense de que había textos "venerables" que eran apócrifos como o "Poema da Cava" ou o "Romance do Figueiral".

III. En 1863, don Antonio publica o primeiro Diccionario galego ("gallego-castellano"), obra de Francisco Javier Rodríguez, que xa falecera. Aínda que contén deficiencias (algunhas imputables ó editor, como sinalou Pensado Tomé nunha monografía "ad hoc"), constituíu, sen dúbida, unha ferramenta lingüística de certa utilidade para eruditos e escritores. No ermo lexicográfico dos inicios do Rexurdimento, Antonio de la Iglesia era consciente da súa necesidade.

IV. Foi don Antonio o fundador do quincenario *Galicia. Revista Universal de este Reino* (1860-1865), a revista, en opinión do profesor Barreiro Fernández, que simboliza mellor que calquera outra o Rexurdimento. A ela dedicoulle un esclarecedor traballo a profesora Saurin (*Cuadernos de Estudios Gallegos*, 2000).

No labor de don Antonio de la Iglesia hai outras "empresas", pero abondan estas catro, moi significativas, para que reiterémo-lo exposto ó comezo deste limiar: que foi un dos homes de Letras "que máis *actuou* na constitución do discurso literario do Rexurdimento".

* * *

Xa se sabía que don Antonio de la Iglesia non era, nin en galego nin en castelán, un poeta de estro realmente interesante, e agora, que xa temos nas nosas mans a súa Poesía completa, confirmámonos na valoración. Pero era importante, para completármo-lo retrato intelectual deste escritor do Rexurdimento, coñece-la totalidade da súa obra en verso. Cómpre dicir por qué.

O presente *corpus* deste poeta bilingüe o primeiro que nos amosa é o número considerable de textos en lingua galega: 52 composicións dun elenco de 77. En galego están algúns dos poemas máis extensos, un especialmente longo, o titulado "O vello do Pico-Sagro", que contén 1598 versos. Poemas hai que pertencen, de cheo, ós preliminares do Rexurdimento: 1840, 1843...

Temas hai, na presente colectánea, que son os esperables nun escritor rexurdimentista: as gabanzas á lingua galega, a "laudatio" de Rosalía de Castro, o panexírico dos compañeiros de viaxe (Xoán Manuel Pintos, sobre todo)... Don Antonio non só cultivou o idioma galego senón que se comprometeu cunhas "normas" para a súa escrita que explicitou, con certo xeito literario, nun longo poema de 1888 titulado "Ortografía gallega". Etimoloxista convicto e confeso, "arremete" contra os "equistas", contra os que escriben Xesús, Xan , Xerome... Por certo, no afán de argumentar "pro domo sua", cita, entre as autoridades, a Camões.

Hai no presente *corpus* páxinas insólitas ou case insólitas na época: a tradución dalgúns poemas casteláns da Idade de Ouro: Esteban Manuel de Villegas, Gutierre de Cetina. (En canto á versión dun poema catalán de Joaquim Rubió i Ors, hai que situala no marco da edición polígota de *Lo gayter del Llobregal*, edición para a que foron invitados varios poetas galegos).

Ofrece esta colectánea páxinas que pertencen de cheo á poesía civil da época. Interesa especialmente o capítulo constituído por catro sonetos publicados en 1890 na *Monteira* de Lugo. Deles, o segundo contén acertos literarios que están por derriba dos poemas máis citados. Titúlase "1889" e fálase nel da "Galicia isqueletada e pobre", da Galicia vítima de Madrid e condenada á emigración e tamén do home galego sumiso "que jamais levantisco se delata". Lembra, forzosamente, sonetos un pouco anteriores de Xoán Manuel Pintos e José López de la Vega.

Este poeta, que deplora a marxinación e submisión de Galicia, conxuga esta actitude con outra non menos sincera, moi ben exposta pola profesora Saurin no seu Limiar:

> Xorde de aí con forza a figura do monarca, sino da identidade nacional, nas composicións á Raíña Isabel e ó Principiño Afonso. Lonxe dunha interpretación superficial que as reduza a

> adulacións ó poder, cómpre máis ben lembrar a idealidade que nos primeiros anos do reinado de Isabel rodeou aquela figura, prenda da paz entre españois despois de cincuenta anos de loitas civís, garantía dun parlamentarismo novo. O poeta recórdalles ós membros da real familia as obrigas herdadas dos seus devanceiros cara ó antigo Reino de Galicia, e os deberes para eles contidos no simbolismo dos seus nomes. Como outros liberais da primeira metade do século, Antonio afianzou sempre nun liberalismo a favor do pobo, idea que só os erros da Restauración fixeron esmorecer.

Está por facer un estudo no que se examinen os presupostos desde os que os poetas do Rexurdimento denunciaron e cuestionaron certas realidades.

* * *

A edición que a profesora Saurin nos ofrece destes 77 textos é a única plausible para lectores eruditos, principal destinatario das Poesías. A editora atense ós rasgos lingüísticos gráficos de cada texto, tal como eles aparecen xa nas páxinas impresas, xa nos inéditos das páxinas manuscritas. Gusten ou non os criterios ou as solucións do poeta, a menor modificación sería, filoloxicamente, grave manipulación. Xa no primeiro poema batemos con estes feitos: jòya, corasón, hirmán, n'aldea, dam'a tua bendision, cravad'o meu corason...

A editora nunca intervén salvo que se trate de evidentes grallas de imprenta. Por esa razón atopamos solucións como esta nos versos 153-160 do poema 5 ("Cambados 1836"):

> ambos a dòus regaland'
> os ollos coma dòus bestas.

O autor opera no final do verso coas palabras coma se estas funcionasen dentro dun verso ("regaland'os ollos"), recurso insólito na poesía galega.

A editora, nun extenso Apéndice, anota unha boa parte dos poemas. Nestas notas interesan especialmente as variantes textuais que nos ofrece, ademais das noticias biográficas e doutra índole que nos permiten facer lecturas máis eruditas de certas composicións. Unha proba máis do rigor e do coidado da profesora Saurin de la Iglesia.

Os estudosos da lingua do Rexurdimento quizais boten de menos un glosario parcial: aquel que recollese as voces e a fraseoloxía daquela inexistentes ou case inexistentes nos textos literarios. Este *corpus* poético ofrece mostras non exentas de interese: resalgario, enguespas, estraloguía, fanchoeira, testos, chichirita, xotas, pastranos, ñáñaras...

Fóra do léxico no sentido estrito, habería que reparar en curiosas solucións fonéticas ("labreixo", por "labrego") e en formas gramaticais como "ñe" por "lle" (polo menos no poema 4).

Por todo o que neste meu limiar queda esbozado, a Galicia erudita ten que acoller con gratitude este novo traballo da profesora María Rosa Saurin de la Iglesia. Por outra parte, hai anos que os estudosos da Ilustración e do Rexurdimento lle deben un recoñecemento afervoado.

Vigo, marzo, 2005

LIMIAR

Se o nome de Antonio de la Iglesia (Santiago, 22.XII.1819 - A Coruña, 26.IV.1892) ten significación algunha para as xeracións máis novas débeo sen dúbida ó seu *Idioma gallego*, que unha reedición moderna devolveu á atención do público[1]. No ano 1886, data de saída do prelo, aquel libro servira para dar unha idea nova do galego –idioma antigo e sempre rexo– cun discurso que integraba o saber histórico e filolóxico nun contexto claramente ideolóxico. Pero, agás desa antoloxía que recolle a vizosa personalidade histórico-lingüística dunha terra esmorecida, hoxe descoñécese todo do autor, home de letras, pedagogo e educador e, no seu incansabel pescudar na cultura do país, antropólogo *avant la lettre* que soubo pór diante da atención pública tódalas formas de vida locais, xa se expresaran na arqueoloxía ou nas cantarelas do pobo. Traer agora á nova luz unha parte da súa vasta obra neste volume de poesía equivale a recobrar a nidia imaxe dun intelectual que non aforrou esforzos en todolos terreos por dar ós galegos concencia da propia dignidade. Bo coñecedor das correntes culturais vivas na Europa de mediados do seculo XIX, a fidelidade ó concepto de poesía que aquelas sostiñan acompañouno decote. Do seu creto e do seu bo criterio os contemporáneos non tiñan dúbida, inda que co paso do tempo el, que fora guieiro dunha longa etapa cultural, ficara logo esquecido. Por iso falar hoxe da súa obra poética non é doado e aínda menos recollela, espallada como está nun milleiro de xornais e revistas perdidas ou descoñecidas, manuscrita outras veces en folliñas miúdas ou anacos de papeis vellos. A maior parte destes manuscritos e destes restos de xornais atópase na Real Academia Galega aínda que outros ficaran no arquivo familiar. Con todos eles e mais con todalas versións que poidemos acadar axeitouse esta edición.

Para traza-lo perfil do escritor, o primeiro que cómpre saber é a súa laboura para dotar a Galicia dunha serie de valores que confirmaran a existencia dunha cultura de seu. No contexto de amortecida autoestima característico do tempo no que viviu, Antonio, coma outros contemporáneos seus, loitou sen acougo pola afirmación e o recoñecemento público dunha personalidade senlleira aínda que esquecida[2]. Nin Galicia gozaba daquela da máis mínima consideración nin a imaxe dos seus habitantes, sistematicamente deformada polos prexuizos, era máis cá dunha caste de primitivos. Demostrar que aquela terra asoballada posuía tamén letras e artes liberais era xa un acerto e aínda máis reivindicar para ela un peculiar espírito creativo, recollido e expresado pola súa comunidade intelectual, digna de tal nome no concerto das Españas. A actividade literaria, sino sobrancei-

[1] Antonio de la IGLESIA, *El idioma gallego*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1977. Marino Dónega chámalle no limiar "home de acción e de pensamento" aínda que non pareza coñecer del máis que esta obra e o *Album de la Caridad*.

[2] Cfr. M. R. SAURIN DE LA IGLESIA, *Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia. Una biografía intelectual*, Instituto Padre Sarmiento-C.S.I.C-Xunta de Galicia, Santiago, 2003.

ro de madureza dunha sociedade, viña a converterse así no instrumento privilexiado do rescate. Favorecela e praticala decote cos rexistros máis variados foi a paixón de Antonio. Pero non foi ela soa a que lle deu sona, aínda que o acompañara toda a vida dende a mocidade deica o pasamento, subliñando tódolos momentos dela. Porque a poesía tiña daquela connotacións descoñecidas ó noso tempo, que reduciu á letura tódalas súas manifestacións esquecendo os demais aspectos sociais dela. E precisamente a estes dedicou moita atención o escritor. Aínda que non deixara declaracións teóricas da súa estética, ningunha falla fan para comprender o azo dun *engagement* ideolóxico sostido decote e reflectido na elección estilística. Tendo moita conta do favor que o seu admirado Sarmiento (precursor daquela atención ó mundo subalterno que Ferrán e Trueba ían traer ó primeiro plano das letras castelás un século despois) mostrara polo "estilo pueril" dos copleiros, Antonio adoptou eses rexistros da vanguarda literaria. Sobre tal ideal de poética sinxela a súa poesía afonda sempre a raigaña nos sentimentos do pobo, unhas veces en ton menor e con delicadas cantarelas, outras coa narración rimada de costumes. Se a esa captación do universo lírico engadimos un retranqueiro humorismo que arrecende a cantiga de escarnio, e máis unha exaltación constante da patria, terémo-las constantes da súa inspiración. Neste reiterado achegamento á imitación popular puidéraselle obxetar pouco pulo creativo. Pero aínda que así fose, e para cinguirnos ó seu ámbito temporal, non sería senón pecado compartido con moitos poetas románticos.

Coma outros escritores do tempo, donos do uso alternativo e absoluto de dúas formas expresivas, Antonio practicou esa fermosa manifestación da convivencia humana que é o bilingüismo. Convencido, como Frai Luis de León, que a excelencia dunha lingua depende soamente da que lle saiban dar os que a usan, el, que devecía por unha literatura galega contemporánea integradora do bilingüismo dos patrios eidos, practicou ámbalas dúas coa mesma fidelidade. O galego sérvelle como instrumento perfecto cando o poeta expresa o que sente a xeneralidade dos mortais cos medios expresivos deles: de aquí a imitación do popular, típica do primeiro Rexurdimento. Pero a fala do pobo é moito máis cá expresión dun mundo subalterno e a súa expresividade axéitase ben ó estilo alto para celebrar e interpretar outros niveis do sentimento. Un bo dominio dos procedementos retóricos engade a participación vívida do artista á indubitábel sabencia do profesor.

Eixo de toda a obra de Antonio foi a convicción de que a cultura é o máis precioso elemento unificador dunha sociedade. Decatouse axiña da urxencia de aumenta-la autoestima dos galegos e sobre ela afoutou dende moi cedo proxectos de cohesión social que puideran botar fonda raigaña na cultura do país. Porque para que os membros da sociedade puideran identificarse cos valores propios e gabarse deles tiñan primeiro que coñecelos e aprecialos; e xa que a cultura se expresa na fala, sino inequivocábel de identidade, para chegar a unha nova definición do que era Galicia compría recupera-la língua, limala, embelecela, amosala ben sazonada para a expresión máis alta e, así afirmada a súa lexitimidade cultural, equiparala ás outras que dispoñían xa dunha literatura. Esa é a ambiciosa

laboura que se propuxo Antonio cos outros literatos do seu tempo, sabendo que soamente unha intelectualidade convencida do propio prestixio podía levala a cabo. En procura dela pasou a vida enteira tinguindo a idea de misión romántica, asimilada na mocidade, dun didactismo dirixido tanto ós cultos coma ós analfabetos, xa que tanto uns coma outros descoñecían o que era realmente Galicia. Para tódolos seus paisanos tivo o escritor mensaxes elocuentes inzadoras da autoestima, como fixera Feixoo nos foscos tempos do *Que doit-on à l'Espagne?* Xurdiu así dos seus escritos, con dous niveis e dúas linguas, todo un programa de educación nacional de enxebre xinea ilustrada e unha imaxe da terra e das súas virtudes empersoada en símbolos de forte impacto público. A nova representación da patria emparella as figuras da tradición -Santiago, María Pita- coas da modernidade intelectual -Emiliña a de Bazán-, cos protagonistas do progreso material -o ferrocarril, a industria- e, como pano de fondo, coa louvanza das glorias da terra e da cultura como salvación. Esta é a inspiración do longo canto *Os homes de Sturias.*

E xa que o poeta, intérprete e arquiveiro da memoria colectiva, non tiña na sociedade do tempo a consideración debida, a urxencia de atopar un recuncho común onde os escritores puideran facerse oír levou a Antonio a favorecer os Xogos Froráis e a fundar a "Galicia. Revista Universal de este Reino", que durante seis anos dou dabondo proba da vitalidade cultural galega[3]. Naquelas páxinas, nadas para inzar as facultades creadoras do país, déronse cita os escritores todos daquel momento auroral das letras galegas demostrando a baril presenza de Galicia nos eidos da cultura española[4]. Mágoa que a raridade dos cinco volumes da revista faga dificultoso consultala e leve a esquecer a impresionante laboura que contén.

De moitos outros xeitos aplicouse Antonio a construír unha cultura galega contemporánea e sobre todo creando símbolos e imaxes que representaran e glorificaran a terra e os seus homes, inzando espectáculos públicos e festas oficiais o populares, Xogos Froráis[5], cantiñas de ruada e burlas d'Antroido. De gran sona foi a súa laboura na Comisión de Monumentos, completada cunha serie de estudos históricos e arqueolóxicos e coa defensa apaixonada dos edificios históricos ameazados pola Desamortización. Contribuíu tamén a botar os alicerces da Sociedade do Folklore, recollendo tradicións, refráns e fórmulas da sabiduría do pobo. Como fixeran os humanistas no Renacemento, que enfoutaban as linguas vulgares e as literaturas delas derivadas, Antonio non aforrou esforzos para recoñecer e ennoblecer culturalmente calquera manifestación da vida do seu pobo.

[3] Ben coñecido é o *Album de la Caridad*, reimpreso modernamente, pero moito menos a "Galicia": cfr. M. R. SAURIN DE LA IGLESIA, *Una epifanía de la patria: "Galicia. Revista Universal de este Reino" (1860-65)*, en "Cuadernos de Estudios Gallegos", 113, 2000, pp. 139-176.

[4] O epistolario amosa ben as relacións de Antonio e mais Francisco cos homes de letras do tempo. Espérase a súa publicación inminente.

[5] Na polémica con "La Voz de Galicia" sobre os Xogos Florales de Tui recoñecía "La Patria Gallega", I, 15.VI.1891, nº 6, p. 4: "... estamos hartos de saber que los Juegos Florales de La Coruña, celebrados en 1862 y costeados por nuestro amigo señor López Corton, fueron los primeros que tuvieron lugar en este siglo en Galicia. [...] sabemos también que se debieron tanto a la generosidad de aquel entusiasta gallego como a la iniciativa y consejo del señor don Antonio de la Iglesia. Ni ahora ni nunca nos dolió decirlo así."

Os vieiros estéticos do tempo levaron a súa poesía polo biés da imitación popular que o Romantismo consagrara como a máis alta laboura do home de cultura: non contaba tanto a orixinalidade individual como o mecanismo de imitación do xenio popular, aquela dinámica da repetición ó infinito que viña enguedellando nos séculos as xeracións unha tras outra. De alí xurdiron os primeiros versos cando, estudante na Corte, andaba xa a recoller composicións populares da terra. Imitándoas segue aquela incitación á naturalidade típica da poética romántica e plasma as súas vivencias cos mesmos materiais expresivos da tradición oral do país. Esa imitación e glosa de cantigas vellas ou novas, de prognósticos, de ideas tradicionais, de sentimentos da xente común ten o predominio sobre a subxectividade, e tingue a expresión do poeta do pobo de espontaneidade -verdadeira ou presunta- triunfando sobre a artificiosidade das preceptivas académicas. Nada máis e nada menos estabelecía a teoría do *Volksgeist*, egrexiamente ilustrada por Brentano e von Arnim, que coidaba descrubir a auténtica alma dunha terra nos seus máis inxenuos elementos. Xa de ben noviño, Antonio respeta con gran coidado o rexistro baixo nas súas máis salientes manifestacións, xa foran panxoliñas de Nadal, cantarelas de ruada ou efusións líricas. Esa liña dos anos mozos seguirá viva aínda nalgunha das derradeiras composicións, como a ringleira de coplas sobre a peregrinaxe do pobriño d'Asís ó burgo da Coruña, que ten o encanto inxenuo do arcaico e encaixa perfectamente na recuperación da relixiosidade franciscana propia daqueles anos[6].

Nese tipo de composicións o poeta, vínculo entre o mundo culto e o mundo popular, engade o seu azo individual á cadea das creacións sucesivas enriquecendo deste xeito a tradición oral. Un exemplo que subliña a aceptación pública desa elaboración é a difusión anónima do *¡Ay Pepiño adiós!*, popularísima aínda hoxe como poucas outras cancións. Ó coidado de ver e sentir co espírito do paisano e de falar coas súas verbas engade o poeta noutras ocasións unha intención didáctica e informativa, herdeira en todo dos principios ilustrados que tan ben practicara Pardo de Andrade. Nesta liña -que tanto pulo tomou nos anos Cincuenta cos pregos soltos do *Seor Pedro*, saídos do prelo de Rey Romero e de Manuel Mirás[7]- inscríbese a actividade de Antonio e mailo irmán Francisco como autores d'*O vello do Pico Sagro*, longo romance de cego que na típica forma dos pregos soltos esplicaba a guerra de África con método e técnica ideais para unha difusión racional entre analfabetos dos patróns da alta cultura. Naquel intre a política de prestixio do Goberno leva a España a intervir militarmente en África e a necesidade do recrutamento impón a divulgación das directrices do Goberno entre o pobo chamado ás armas: así, da man do poeta, vanse desenvolvendo nas sucesivas entregas fei-

[6] Cfr. J. M. JOVER ZAMORA, *Aspectos de la civilización española en la crisis de fin de siglo*, en *Vísperas del 98. Orígenes y antecedentes de la crisis del 98*, J. P. Fusi-A. Niño eds., Biblioteca Nueva, Madrid, 1997, pp. 40-43. Cómpre non esquecer tampouco outros aspectos da composición, xurdida no medio da polémica verbo dos mareantes da Coruña: cfr. *Cuestión Da Guarda. Colección de artículos publicados por "La Voz de Galicia"*, A Coruña, 1885; v. tamén SAURIN DE LA IGLESIA, *Una biografía intelectual...*, cit., cap. 23.

[7] Cfr. a escolma *Interesantes manuscritos y folletos gallegos*, doada por Alfredo de la Iglesia ó P. Gumersindo Placer do Mosteiro de Poio e conservada naquela Biblioteca, Sign. 91/3/8.

tos e ideas que xustificaban a guerra de África e a sobrancería dos españois. Outras ocasións sérvenlle para plasmar manifestacións públicas sobre a construción dunha idea de patria máis grande que a do recuncho galego. Seguindo esta liña, unha nova concepción da festa baseada na historia e na tradición fai saír a poesía do marco convencional do teatro -ámbito dos Xogos Floráis- para levala á rúa e abranguer deste xeito a colectividade enteira. Baixo esta inspiración a antiga feira coruñesa do verán fúndese coa lembranza do ataque inglés de 1589 e dá orixe ás festas de María Pita. A forza persuasiva dos himnos terá neste cadro ritual a finalidade de alicerzar o inconsciente colectivo.

Esta e outras ocasións revelan cómo o encargado polo goberno de implantar a reforma escolar co ensino xeneralizado e gratuíto, o representante oficial da reforma educativa máis ambiciosa do tempo, colaboraba tamén con outros medios na construción dunha imaxe totalizante de nación. Na procura dunha mitoloxía nacional Antonio sostivo en primeira persoa e *ad maiorem gloriam Hispaniae* a propaganda a favor do ferrocarril, que podería ceibar a Galicia do seu atraso. A aprender a estima da patria, -xa fora a *grande* ou a *íntima*, como prefería el chamar a Galicia- dedicou os seus mellores esforzos, convencido de que integrala no progreso e na modernidade non sería posíbel sen dotala antes de sentimentos de orgullo colectivo. A proba atópase nos varios rexistros da súa poesía, inseparábel sempre da loanza á cultura e ó heroísmo patriótico.

Xorde de aí con forza a figura do monarca, sino da identidade nacional, nas composicións a Raíña Isabel e o Principiño Afonso. Lonxe dunha interpretación superficial que as reduza a adulacións ó poder, cómpre máis ben lembrar a idealidade que nos primeiros anos do reinado de Isabel rodeou aquela figura, prenda da paz entre españois despois de cincuenta anos de loitas civís, garantía dun parlamentarismo novo. O poeta recórdalles ós membros da real familia as obrigas herdadas dos seus devanceiros cara ó antigo Reino de Galicia, e os deberes para eles contidos no simbolismo dos seus nomes. Como outros liberais da primeira metade do século, Antonio afianzou sempre nun liberalismo a favor do pobo, idea que só os erros da Restauración fixeron esmorecer. Non son polo tanto estes versos de pura circunstancia xa que naquel intre a monarquía, símbolo aínda das esperanzas colectivas, parecía o mellor instrumento para asociar o pobo ás glorias nacionais e recobrar así o prestixio do pasado. O poeta identifícao -negando os agoiros de decadencia hispánica- na nova Idade da técnica, naquel progreso material que o ferrocarril e o telégrafo inzaran en Galicia os primeiros e que non sería posíbel rematar sen xuntar os esforzos de todos.

A loanza do espírito asociativo, reflexo do democratismo pequeno-burgués que absorbera nos anos da mocidade[8], inspira composicións aínda dos últimos anos, que afoutan á unión dos fillos de Galicia por encima das diverxencias.

[8] J. J. TRÍAS-A. ELORZA, *Federalismo y reforma social (1840-1870)*, Seminarios y Ediciones, Madrid, 1975, pp. 244-330.

Et pour cause: no seo da cultura galega, que el entendera sempre como istrumento de agregación, estábase operando un dos peores xeitos de división e as xenreiras antre intelectuais ameazaban calquera cohesión. Moitas coitas tivo por esa causa o escritor pouco antes que a morte lle impedira asistir á escisión definitiva dos homes de cultura nunha politización intransixente. Neste sentido ten moito interese o soneto a Rosalía do 1891, dorida confesión íntima reveladora da exclusión que decretaran para el os novos intelectuais. Porque o demócrata convencido que non pechara xamais os ollos fronte ós erros do goberno, rexo na súa idea do rol construtivo do galeguismo e no seu sentido da españolidade, resultaba xa incompatíbel coa corrente que estaba a triunfar con Murguía e os seus secuaces. A solución dos problemas da terra víaa el no reformismo social, non nos mitos raciais de rexeneración. Aínda que se decatara ben, naqueles anos da Restauración que viron nacer os partidos de masa, da necesidade perentoria de simplificar ideas *fortes* -non era outra cousa a exaltación da diversidade nin o desprezo da institución parlamentaria-, quen tanto fixera por esperta-la conciencia cívica dos seus paisanos, quen seguía a considerar Galicia como "o mellor frorón d'España" e insepará-bel dela[9], rexeitou decidido calquera forma de agrupación local que non levase á solidariedade co resto das Españas.

Gran riqueza formal atópase nas súas composicións. A prolixidade narrativa do romance -que Rivas e Zorrilla elevaran a enorme prestixio- sérvelle para desenvolver, seguindo o vello recurso retórico da *repetitio*, variándoas ó infinito cunha antiga fórmula mnemónica, *laudes* de Galicia, feitos históricos e glorias literarias esquecidas, todo exposto na máis cotiá das falas. Pero tamén para relatar con moita retranca episodios da historia actual, cacicadas e falcatruadas que ningunha crónica adoita conservar. Aínda máis: na polémica miúda o romance en galego é medio discursivo favorito para zoscarlles rexamente ós adversarios cunha expresividade fonda, cun enxebrismo que lembra as fórmulas máis antigas do escarnio e do maldicir.

Hai un balume de composicións nas que o realismo da ispiración, a ironía e as burlas *d'albardán* arrecenden a rexoibas de rueiro, e nas que a observación costumista bota unha ollada humorística sobre as trapalladas dos poderosos. Este rexistro caracterizaba xa uns versiños casteláns de 1850 asinados co pseudónimo *El Brigantino* e publicados no xornal "El Coruñés". A mesma liña vai seguir en "El Criticón. Periódico dominguero, lenguaraz y novelero", todo escrito en verso castelán, no que a retranca de Antonio e máis de Domingo Díaz de Robles gorentaba ós lectores[10]. Nesta edición fíxose unha pequena escolma dos borradores de atribución certa por iren correxidos da súa man nos exemplares do periódico que o poeta conservara xunto con algúns números raros del. "El Criticón", que *castigat*

[9] Hai na RAG algún ms. poético de polémica con Murguía, ora reproducido na *Biografía intelectual*, cit..., pp. 131-132.

[10] Cfr. M. SOTO Y FREIRE, *La imprenta en Galicia*, ed. de X. R. Barreiro Fernández, Círculo de las Artes, Lugo, 1982, pp. 52-53. En RAG hai exemplares do xornal, que foron de Antonio.

ridendo mores, ten xogo doado para facer rir comentando anécdotas locais como as novidades urbanísticas da primeira cidade galega. Pero esas instantáneas polas que reloucaba o público aproveitan tamén a ocasión para facer ver que non todo era riseiro na realidade daquel intre de medoñento desarranxo económico, e para comprendelo abondaban as troupeladas de famentos espalladas polo país enteiro. Explícanse ben neste contexto as esperanzas que espertaran os cambios políticos de 1854. Como outros intelectuais de Santiago[11], Antonio, que se formara nos anos máis prometedores do liberalismo, cría nunha acción política que dera dignidade ós habitantes da Galicia, no respecto recíproco e na unión dos intereses comúns. Por iso a súa poesía, cando celebra o espírito de asociación, aspira a un rol divulgativo no proceso de politización da preguizosa sociedade galega e suxire o protagonismo cívico que correspondía xa á cidade máis dinámica do Antigo Reino. Por iso tamén a loanza da Milicia Nacional da Coruña, que terma da orde e garante o cambio progresista, é moito máis que un acto de fe simbólico no pobo armado ou no mito da revolución popular, e apunta para entendermos o novo guieiro laico das forzas do traballo urbano: a burguesía coruñesa.

A inspiración de Antonio abrangue tamén outros campos do rexistro alto, sen excluír a lírica, con lembranzas dos clásicos, como o predilecto Frai Luis de León. Baixo esta inspiración débense ler a *Profecía do Eume* e a *Despedida del Lérez*, os ríos simbólicos da patria, segundo o afortunado *cliché* que os románticos alemáns aplicaran ó Rhin. Nestes dous casos o fuxir das augas propicia a evocación lírica intensificada coa enumeración reiterada dos elementos da vizosa paisaxe. Tamén a percepción do fluír do tempo vén cargada de saudosa emoción na que o *eu* lírico remata por se esluír. Non marran tampouco poemas e himnos de ritmo solemne nos que revive aquel canon épico que dende o Século d'Ouro deica Quintana servira para magnifica-los destinos gloriosos de España. E ben preto estaba o exemplo dos *Cantos a la guerra y a la paz* ou da *Herculana* de Pardo de Andrade, que Antonio posuía: deses modelos xorden odas a María Pita, a Santiago, ás empresas guerreiras dos fillos da terra nas que rexurdía o espírito do bo tempo antigo. Nestas composicións predominan a estrutura tradicional e formas de gran prestixio que dan variedade á produción do poeta e non se limitan ó castelán, como proba a loanza de Calderón co gallo do seu centeario. Ás avesas, o poeta torna á súa arte de contar en verso menor cando quere glorificar a imaxe contemporánea da patria, encarnada na persoa de Emiliña a de Bazán (nome, por certo, que, só con citalo, facía arrepiar a non poucos benpensantes). Con boa flexibilidade, traduce ademais os clásicos renacentistas casteláns e a Rubió y Ors, patrucio das letras catalás que o escollera a él e mais ó irmán Francisco para a versión galega dalgunhas das súas poesías na edición políglota. Outros rexistros son os das cantarelas de salón, dun gusto sentimental moi en consonancia cos *Lieder* da moda e co costume burgués.

[11] Sobre a actuación nesta liña do catedrático de Santiago Planellas Giralt v. M. R. SAURIN DE LA IGLESIA, *Hambre y revueltas populares (1836-1856)*, en *Del despotismo ilustrado al liberalismo triunfante. Estudios de historia de Galicia*, O Castro, Sada-A Coruña, 1993, pp. 223-227.

E cómpre saber que, segundo testemuño familiar, Antonio, igual que os outros dous irmáns, musicaba adoito na guitarra as súas propias composicións[12]. As evidentes relacións entre esta poesía e as máis vivas formas cantadas ou bailábeis, as repetidas citas de virtuosos da gaita remiten -inda que sexa no ton menor das circunstancias do país- a aquel gusto pola tradición musical rural que estaba a desembocar nas grandes creacións do nacionalismo musical. Galicia, marrándolle o seu Smetana, manifestou o espírito do tempo nas asociacións corais[13].

Cando o galego estaba aínda moi lonxe de calquera normalización léxica, morfolóxica ou gráfica, cando a tradición escrita comezaba apenas a ser recollida e xurdían os primeiros dicionarios, o interese do poeta pola creación dun galego literario concrétase no uso dun léxico vizoso que recolle tódolos modismos da fala cotiá. Como o amigo Pintos, Antonio ve nela un tesouro que non se debía deixar perder, e na procura desta salvación pasa a vida. Seguindo unha vez máis a lección de Sarmiento, dá forma escrita á tradición oral recollendo e rexistrando para a posteridade unha xeira de contos e apólogos, prognósticos e ditos vellos, refráns, cantos de arrolo, adiviños, e xunto con eles un feixe de verbas e locucións, todas do máis grande interese e non sempre recollidas nos dicionarios actuais. Os seus versos arrecenden á expresión falada do pobo, inmortalizada co mesmo xeito que seguiran os clásicos casteláns no Renacemento. Á fala asimilada no Santiago natío engadiu variantes lingüísticas escoitadas de viva voz no seu viaxar pola terra. E ben claro está no seu xeito de aborda-la tarefa que nada hai nela de gusto arqueolóxico senón máis ben a sensibilidade de quen participa *toto corde* na vida real do pobo. Porque dar nova vida á poesía -que é o celme do mundo- non era senón o primeiro sino dun rexurdimento cultural que pregoaba o fin da Galicia asoballada. Para mantelo vivo velaquí os Xogos Florais, símbolo daquel progreso literario que honraba a Galicia ó mesmo tempo que enriquecía o resto das Españas.

O escritor non recolleu xamais as súas poesías aínda que as gardara coidosamente. Case todas, inda as publicadas en vida nas revistas literarias do tempo, ficaron deica hoxe descoñecidas. Para a edición presente tívose conta tanto dos seus papeis manuscritos e impresos doados á Real Academia Galega pola sobriña Eladia de la Iglesia como dos existentes no arquivo da familia Saurín de la Iglesia. As composicións van ordenadas con criterio cronolóxico na medida do posibel e confrontadas cos orixináis, indicando con siglas a procedencia. Non poucas das poesías inéditas son borradores feitos sen deterse, imperfectos e sen dúbida considerados de pouco mérito polo autor. O atrevemento de levalos agora ó prelo xustifícase só pola conveniencia de traer á luz aquela liña poética, tan importante no seu momento. Das moitas composicións escritas para "El Criticón" e conservadas na C 151/18 recóllense aquí somaente dúas, referidas á miúda polémica cotiá da Coruña de 1855 e polo mesmo pouco comprensíbel para o lector actual. O mesmo

[12] Carta de Eladia de la Iglesia a Fr. Gumersindo Placer, A Coruña, 16.IX.1933: A. S. de la I.

[13] Cfr. A. REY MAJADO, *A Coruña y la música. El primer Orfeón coruñés (1878-1882)*, Ayuntamiento de La Coruña, 2000.

problema presentan outros manuscritos, como os paliques co "Porvenir" de Santiago da C 102/48 e co "Diario" da Coruña existentes no A. S. de la I.: nestes dous casos o sentido das alusións que daquela gorentaban o público escápanos, perdendo para nós o seu atractivo inda que poidan inspirar investigacións ulteriores. Rexéitaronse tamén moitos outros fragmentos que non é doado contextualizar.

En tódolos textos en galego se conserva a grafía orixinal cos criterios prosódicos e ortográficos -moitas veces contraditorios- que o poeta non chegou a sistematizar definitivamente aínda que os sostivera moitas veces con notas aclaratorias recollidas no noso Apéndice. O primeiro sino do seu intento de codificación témolo xa detallado en *Cambados*. Logo, en *Aniña do Temple* o acento grave ou agudo indica vogal aberta ou non. E convén notar que xa esa mesma incertidume gráfica é interesante testemuño dun estadio da lingua no que o poeta tratou de influír con criterios persoais, remachados en adiante con adicións e variacións. O romance *Ortografía gallega* é ben expresivo da teima con que sostivo as súas ideas ortográficas[14]. Doutra parte, as protestas do irmán Francisco, que, encargado da redacción da "Galicia" loitaba cos tipógrafos para facerlles respectar tanta novidade, explican que o severo criterio etimolóxico sostido por Antonio levase tódalas de perder verbo do máis sinxelo do fonetismo. Polo demais, sábese ben canto contribúe a normalizar unha lingua a práctica da impresión: só que na Galicia daqueles anos imprentábase ben pouco en galego.

Respéctanse asemade a puntuación -que é ben pouca nos borradores- e aquelas concesións ó uso fonético nas que cae decote o poeta así como as oscilacións gráficas que é adoito pór (j-g, x-s) pero modernízase o uso indistinto de b-v. Rexéitanse erros ou *lapsus* evidentes, moitas veces xa notados e corrixidos con pluma polo autor nos impresos. A à de influxo francés rexéitase sempre tanto en galego como en castelán. Tódalas notas numeradas ó pé da páxina son do autor. A signatura, cando a levan as composicións, consérvase como proba das varias fases de galeguización do nome.

Á Real Academia Galega que patrocinou xenerosamente a edición, vaia o sincero recoñecemento por tiraren estes versos do esquecemento que os tiña sepultados. Máis alá do valor estético que se lles queira atribuír revive con eles un elo perdido na cadea da tradición literaria galega que, lonxe de seren documento inerte do pasado, testemuñan a laboura pola construción dunha patria nova, nada do compromiso cívico e da dedicación intelectual, na gloria de Galicia como gloria de España.

M.R.S. de la I.

[14] Cfr. a polémica orixinada polo romance *Ortografía gallega*, en "Galicia Humorística", I, 1888, nº 1 e 2.

POESÍAS

1

ROSIÑA
VILLANCICO *

Eu non podo, miña jòya
Apartarme d'os teus ollos ...
Non che digo a Dios, meu ben,
Que se cho digo me morro.

Non chores meu querediño
que me rouban os teus choros
a mitá da miña alma,
e mais o corasón todo.

Cala, meu filliño, cala
q'eu t'arrolarei no colo,
e vouche a dar un lilán
e moitos cochuchos d'ouro.

A gaita è contento,
Co seu doce son,
Do val e da vila
Na festa millor.
Tou perrou tou tiña
Tou perrou tou too.

Donde non hay gaita
A gracia è ben mol
Nin se as pernas moven
Nin o corazón.
Tou perrou tou tiña
Tou perrou tou too.

A Dios non anoxa
A gaitiña non:
Xesús o ser nado
Xa lle ben gustou.
Tou perrou tou tiña
Tou perrou tou too.

Vámonos pra Cambre
Que os santos d'acò
Pouco afoutos andan
Nesta percisión.
Tou perrou tou tiña
Tou perrou tou too.

Percisión de Corpos
Sin tou perrou tou
E sin sol o sábado
E romeu sin frol.
Tou perrou tou tiña
Tou perrou tou too.

Esto dixo Aniña
E a correr botou
C'as suas amiga
Deixando o Cantón.
Tou perrou tou tiña
Tou perrou tou too.

17

HIMNO A LA ENTRADA DE S. M. LA REINA DOÑA ISABEL 2ª Y DE SU AUGUSTA REAL FAMILIA EN LA CIUDAD DE SANTIAGO, CANTADO POR UN CORO DE NIÑOS EN EL ACTO DE PASAR LA REGIA COMITIVA POR EL ARCO DE TRIUNFO LEVANTADO EN LA GRAN PLAZA DEL HOSPITAL *

Coro

Salve, oh Reina, de España delicia,
Tierna Madre del Pueblo español
Salve, oh Reina Isabel, de Galicia,
De Santiago el espléndido sol.

I

Como sol por las flores del valle,
Esparciendo tus claros fulgores
Vida nueva recobran las flores
Que la noche de sombras heló:
Isabel, a tu vista de encantos
De Galicia prosigue la historia,
Escribiendo altos hechos de gloria
Que a dos mundos heroica asombró.

II

Reina hermosa, que vea tu pueblo
Esa estrella del alba temprana,
Ese Alfonso, que al trono mañana
Subirá con tu regio esplendor:
Grande nombre buscóle tu aliento,
Grandes hechos inspiran los nombres,
Nuestro Alfonso será entre los hombres
El monarca más sabio y mejor.

* Santiago, Imp. de Jacobo Souto e Hijo, 1858: Biblioteca do Mosteiro de Poio, R. S. C. 72/42. Recólleo, xunto coas outras composicións do evento, Juan de Dios de la RADA Y DELGADO, *Viaje de S.S. M.M. y A.A. por Castilla, León, Asturias y Galicia verificado en el verano de 1858*, Aguado, Madrid, 1860, p. 684. Hai borrador en C 101/8.

III

Isabel, si en el resto del mundo
Algún día surgieren los males,
En Galicia no hay más que leales:
A Galicia venid vos y él:
Este Reino, que al Séptimo Alfonso
Dio conquistas y, altivo, el imperio
Contra todo el antiguo hemisferio,
Aquí guarda a los dos un dosel.

Coro

Salve, oh Reina, de España delicia,
Tierna Madre del Pueblo español
Salve, oh Reina Isabel, de Galicia,
De Santiago el espléndido sol.

18

A REINA NA ATOCHA *

Virxe d'Atocha querida
rosa de Mayo galana
estreliña do luceiro
q'aparece na alborada.

Miña Virxe pequeniña
fagudiña mariñana
na tua ermida da Cruña,
en San Tomás adorada.

Miña Virxe moreniña
dos moitos soles que apañas
no penal de Montealto
sin a sombra d'unha fraga.

Miña Virxiña amantiña,
miña Virxiña tisgada
dos ares q'o monte chegan
do fèro mar de Cantabria.

Prò por eso, inda morena
os teus ollos tèn mais gracia:
tèl a cariña que tiñas
cando ibas desterrada.

Cando de Belen saíche
cando a Exito camiñabas
cando ibas pol os ermos
os ermos da ardente Arabia.

Cand'os pecadiños nosos
vos levano por escrava
antr'os ídalos exicios
meu ben, ós tarréos d'Africa.

Meu amor, meu encantiño,
¡nin unh'arbre! ó sol escalda
que finca do ceo no cruto
e fai das aréas ascoas.

Non pasa bafo d'airiño
q'o teu suor refrescara:
para mollal os beiciños
n'atopabas chisca d'auga.

* 'Coruña imp. y lit. de J. Rey Romero. É propiedade de Nosa Siñora d'Atocha.' Prego solto, con escudo real: A. S. de la I.

Cand'o teu neno ca sede,
meu amantiño, esligaba
e os soldados d'Harodes
tras d'el iban cas espadas.

¡Ay! ¡cómo, à tua mamiña,
ti, Virxiña, agarimabas
o añiño do pequeno
que no dediño chuchaba!

E non tiñas, miña xoya,
do teu leitiño unha rafa
para darlle, por q'ó medo
barreucho, Virxe da alma.

Sécal as tuas fontiñas
enxoitas coma unha acha
só nas tuas fazuliñas
pendían dos ollos bágoas.

Labiños pretos, amor,
pernunciar unha palabra
non podías, nin laído
esbafar da triste alma.

Q'un sospiriño tredor
ós xodios que pasaban
descrobirvos podería
e ó degolo vos lováran.

¡Ay! deixémolo, Virxiña,
non tragamos recordanza
de tan aminguados dias
da tua vidiña escrava.

Falemos cousas d'agora
das cousas da nosa Spaña
da Cruñiña donde tès
a cativiña pousada.

Pro, anq'homild'e pequena
e probiña tèl a casa
ès vesitada dos Reises
dos bos Reises da España.

Isabel a fanchoeira,
a rumbosa, a campechana
a ti ven, miña siñora,
co aquela graciosa cara.

Q'outra Virxiña d'Atocha
non a tèn a nosa pátria
senon Madril e disq'unha
que se adora nas montañas.

Na vila deixóu igrexas
de moita riqueza e gala;
pro a Reina s'ama os nobres
tamen os homildes ama.

Acó estivo, miña almiña,
Virxe, ó pe da tua andra
aquí mesmo oíu a misa
no día da sua marcha.

Foy domingo, foy un día
de prepètua relembranza
dia doce do setembro
do cincuenta e oito data.

Ano santo foy aquel
de fartura e sorte tanta
que a Galicia delorida
outro coma el no hacha.

Non se sentóu no seu trono:
de peíño e arrodillada
tod'a misa estivo a Reina
e o Rey que a acompaña.

En acabándos'a misa
rogóu os q'alí estaban
pedisen por ela á Virxe:
a Virxiña ha d'amparala.

Esta ermida nas penedas
por un pelengrín fundada
cos anácos da outra vella
q'inda nas paredes andan,

N'outros tempos foy ben rica
c'as ofrendas da outra banda
e da Mariña e dos coutos
da terriña galiciana.

D'aquela ¡q'halaxes tiña!
de pelrras, d'ouriño e prata
e gandos, e leiras moitas
e de valor catro lámparas.

E os cangos da capela
d'esta Virxiña, termaban
pendentes lanchas e bòtes
e navíos e fargatas.

Barcos que vían a ermida
non s'iban sin saudala
que por ela os seus cañós
nesta ribeira tronaban.

A reos ó pè da forca
libertóunos esta casa
hoxe homilde; pro a Reina
homildades arrealza.

Q'un tempro ha d'erguerse aquí
garrido mo day a alma
e terá da porta enriba
croa da Reina cas armas.

Así, a Virxe d'Atocha,
¡oh Sabela! Reina amada,
ceará na tua vida
o decaimento da Spaña.

Antón da Igrexa

19

MUIÑEIRA DA DESPEDIDA *

-Adios miña nay querida
q'ahi vén a marea forte
calá q'unha despedida
non é a morte, non é a morte.-

-Pepiño ¡ay! a morte éa
ben craro cho di o meu pranto
non vólvote a ver na aldea
do meu lar sentadiño no canto.

Meu Pepiño, adios, meu Pepiño, adios
meu filliño, Pepiño, non vayas ...
¡que fussir de nos! ¡que fussir de nos!
a morrer de tan lonsse nas prayas.-

-Decote sin servos boe?
¿que fago acó nesta terra?
¡que adianta ña madre, acoe
nin val nin serra, nin val nin serra?-

-Meu fillo, se nestes anos
pansiño non hay nas medas
¡Dios é pay! milliño danos:
¿meu filliño, por qué non te quedas?

Meu Pepiño, adios, etc.

-Bén sinto botarme ó mare
q'o mar, naiña, me torna
ben sinto eu vos deissare
pro agard'a dorna ¡que agard'a dorna!-

-A casa de tua naye
¡ay! deissas, meu amoriño,
tamen a deissou teu paye
e d'aló non virón o probiño.-

Meu Pepiño, adios, etc.

-S'está de Dios q'eu finare
tamen aquí finaría
s'está q'ha de nos ssuntare
será algun día, será algun dia ...-

-No séo nos ssuntará
s'en grasia Dios nos collére
¡adios! hastr'a eternidá
meu filliño, q'eu vouch'a morrere.-

* A primeira versión, coa data 1858 é a do AC, pp. 387-389; nela consérvanse *g* e *j*. Reprodúcese aquí a de GRUR, II, 1º.VI.1861, nº17, p. 270, que leva unha nota ms. do A.: v. Apéndice 19.

Meu Pepiño, adios, etc.

-Por Dios miña nay, por Diose
que loito levo d'abondo
valera máis que me fose
do mar ó fondo, do mar ó fondo.-

-Pequecho ¡ay! coma un gran
cativo quedache tie
con bágoas reguei o chan
hastra porte mosiño eu asíe.-

Meu Pepiño, adios, etc.

-San Campio, a Virsse do Monte,
sin mal, nin irto nin sonso
verélos traguerme á Ponte
Pontenafonso, Pontenafonso-.

-¿Qué vay ser de min horfiña
soliña nestes lugares
sin fillo nesta mariña
¡ay! ollando decote pr'ós mares?-

Meu Pepiño, adios, etc.

-Calá, miña nay, calá,
que axiña verés que vólto
traguendo pra vos de alá
ouriño envolto, ouriño envolto.-

-Pepiño q'é ouro a vida
e vala ti aló perder
que vay nese mar vendida:
non che tardo un aniño en morrer.-

Meu Pepiño, adios, etc.

-Adios miña nay amada
adios meu amor nasente
adios terriña adourada
de San Ourente, de San Ourente.

-¡Pepiño nestas carqueissas
filliño, queda o teu bén!
¡ssa o barco fósse e me deissas ...!
¡morte, vide, acabáme tamen!

Meu Pepiño, adios, meu Pepiño, adios
¡meu filliño, Pepiño, non vayas ...
¡que fussir de nos! ¡que fussir de nos!
a morrer de tan lonsse nas prayas.-

Anton da Igrexa, 1858

20

O TELEFRO QUE POR MANDATO DO SR. D. JUAN FRORES TROUXO A NOVA DO FERRO-CARRIL GALLEGO *

Tiñámolo telefro polo diaño
Que sólo máas novas a esta terra
Nos podía traguer: fames e guerra,
Pestes e todo mal ruin e estraño.
Pro cando vin que polo fio d'estaño
A nova que guindou pormeiro a serra
Foi o ferro-carril con que se cerra
O tempo que de juncras era amaño;
Digo que ja è un anjo o telefriño
E que se fala así como escomenza,
A esa gran invencion ja non lle temo.
Digo máis: traguerá cartos e viño,
Pan e cocho tamen a toda tenza,
E que si o demo o fixo, era un bo demo.

Coruña, 30 de marzo, 1858

* O ms. en C 97/27 é igual ó texto do AC, p. 343.

21

A GALICIA
POR LA UNIÓN DE SUS HIJOS PARA LA CONCESIÓN DE SU FERROCARRIL, DEBIDO TODO A LOS ESFUERZOS DEL DIGNÍSIMO DIPUTADO GALLEGO SR. D. JUAN FLÓREZ *

Galicia, alza tu frente hermosa y pura
De entre las hojas del vergel ameno
No escondas más el pudoroso seno
Que ocultas con tu llanto en la espesura.

La Discordia triunfaba en su negrura
Que tiene al mundo de maldades lleno
Y dispersos tus hijos, y el terreno
Sembrado de dolor y amargura.

Mas un astro ascendió al horizonte
Que atrajo los tus hijos a su esfera
Y luce para ti feliz Aurora.

Míralo, es Flórez: al Cebrero monte
Amarró la Discordia negra y fiera
Y ya no es sierva Galicia que es señora.

[1858]

* C 97/27: borrador e mais copia en limpo.

22

A LA CORUÑA
POR EL GRANDE AMOR QUE LE PROFESA EL EFICACÍSIMO DIPUTADO EL SR. FLÓREZ DE ETERNA Y GRATA MEMORIA PARA ESTA CIUDAD *

Duerme ¡oh Coruña! Por el mar mecida
Duerme al rumor del vagaroso viento
Tus muelles y tus plazas, tu sustento,
Tu luz no alteren la indolente vida.

¿Para qué pelear enardecida,
La política audaz ni el sabio intento
Discurrir en profundo pensamiento
De elevarte, oh Coruña esclarecida?

Ya reina de la mar del Occidente
Duerme en tu solio al incesante arrullo
De las ondas sonoras del Oceáno.

Duerme y sueña feliz a su murmullo,
Duerme, que vela, y basta, el refulgente
Espíritu de Flórez soberano.

[1858]

* C 97/27.

23

ANO BON *

Nun alpendre está o meniño
fitando co seu olliño
dando enxempro d'obediencia
ós podentes de mais cencia.

¿E él, miña xoya tiña
por qué por á navalliña
a sua pel dilicada
de caravel perfumada?

Non tiña, non, meu amore
q'él é Dios Noso Señore
e às andalias dos seus pes
non chega a ley de Moisés.

Pro fixo, o meu amantiño
pra lle, as almas, o camiño
insinar do ceo sin comba
esa de Dios mansa pomba.

Branco añiño, meu diamante
ca sua lan espellante
alba de doce sediña
do ement'encrechadiña.

Cortas ca tua lición
as cordas do corazón
degaxado nese lume
de tan grande mansedume.

¡O rey dos reis nun pendello
tinto en sangue seu vermello!
¡bágoas rolandolle a eito
d'as fazuliñas ó peito!

Somente por que vexamos
os que neste mundo andamos
que se a ley compriu un Dios
¿n'hemos de comprila nos?

¡Ay! ¡qué ano bon, meu encanto,
sin laceiras e sin pranto
s'o mundo de ti deprende
e manca o vérme que o fénde!

Este vérme, meu ruliño,
é un vérme toqueniño
pro é un vérme carpinteiro
fillo do trasno promeiro.

* *Ano Bon*/ por/ Antón de Igrexa, Coruña, Imprenta a cargo de C. Miguez, 1859: A. S. de la I.

Métes'o tal nas cachólas
dos homes e non hay pólas
q'os termen, d'allel'o teo
e bourar queren no céo.

Mandar todos e ninguén
obedencia prestar ben
senon á forza, é protervia
é o vérme da soberbia.

Por mor del, neniño, o mundo
and'así de fundo en fundo
sin topar tranquilidade
por non haber homildade.

Queren os fillos ser mais
e mandar nos mesmos pais,
e inda criados achamos
que queren mandar nos amos.

Loitan veciños de valde
por repoñerse ó alcalde
e un alcalde da unha ley
esbandallando as do rey.

Q'o tal vérme é moito vérme
xa n'hay quen das naciós terme
todo anda revirado:
ruan tiopas no tellado.

¡Como caiu nas caldeiras
dos profundos, as carreiras
Luzbel soberbio! ... ¡e por iso
perdémolo paraíso!

Ay humildade ti danos
meu Dios, que nuns probes panos
embrullado estás e afellas
vestirte podes d'estrellas.

Do ceo ó chan anxeliños
con suaves cantariños
trouxeron a paz á terra
ó ti nacer, non a guerra.

Se dend'a cristiana aurora
posibel a paz non fora
na nunciaran os criados
meu pichon, por ti mandados.

No mund'houbera de certo
acougamento e concerto
só con haber obedencia
como ti tes na nacencia.

¿N'è verdá, Manoeliño?
díο ti meu pequeniño
q'hay algún q'inda non cre
no misterio q'hoxe ve.

Trágueo ti a bo carreiro
danos, vidiña, ano bon
morra o vérme carpinteiro
viva a tua bendición.

MUIÑEIRA

Neno, dádea, Neno, dádea
meu amor, esa gran bendición.
Neno, dádea, ¡ay! botádea
que sin ela non hay ano bon.

I

Pouco valen enguespas entonces
se benditos de ti somos xa
nosos peitos serán como bronces
no nos fire, a ningún, perdamá.

II

Usureiro que suga no trigo,
usureiro que acaba co pan
maas novas viránlle contigo
se bendícelo sayo de lan.

III

Se bendicelas leiras e hortas
meu ruliño de doce cantar,
nen veremos detrás xa das portas
con mil xuncral os diaños estar.

IV

¿Qué será dos que sempre e decote
levantados, nos cumes están
sin server para tea picote
s'o meniño se fay tecelán?

V

Todo vay a ser paz e fartura
s'o meniño nos da seu amor
nin meigallo, nin trasno, a rancura
botará, ni unha chisca de dor.

VI

Pro se todo se quer q'aproveite
é mester que nos séamos bos
pouco serve nadar acó en leite
se dempois fan de nol os rexós.

VII

Que por certo se n'erra a mamoria
é millor neste mundo sofrir
que runfar coma algús e á groria
non poder maldizuados sobir.

Neno, dádea, Neno, dádea
meu amor, esa gran bendición.
Neno, dádea, ¡ay! botádea
que sin ela non hay ano bon.

D'ano bon a muiñeira
lla dedica o autor
a Pepiño Carreira,
o múseco millor
q'oíu ningunha feira.

Eu oínte tocar
e sin tin non m'afago
Pepiño de Baltar
na feira de Santiago
na lameda ó luar.

Dono dos ais meus
¡qué zanfoniña a tua!
¡ou qué dédolos teus!
para groria da Arzúa
gárdech'os dedos Deus.

24

MUIÑEIRA DO NENO PERDIDO *

Vinde, vinde, vinde, vinde
Vinde, vinde, nosas queridiñas,
Vinde, vinde, vinde, vinde,
Veredes un neno as mil maravillas.

¡Ay que garrido! ¡qué lindo que é!
¡Qué pelo! ¡qué ollos ¡qué dentes! ¡qué maus!
¡Qué pes e qué pernas! ¡qué musliños feitos!
Tal non se veu nunca no noso lugar.

El vense a nosoutras tembrando de frío
Mortiño de fame pidíndonos pan
E mentres comía quedouse dormido
E dándonos bicos pra nos agraciar.

E mentres dormía cacheámoll'o peto
E non podiámos tal peto esfechar
Que estaba fechado con fechos de ouro
Con sete chabiñas do mesmo metal.

Abriu el os ollos, e medio sorrindo
Nos dixo: filliñas, calade, calá;
A mal non vos lev'o que agora fixéchedes
Eu satisfareivos a curiosidá.

E non me xosquedes que so tamen neno
Que xa so tan vello como è o meu Pay
Mais vello so ainda que è miña Aboa
Pro non so tan vello com'è miña Nay.

So gordo, so fraco, so alto, so baixo
So grand'e pequeno, so prob'e podroso
So nobr'e prebeyo, so Rey e vasallo
So branco, so negro, so feo, so hermoso.

¡Ay nosa xoiña! dixémoll'entonces
¡Ay noso ben, todo, e o noso reposo!
Polo que dixestes sabemos agora
Que noso Dios sodes queridiño Esposo.

Ven, ven queridiño e Esposo da yalma
Ven, ven queridiño ven xa con nosoutras,
Que as nosas hirmaas perdido vos vendo
Soltaron o moco tristiñas chorosas.

Bulide rapazas axiña bulide
Que ven noso Sposo pra nos alegrar
Temprade esas gaitas, pandeiros, soñosas
Cantemos, bailemos con él e a par.

Mais tende coidado que coa festiña
Vos rompa, ou revente, ou afroxe o fol
Que s'o fol afroxa, ou reventa ou vos rompe
Farávos moy logo: po po po poo poo.

* C 98/27.

25

RIBEIRANA *
A DOUS MÚSICOS, NA SUA LINDÍSIMA ALBORADA

Á beiriña do mar, á beiriña do mar
Vide acó, chegá logo, meu bén,
D'ese leito saltar, d'ese leito saltar
Que d'un anjo alborada acó vén.

¡Qué soídos brandiños! Estèndense
Doces, doces cal doce o serán
Y os paxáros que amantes entèndense
Na fresquiña da leda miñan.

Paroleiras fontiñas ouvíndose
Regueiriños que baixan ò val
Antre ríos e mares decíndose
¡Santos días! no fondo juncal.

¡Como chian as augas botándose
A roliños no monte de frol
Rebuldando nos crouchos, guindándose
Baixo as arbres que buscan o sol!

As herbiñas e follas movéndose
Nas medranzas que a noite lle deu
Co luceiro, antre os píos senténdose
D'as labercas que se erguen ò ceu.

Os paxáros peloyos espèrtanse
No seu niño, piando no altor
Do ameneiro, entraméntes concèrtanse
Os sirins con laídos de amor.

As ondiñas do mare rendéndose
A racharse van vindo ò areal,
De azuliñas, albiñas volvéndose
A beijar carolento penal.

O encenso d'as froles botándonos
Nas devesas o cheiro millor:
¡Cal fomega! ¡qué rico encensándonos
Na margiña do meu Riazor!

Caraveles e luces inzándose
No ceuiño estrellado ja van
Autre os anjos que cantan, guipándose
Alba pura do Mayo galan ...

*AC, pp. 448-449. Hai ms. en C 105/16. Variantes no Apéndice 25.

Pro ¿qué è iste silencio que afòndenos,
Noite fecha que veu sobre nos?
¿Qué foi isto? anjeliño, respóndenos
¿Qué foi isto? contesta por Dios.

¡Ai! n'había paxáros piándonos
Nin folliñas, nin alba, nin frol
Que è de noite, è Janeiro giándonos,
Caramelo è que roge na col.

Zanfoniña de Pepe saudábanos
De Pepiño Carreira ¡bribón!
E co el o de Mella engañábanos
C'a frautiña, o de Mella Ramón.

Á beiriña do mar, á beiriña do mar
Vide acó, chegá logo, meu bén
D'ese leito saltar, d'ese leito saltar
Que d' un anjo alborada acó vén.

26

O VELLO DO PICO-SAGRO *

No Pico Sagro famoso
na últema romaría
do Santo San Bastian
hoube moitísma familia.

Ali s'atoparon homes
de tod'a nosa Galicia
cabaleiros, labradores
pastranas e siñoritas.

Da Ulla xa non se fala
por q'é do tarreo a ermida
e des q'hay guerra co mouro
non falla d'alí un vixia.

Pro viñeno de San Les
do Ribeiro e da Mariña
de Xallas e Cotobade
de Quiroga e de Mesia.

En fin, hastra do Cebreiro
se hachóu no Pico xentiña
e do chao de Mondañedo
e de Tuy e de Malpica.

Por decilo d'unha vez
fomegaban pol á piña
d'aquel sobrano picoto
gallegos coma formigas.

Eu non sey se polo Santo
acó veu tod'a familia
ou algunha polos mouros
ó Pico-Sagro viria.

Pró o que dúbida non teño
é que ogano xente viña
moita por Don Bastian
q'estaba tamen de días.

¡Don Bastian! ¡ay! ¡meu amo!
xa non tén tod'a Galicia
horme mais bo, nin mais farto
anque veñ'acó Altamira.

* 'Ano promeiro, Sábado 3 de Marzo de 1860, Númaro un. Cruña 1860: Emprenta do Hespicio Provincial.' Os cinco pregos van asinados por MINGOS GALLEGO e levan o mesmo pé de imprenta. V. variantes da primeira páxina no Apéndice 26.

Dempois é un vello ¡Xesus!...
enténde d'estreloguia
é un sabio d'os mais sabios
que Dios botóu n'esta vida.

Sabe cant'hoube no mundo
sab'o que pasa no día.
sab'o que por vir s'iñóra;
é rey da sabidoría.

¡Ay! polo bo de meu amo
moita xente veu á ermida
do seu Santo ¡no Xaneiro!
sin reparar no que xia.

Cousas fortes hay na Spaña
q'embargan a fantesia
e ninguen coma meu amo
o xeito d'elas esprica.

Por tal, a xente a meu amo
tan logo acabóu a misa
pra scoitare d'el acertos
arrodeadol o tiña.

A xente mellor do fato
gaita, tambor e folía
deixóu no adro e sobéuse
correndo do coto encima.

-Díganos Don Bastian
díganos, por Dios el diga
o que pensa d'esta guerra
en q'a Spaña está metida.

Q'esta guerra è nacesaria
xa ninguen o negaría
s'algun houber que o negue
bárrano malas nacidas.

S'algun s'astreve a negalo
será mouro da mourisma
q'este própeo monte ten
no fóco ventre scondida.

Ou será d'os que comércean
Co eles q'é xente rica
e podrosos alguns son
co esa enfame mercancía.

Bén os coñecemos todos
e lonxe no'stan ¡por vida!
que dend'aquí stamos véndolle
aló en baixo as granxarías.

O que fale q'esta guerra
n'é nacesárea e precisa
legrumante, ou escoler,
ou ladron é da Galicia.

D'eses demos que no brau
lovantan nubes de cinza
e o grau d'as nosas eiras
os bribós arremoíñan.

E erguéndoo no aire, o barren
pra este Pico bén axiña
donde llo meten os mouros
pol os buracos d'as minas.

Enfámea como esta enfámea
solo se ve na Galicia
onde todo se consénte
anque sean harexías.

Témolos fillos na guerra
na guerra da mouraría
moito sófren por aló
co aquela xente xodía.

Dámol-os fillos gustosos
por q'a nosa nacion viva
con honra q'é despreciabel
o q'a honra non estima.

Dámol-os fillos e netos
daremos hastr'as baquiñas
do xugo, pra q'os alarbios
xamais queden por encima.

Os fillos xa, miñas xoyas
contentos se sacrefican
naquelas montañas d'Áfreca
dormindo na lama fria.

Bén que son netos dos homes
da Independencia: decrinan
dos da Ponte de San Payo;
dos valentes da fouciña.

Anq'aló nos morran todos
iremos a Berberia
nós dimpois, q'é cousa d'eso,
a eslaquizar a mourisma.

Pró antes Don Bastian
díganos, por Dios el diga
o que pensa d'esta guerra
en que Spaña stá metida.

Asi falaban os homes
Do Pico-Sagro na cima
Hastra que meu amo un berro
déu, e calóu a familia.

Esta guerra de Marrócos,
dixo estóncel o meu amo
é a empresa d'as empresas
para Spaña e para os nados.

Por ela non hay partidos,
por ela fóronse os bandos:
españoles, só españoles,
tén España nos estados.

Que s'astreva á vir algun
a revolvel o cotarro:
d'o probe non quedaría
nin migalla, nin fiñasco.

As plazas da Spaña nosa
non nacesitan soldados,
ide a Cruña, alí veredes
nas portas solo o Resgardo.

Xa non vemos n'esta terra
contr'o crego a Xan Carranco
nin o crego contra Mós
o capitan de cabalos.

Tampouco Mós xa se lembra
de Ardemil o deputado
porque Mós está na loita
matando mouros a staxo.

Ardemil escrebe a storia
da guerra co africano:
o crego raza e descurre
o modo de facer cartos.

Cartos, cartos que sin eles ...
¡ay! sin eles Xan Carranco
non pode compral-os bois
pra mandar o noso campo,

Q'hay que manter os homiños
que se baten no Sarrallo,
nos Castilexos e van
para Tetuan trunfando.

Cartos pra cañós e polbra
cartos pra fusís e barcos
cartos pra bombas e tendas
e cañoneiras e carros.

Cartos, pra pagarll'o ingrés
os fosís escumulgados
que nos deu pra os españoles
uns contra os outros matarnos.

¡Hay mais de vint'anos q'eso
socedéu e ese falsario
lémbras'hoxe de pedirnos
esa debda de ferranchos!

-¡Ay mala estrósa os enterre
a eses démos de miñatos!
ainda ch'os afunda o mar ...
(a unha voz todos cramaron)

¡Son harexes pra ser bos!
¡en que ocasion se lembrano
de pedirnos esa debda!
¡lástema de resalgario!-

-Préto de corenta e nove
millonciños é o saldo ...
prosiguéu no alto do Pico,
o farfanton de meu amo.

Pró siñores, non bruar
que xa stan os millós pagos:
o Goberno remexeuse
e púxoll'a cruz ó diaño.

-Vayan co él prós infernos
esos inicos malvados
d' ingrexes; pró entrar co eles
a contas non fora malo.

Non sabemos quen debría
a quen ... e se aqueles barcos
que nos pillano sin guerra
valerian tanto, ou canto.

E as frábecas ardidas
(¡disque por medo ós gabachos ...!)
e os fortes que aló en frente
de Xibraltar nos guindano.

¡Xibraltar! ¡Ohu, míngoa nosa!
¡afrenta do honor hispano!
quen te perdéu sea maldito
quen te non recobra scravo.-

-Os ingrexes van de perda
a esta parte hay algús anos:
canto amasan s'esforrica
como masa d'os alvados.

Se non volven pol a fouce
logo á casa, por Cachano,
que por pan comerán ferro
e por viño, auga do charco.

Agora estan co francés
¿onde vos porév meu santo?
o francés os aloumiña ...
raña no cocho cebado ...

Xa verés ó q'han de vir
a parar eses coidados
tempo ó tempo, galleguiños ...
d'esas contas sey eu algo.

Agora a un lado o puxémos
¡somos mais q'o ingrés! deixálo:
a nosa loita co mouro
é o mais prencipal do caso.

¡Esta guerra é moita guerra!
esta guerra d'os alarbios
se a sabemos esprotar
vólv'a Nacion ó d'antano.

E decir, a Spaña enteira
será Nacion non anaco
dirall'ó ingrés ¡cea atrás!
dirall'a México ¡alto!

Da millor potencia ela
acupará o millor lado
e logo será un emperio
d'os podrosos e bizarros.

Inda ós Estados Onidos,
¡outro covil de marráos!
halle de dar a resposta
dos proyeutos de mercado.

Xa que a faliña no enténden
d'os homes nobres e honrados
sobre de vender a Cuba,
iráller falar mais craro.

Agora ¡guerra e mais guerra
ós mouros escadrillados!
¡duro neles! ¡duro neles
co a espada de Santiago!

Vergoña da q'estivesen
co a Spaña tantos anos
aquí mato, alí gadóupo
facendo bulra e escárneo.

Vergoña da de que sigros
aló estean sin dar paso
de vivir co as naciós
en armonía e adiantos.

¡Guerra firme! ¡firme guerra!
¡guerra ós brutos d'os alarbios!
¡duro neles! ¡duro neles
co a spada de Santiago!-

Ó decir esto con forza
Don Bastian, o meu amo,
desfíxose tod'a xunta
con berros desesperados.

O mesmo que cando o pote
fervendo gomita caldo
así botaba d'o cume
labréixol o Pico-Sagro.

Os homes c'as suas mócas
arremangadas en alto
ca carraxe pol o monte
foriosos se sementano.

Na busca dos mouros van
d'as minas pol os buracos
e cóvas e regandixas
e penedas e barrancos.
Levan traza de catar
a serra d'arriba a baixo
e tamén de dentr'a fóra
hastra dar cos africanos.
Cada bruído que dan
afóndese o Pico-Sagro
e todos a un berro din
o que vou a parolarvos.
-¡Ei! ¡sahide infames vellos!
¡deixá os afondidos pazos
d'esta terra q'é a nosa
onde tédel os encantos!
¡Afóra! ¡afóra, bribós,
perguiceiros do dianllo,
q'engordás co sangue noso
e co grao d'os nosos agros!
¡Afóra! ¡afóra pexís
q'o dia mellor d'ogano
comés as nosas mulleres
cando veñan pol o gando!
¡E roubal as nosas fillas
pra servirvos de regalo
dempois de que nos tragués
se nos collés no descanso!
¡Afóra! ¡afóra espiós!
¡aquí ouvís o que falamos
pra ir a contarll'ós vósos
o que fay o galiciano!
¡Ei! ¡fóra Mouros! ¡afóra!
¡fogo neles e queimalos!
¡d'unha vez s'acabe xa
a semente dos alarbios!-
Pol as esqueiras dos pozos
os nosos logo baixano:
todo adentro recorreron;
pro todo se oiu calado.

Q'os mouros todos foxíno
medosos abriron paso
pol o de San Xoan d'a Cova:
que foy sempre o seu atallo.

Mentres que eses maldecidos
fóxen polo rio abaixo,
outro día contaréivos
a onde foy parar meu amo.

Quedamos cando os labreixos *
bufaban no Pico-Sagro
botando pestes ós mouros
q'alí teñen os encantos.

Vendo que naide responde
deixan os bos dos barrancos
e tornan a onde sahíran
o quente suor limpando.

Chaman a don Bastian
con berros de mil almallos
sin que naide conta dea
da presona de meu amo.

Uns din que caíu no Ulla
outros que aló nun burato
hay unha falsa trapela
que s'afundíu ò seu paso.

Todos a eito escasurran
no xeito q'os maometanos
empregaron nesta emposta
para sin xefe deixarnos.

Bruan aquí, alí atruxan,
aló fan sitio a codazos,
acolá chora unha vella
porque diz que lle furtano

no médeo d'este trafego
a falchoquiña dos cartos.
Para mais confondemento,
para mayor sobresalto,

* 'Sábado 24 de Marzo de 1860, Númaro dous'. Á sinatura de MINGOS GALLEGO séguelle esta 'ADEVERTENCIA. Terán os suscritores de cando en cando algun numaro q'outro sin dar dous cartos. Cruña 1860, Emprenta do Hespicio Previncial'.

Tomé di q'andan os mouros
encubertos no cotarro.
E para probalo dito,
dereito enriba do carro
que tén a pipa do viño,
dimpóis d'atruxar con garbo,
mostra un tarxeteiro ingrés
que diz q'atopóu no adro.
Esto fai ollar a todos
por s'hay presonaxe estraño,
é decir, de mal cariz,
porpararse a dar mocazos.
Todos queren vel o libro
e mais que velo, follealo
por descrobil os misterios
d'aquel hachadizo raro.
Pró como estaba en ingrés
por mais purdente xulgano
buscar a Don Bastian
q'é o que pode sin traballo
ó gallego tradocilo
e hastra por bén en craro
quen veu co el a este sitio
a remexer o cotarro.
-¡Busquemos a Don Bastian!
¡ea! ¡vamos ó seu pazo!-
decían sin entenderse
todos á un tempo berrando,
as mocas ó aire erguendo
coma quen sospecha algo.
Aqui estaban cando eu
cheguei á porta do adro;
pró como non entendía
por q'era estrondo tamaño,
coidei que as mocas erguía
o pobo, para meu amo.
E co a carraxe cego
aganchándo o campanário
tal badalazo peguéin
q'estremecin aquel campo

que nomearse poidera
a Babelonia dos trasnos.
E desq'aquel rexordido
foise poñendo algo maino,
erguín a voz coma un trono
decindo así:-¡Ehi, Carasto!!!
¡voto e na Cribas! ¡Carrizo!
¿que lle querés a meu amo?
¿Quen xuncras vos encabirta?
¿estades cordos ou parbos?
¿a un home de tanto pró
non lle dades millor trato?
¿Xa n'é el o dos rendeiros
o mais millor e mais sábeo
mais valente e mais rumboso
do gran pobo galiciano?
¿Non sabés que n'é daqueles
que teñen o pan fechado
e por unha presa d'ouro
venderían o sagráreo?
Don Bastian non é mouro
nin coma catro amingoados
que rin co as nosas perdas
e choran co noso adianto.
Q'é galleguiño de raza
coma cantos acá estamos
e fixo ver a Reiniña
que somos nos do seu bando.
E que estamos co Goberno
nesta loita dos alarbios
cos cartos e co a facenda
e o corpo, se é nacesáreo.
¿Non probóu que é dos que queren
que o Goberno teña barcos
para que ninguen lle poña
a ley no Medeterranio?
¿E que regalar quería
pra que sahísen baratos
pinos, castaños e freixos,
nogales e mais carballos

dos que póboan os tarreos
dos seus bosques dilatados?
¿Querés ainda mais próbas
de q'é dos gallegos sanos
meu amo Don Bastian?
¡vállanvos millenta diabros
por cegos e esquencedizos
por farfulleiros e ingratos!!-
O chegar co a rábea aquí
deuse en remexer o campo
como se enrosca unha serpe
que lle tripasen o rabo,
cos mesmos berros do Orzan
cando se viste de branco:
que non era para menos
dimpois d'un sarmon tan ágreo
dito a quen coma Dios mesmo
viña a Don Bastian catando,
temendo que scravo fose
pol as mánicas do encanto
que s'acocha na barriga
do xigante Pico-Sagro
¡E pasárao mal Mingucho
se Breixo fillo do Manco
que loitando cos ingreses
na Graña perdíu un brazo,
a sosegar non sahise
este motín do pecado!
Home de ferrudo peito
é Breixo de Montefaro,
no xogo do pau tan destro
que se na mau pilla un tranco
rise de quen o acometa
co sabre millor temprado.
Pois como digo, este Breixo
da miña garda foy anxo,
aquela xente foriosa
contra min, el acougando.
Para millor conseguílo
a gran móca erguía en alto,

ceóu a monteira atrás
e co a carraxe impando,
tan teso cal se tivese
en cada pé sete cravos,

con voz de crara trompeta
así me dixo:-¡Mingacho!
¡Voto a Cribas! ¡lampantin!
¡embelequeiro do trasno!

¡que se non cálas axiña
guíndote do campanáreo
mais lixeiro que un foguete
cando ll'atizan o rabo!

¡Seique rifache co lombo
antes de sobir ó canto?
pois comprirárchese o entoxo:
¡sacarálo mais cribado

que o coiro d'un burro vello
se outra vez ábrel os lábeos
para sacodir abéfas
a quen so merece alaudos!

Xamais foy o noso pobo
farfulleiro nin ingrato
para quen por el percura,
para quen non ll'é falsáreo.

Dios, a Reina, a nosa honra
son os prencipiños sanos
por quen darémol a vida
cantes neste ról estamos;

sin esquecernos dos homes
que cal Don Bastian teu amo
pol a endependencia loitan
da Spaña e dos seus adiantos.

Se houber na romaxe alguen
que mal quixer'a teu amo,
¡que salla! ¡que bote fóra
a pezoña do seu papo!...

Mais ... ¡ninguen no campo soña
nin chiscarlle no seu sayo ...
solo queren, se n'é ceibo,
quitalo d'os soterranios,

pois anque fose tres veces
este picoto mais alto
a farramenta gallega
viñera toda a esnafralo!

¡Dínos, pois, onde s'atopa!
¡dínol-o pronto, canareo!
¡que a raza d'os que en Medelo
fono antes mortos que scravos,

para temel os perigros
tén o seu peito moy ancho!-
Asi que Breixo calóu
rezoóu por tod'o adro

tal troboada d'atruxos
de palmetadas e alaudos
q'o monte s'estremeciu
e viñas'a igrex'abaixo.

Pro eu q'estivera moito
hastra estonces coma un año,
lovantando o meu capelo
casquei un gran badalazo.

E dixen así: -Dios sabe
a forza con que vos amo;
pro xa que tan froxamente
xulguey do voso antusiasmo,

prometéme estar atentos
ó que vou a ravelarvos
e xuro que vos daredes
d'esta carraxe bén pagos.

Así faley: enton, Breixo
quedou fiador do campo.
-Don Bastian san e ceibo
xa vay préto de Santiago

de onde coida vir logo
anque mate seis cabalos.
Mais, por se non vén a tempo,
sabede que lle chegano

dous prigos de novas cheos,
dous prigos de groria fartos
da que os nosos soldadiños
nos Castelexos ganaron ...

-¡Viva Spaña!-cen dixeron
e Breixo respondeu. -¡Alto!
¡que xa dimpois runfraremos!...
¡sigue, hom, no teu relato!
-Baixano trinta mil mouros
polos picotos abaixo
traguendo a garda d'os negros
cabalgando en poldros albos,
correndo coma doéndes
con capa e vistidos brancos
e berrando coma corvos
que olen a morte no gado.
Viñan movendo a bandeira
con moitisemo arroallo
q'era de pano marelo
con grandes bolras colgando
como as da gaita de Chinto,
e frecos como os do páleo.
Tiñan tomada unha altura
de moy arriscado paso;
mais Prim, que sabés q'é home
q'o folgo d'el é o d'un gato
sin temer o inferno inteiro
unha bandeira pillando
na mau, dispáras'os mouros
a galope no cabalo
por antre descargas mil
q'a dez pasos lle botanon:
tal ánemo deu a todos
ca sua verba e co seu rauto,
que se afincóu no picoto
por tres veces conquistado,
santiguándoll' os fociños
co seu sabre toledano
a tal nubeiro de choyas
que apesar de séren tantos
tiveron que dar a volta,
con perdon voso, pegando
no fardellin do traseiro
cas babuchas ou cos chancos,

e estercando co seu corpo
o tarreo pra cen anos.
Mentres ... os úseres nosos
que son listos coma rayos

conquistáronll'a bandeira
e brincando no seu campo
degolaron tantos mouros
coma quen degola nabos.

De sorte que Muley própeo
ó ver remoiño tamaño
coidóu q'o sabre do xefe
q'iba os úseres mandando

era o sabre lumieiro
do noso patron Santiago.
Así foy q'os agareños
sobrecollidos d'espanto
lovantano o campamento
quedando por nos'o campo.-

O chegar a este punto
tantos atruxos zoaron,
tantos arroutados vivas
e tanto devino aprauso,

q'eu coidei que s'esfondia
d'aquela ermida o tellado.
Zoaron as castañolas
os pandeiros redobraron

e polo aire se viron
dez mil monteiras voando
con cantos fogos viñeran
para festexal o santo.

Os vivas q'alí se deron
non son capaz de contalos.
-¡Viva Spaña! ¡Viva a Reina!-
-¡Que viva Odonelle o bravo!-

-¡Viva Prim peito de ferro
o campeador d'ogano!-
-¡Viva Zabala e Garcia!-
-¡Viva o nobre Ros d'Olano!-

-¡Viva o axército todo!-
-¡Que viva o noso paisano
Don Bastian de Galicia
o Vello do Pico-Sagro!-

-¡E rabée o estranxeiro
q'hoxe chore cos alarbios!-
O sol despidíu os homes;
pro non lles quitou o bafo
pr'aturuxar e dar vivas
por montes, veigas e valos,
lovando por tod'a terra
as novas do Pico-Sagro.

"*Voemos a Áfreca* *
Ibeira Nacion
Q'o Mouro bandido
Manchóunol-a honor.
¡A Afreca! ¡a Afreca!
Guerreiro Español
¡Con sangue se lava
A mancha d' honor!»
Esta cántiga cantaban
con moy chichirita voz.
e moi acordadas músecas
no pazo do meu siñor.
Mais que festa do seu santo
mais que pazo d'un rei bo,
parecia acampamento
do axérceto español.
Tal era o falar de guerra,
de batallas e d'auciós
e de feitos presonaes
d'os españoles d'acó.
Que mil cabaleiros cruzan
polos dourados salós
do gran pazo de meu amo
que ninguen o tén millor.
Alfombrado en torciopelo,
aluméano arañós
e candeabros de gas
d'ouro e prata en prefusion.

* Sábado, 7 de Abril de 1860, Númaro tres.

Pro naide nesto ropara
como na múseca, e o ton
q'un rapaz da Cruña deulle
a esa melitar cancion.

As augas do río Ulla
calan, deténse por mor
de non perder unha nota
para darlla ó mar dimpois.

E pasálas pol o Estreito
onde Xibraltar as oy
hastra dar no acampamento
do valeroso español.

É de noite: os convidados
no pazo do meu siñor,
ruan e conversan moito
do que pasa na nacion.

E fora d'ela tamen
q'hay moito que contar; pro
decote ó d'España vénse ...
¡porque é o de mais acaron!

Só os picariños danzaban:
a xente d'algun valor
nestes días deixa o baile
que non acai na nacion.

Meu amo envítos; pro, nadia;
de tódol, os corazós
anque tén o corpo aquí,
co soldado están aló.

"¡Como estarán ¡ay! na Afreca
naqueles montes de Dios
os nosos hirmaus queridos!"
n'hay outra conversacion.

As siñoras perguntaban
a cada paso ò siñor
¿qué novas da vila trague,
q'é do axérceto español?

- N'è groria menos preciada
díxolles meu amo enton,
para os valentes da guerra
¡tanto interés! ¡tanto amor!

Dios, Patria, rey e a dama,
do hespano sempre foy
o alento con que trunfa
do anemigo mais ferós ...

Vitoria dos Castelexos
penso q'ós mouros deixou
algun tanto esmorentados
a ver tamaño valor.

As perdas q'alí sofrino
¡fono moitas! ¡vive Dios!
pol o que de lonxe van
ollando coma o treidor.

Axexan, mentres que os nosos
cruzan o Monte Negrón
sin hachar empedimento
nas millores posiciós.

¡O golpe que ñes deu Prim
os mouros escorrentou
para un pouco, hastra que boten
o medo do corazón!

Pró se non ten anamigos
que bater o español,
a tromenta, a derrotalos
meus filliños, se dispon.

Así os dizmóu o cólero
aló na Serra Bullons:
o q'a polbr'alí non fixo
consigueuno ese treidor.

¡Ohi, Dios, que chover! ¡que lóstregos!
¡que tronos e que trobons!
¡que furacans dos abismos!
¡que mar! ¡que perdas! ¡que horror!

¡O axérceto coutado ...
sin o amparo de Dios,
sin escuadra que ñe dea
secorro, nin moniciós!

¡Sin poder por terra vir
nin un solo batallon
en ausilio, nin de pan
chegar un triste convoy!

Noite tras noite penando ...
¡sin amainar! ¡a pior
o ceo, o ar, e a terra,
o mar ...! ¡Dios santo, perdon!

Antr'o roxido do vento
¡só se desting'unha voz
q'é do afogado que crama
por secorro e salvacion!

¡Só antra's nubes se devisan
chegar táboas e pontós
d'as naos que se perdeno
co suor de esta nacion ...!

Por fin, Dios apiadouse
de perda tanta e delor
e rachóu do ceo as nubes
e sobre nos veu o sol.

E a furia do mar bravo
co trono e vento parou
a unha pequena mirada
do gran pai Noso-Señor.

E no val d'Asmir volveu
a dar vitoria ó español
mandado por Odonelle,
mantendo en Prim o valor.

E no Cabo Negro o mouro
non pudo dend'o altor
d'aquelas imensas cumes
vencernos cos seus cañós.

Que donde van xanerás
coma Prim e coma Ros,
coma Orosco e Don Anrique
e Garcia, n'hay temor.

Os mouros parapetados
nun reduto do millor
tiñan nas fáldras do monte
os seus pretos escuadrós

Enfantería moitísma
tamen garda a posizon,
¡firmes todos cal penedos,
do mar detendo o rigor!

Pro n'importa q'ahi vay Prim
ca sua spada ¡o campeon
dos úseres da Princesa
da mouraría terror!

Descargas e mais descargas ...
pro non detén o vigor
das nosas trópal o mouro
por mais forza que alí pón.

Silvan as balas do alarbio
a babor e a estribor;
pro ninguen escoita mais
que a de Prim terribre voz.

E a corneta que o paso
de carga ós fortes dispon ...
¡carga! ¡carga! ..., os mouros cean
e non lles val seu repor.

Que todos cantos axuda
veñen a darñes aló,
destorozados no campo
caen mordendo nas cons.

E viran e foxen diante
da bayoneta e os bridós
dos soldados das Españas
que homes non son ¡son lions!

Da fortaleza mouruna
no alto da posizon
bandeira de Spaña ondea
coma no sigro millor.

E o probe do anamigo,
da escura noite ó favor,
líbrase de quedar todo
anequilado por nos.

E tal a sua pavura
dend'este momento foy
q'os fortes do río Martin
sin un tiro abandonóu.

E deixa co medo alí
as coreñas e cañós
útles pra servir en contra
dos própeos donos dimpois.

E os de Rios desembarcan
por aquela praya, e son
co el, os bravos mariños
reventando de valor.

Aqueles que en Castelexos
non os poido deter, non,
a mar a bordo, e sahíron
a baterse cal dragós.

¡E no val de Tetuan
a nosa tropa acampóu
e chegan as descubertas
a préto dos torreós!-

Así, ás nobres siñoras
o meu amiño falóu;
elas co as bágoas nos ollos
rompen en ¡grazas a Dios!

A noite xa iba andada
co a gran divirticion
do Santo San Bastian
no pazo do meu siñor.

Daba xénio oíla múseca
que, por últemo, tocóu
a muiñeira Alifonsiña
e todo s'asosegóu.

Pero no castro d'Angueira
q'está pretiño de Francos,
e tamen do Faramello ....
n'había mal zafarrancho.

Socedéu q'os da part'esa
tornando do Pico-Sagro
pra Ribasar e os Portos,
mil contos iban contando.

Os mouros sempre sahían
a danzar n'aquel fandango
cando leu unha cartiña
Peruchiño do Carballo.

Era do fillo que está
no acampamento do trasno
do Sarrallo ou da rancura
que nos fixo aquelar tanto.

Decialle: "Meu paíño
aquí decote lle estamos
neste boquete d'Angueira
a morte negra agardando.

Por aquí nos chega o cólero,
por aquí tronos e rayos
e vento e chuvia que o mar
guíndase enteiro no campo.

E andamos homes, tendas
e cabaliños e machos
e tod'a facenda nosa
todal as noites nadando.

E por remate da conta
estes enfames d'alarbios
non hay día que non veñan
a bourar e molestarnos.

¡Ay Angueira, Angueira, Angueira,
s'eu de ti morto non sallo
en romaría hei de ir
a Santa Mínia e San Campio!

Nos decótel os vencemos
pro ¡ay! ¡fanos bremar tanto!...
¡e dimpois moitos nos morren
que a treicion veñen, e mátannos!

E n'hay probe presioneiro
que no degollen ... e escarno
fan del ... ¡que Dios vos liberte
d'esta xente do pecado!"

Foy tal a iria que pega
a somellante relato
nos xuncras dos Mahiáns
e nos pescos, q'é un pasmo.

Din q'o boquete d'Angueira
comonícase co castro
d'este nome que foi sempre
de mouros un rico pazo.

Que Galicia está ensegura
con viciños d'ese trato
e q'antes que nos afundan
conven ir á chamuscalos.

Dito e feito: pallas, mistos
e fachuzos, mocas, mallos
e ligons collen e ó monte
botan e chegan ó alto.

Alí roucos desafían
ós demontres dos alarbios;
pro ningun s'astreve a dar
na turba dos crestianos.

Vendo que calan os mouros
cobardes no seu encanto
puxénolle lume ò monte
por satenta e seis costados.

Arden fieitos a tréo
as carrouchas dan estralos
os toxos atean silvas
e, nos espiños, os cardos.

As limpas augas do Sar
color de sangue virano:
¡sangue! que decrina ó mouro
a fin d'aquel cetro bárbaro.

As llaparadas do monte
tod'a Galicia alumeano
q'era un volcan do inferno
d'Angueira o soberbio castro.

Un estrondo se sinteu
drento d'el, tremóu o chao
e ouvindo aquel estrondo
diz q'as meigonas sudano.

E os trasnos d'esta terra
afondínose chorando,
vendo que cean os mouros
d'Angueira nos montes ambos.

E choromican tamen
uns ... ¿direino? ... ¡Xan calado!...
pro non cabe o pan no corpo
d'un español puro e ránceo.

Vouno a decir: choromican
uns piratas nos seus barcos ...
pro lingua miña detévos ...
o dito abonda no caso.

¡Son piratas e está dito!
¡lagremexan!... mais non falo ...
que a millor palabra é
a que non se di!... xa calo.

RENDECIÓN DE TETUÁN *

¡Zarra España, Santiago! ¡Santiago!
¡Zarra España, ouh gran capitan!
Da mourisma deten o destrago
Que nos montes d'Angueira nos fan.

Tempestás o ceoiño nos dona;
Tod'as as noites q'espantan d'horror:
¡Das Españas, ouh Virxe patrona,
Crube os nosos co manto d' amor!

Coa peste, ó colero, o inferno,
Do axército os pasos detén
¡Líbrao logo de tal, Dios aterno,
Q'o teu nome confesa e sostén!

De xionllos aquí d'esta comba,
Sant'Apostlo, o gallego non sal,
Non, d'enriba da lousa da tomba
Do teu corpo na gran catradal,

Hastra ver dos cristianos a groria
Lovantada e espellante de sol
Hastra ver do Español a vitoria,
Hastra vir do seu trunfo o Español.

¡Ouh, Dios, gracias! ¡Ouh Dios do cristiano
Nosos prantos e rogos a vos
E a Virxe e a Xacobe chegano!
¡Todos, gracias! ¡bendito sea Dios!

Nosas tropas do mouro trunfantes
E do tempo e do cólero son
E dos montes e as mares tremantes
E do rayo a voras destrucion.

¡Tetuan, Tetuan é española
Cal Granada d'as palmas e luz!
¡Da Alcazaba no alto consola,
Cal na Alhambra, santísema cruz!

A piedá d'Alifonso segundo
Viuse agora, e do Cid o valor
De Bernaldo o sufrir tan profundo
Viuse todo no campeador.

* Sábado 14 de Abril de 1860, Númaro catro.

¡Ouh, Dios, gracias! ¡Ouh Dios do cristiano
Nosos prantos e rogos a vos
E a Virxe e a Xacobe chegano
¡Todos gracias! ¡bendito sea Dios!

Tras do Apostlo estabámos
diante de aquela capilla
de San Salvador que chaman
do Rey de Francia, q'e linda.

Os órguinos rezoaban
pol as bóvedas sombrizas
lovando nubes d'encenso
hastra Dios a rogativa.

N'aquela hora dichosa
que a oracion na basíleca
todos xuntos faciámos,
foi grande gozo na vila.

Bombas nos ares estralan,
as campanas repenican,
as xentes corren gritando
"¡viva a Reina! ¡viva! ¡viva!"

¡Campanas da catrada!
sempre a alma vos ouvia
con mil gozos inefabres;
pró xamais coma este dia!

Músecas recorren ruas
nunca vin tal alegria
os mais calados prorrompen
"¡viva a Reina! ¡viva! ¡viva!"

"¡Viva Odonelle que pensa!
¡viva Prim co a bizarria
e a brabura catalana
da sua spada sempr'enviuta!

¡Viva Ros d'Olan! o home
en que van decote onidas
letras e armas que son todo
o idayal da fidalguía!

¡Viva o xaneral Echagua
o vencedor d'as kabilas
d'Angueira, no acampamento
firme días e mais dias!

¡Echagua! sí ¡bota auga!
parezq'o ceo dicía
o apellido de este home
coma unha peneda altiva.

¡Viva Zavala e saúde
Dios lle dea moi axiña
pra ropetir os mandobres
sobr'o deño da mourisma!

¡Viva Rios! que anq'é novo
por eso non menos fia
nel o xaneral en xefe
que tén das águias a vista

¡Vivan tod'os xanerás!
¡viva tod'a valentía
dos oficiás do axérceto!
¡vivan os soldados! ¡vivan!

¡Vivan tod'as nosas armas
viva a nosa enfantaria,
a cabalaria nosa
e a nosa artillaría!

¡Viva Bustillos tamen
co a nosa nena mariña
q'amañece para outer
da Spaña os millores dias!

¡Inxanieiros melitares,
ordeacion e menciña
melitar, ou sanidade,
vivan todos, todos vivan!

¡Viva Dios! que a todos deu
esprito d'aló d'arriba
e erguendo a abatida Spaña
afundeu a mouraria.

Os de Borbon e Cantábrea
¡vivan! que son de Galicia
e do país renovaron
as grorias co a valentía.

¡Vivan capillas do axérceto!
que por Dios fora enxosticea
esquecer ou disprecear
a vertú e bizarría".

Así todos espricaban
o antusiasmo en que fervían:
neste sígalo non hoube
gozo coma o d'este día.

Foguetes e mais foguetes,
bombas rayás e albericias
estralan de monte en monte
e nos vales e mariñas.

Dend'o Pindo ó Pico-Sagro
de Buron a serranía
Santa Técola, todo arde:
trema o mundo d'alegría.

Chéganse a Don Bastian
todal as xentes da vila
e das aldeas da Ulla,
da Montaña e da Mahía.

Todos queren abrazalo:
sahíu todo o que decía
no alto do Pico Sagro
e nos pazos en q'habita.

Q'ainda non vos contei todo
canto meu amo adoviña
por temor de que me falle
o papé, prumas e tinta.

Pró non deixou de saberse
pol a xente que convida
e convidou no seu santo
q'algunha foi de esta vila.

-Moito é o gozo da España
neste istante, o vello esprica,
é moito o gozo da Spaña
e máusime da Galicia.

Vosoutros vedes o q'hay
nesta suidá neste día
pois o mesmo é en todas partes
hastra no sol ... ¡como brilla!

Na Cruña os cañós e bombas
zoan nos ares e guian
a voz da nosa vitoria
hastra Cuba e Felipiñas.

A lameda de Santiago
é un encanto d'os d'Armida
paraiso de cristal
do comerceo invencion dina.
Esta noite a Cruña arde
con preciosa luzaria
do gas sahindo do mare
mais que Deusa de bonita.
Ferrol, Vigo, Lugo, Tuy
Betanzos a das Mariñas
Mondañedo, Ourens, Monforte
Pontevedra ¡oih! ¡que dilicia!
Padron, Muros, Noya, Son,
¿pró que digo? se n'hay vila
nin parroquia, nin lugare
que non zalebre a conquista.
Sí, porque conquista é
Tetuan, como a da India
pol o ingrés, e a d' Arxelia
pol o francés ... ¡é conquista!
Pró eu temó ... non a Afreca
¡bén m'entendés! ... ¡a políteca!
non a d'España ..., ¡a stranxeira!
¡hay intereses! ... ¡e envidias!
Pró nada pensemos hoxe ...
é o xenio meu que cavila
o domais todo vai bén:
non creás o da políteca.
Foi invencion nada mais
para rirme ... foi latrica
miña nada mais, por ver
como puñás a cariña.
N'ai nada, nada, meus vellos,
pracer, vitoria, alegria
solo hai hoxe na España
na Europa, e mais ainda.
Foi este meu corazon
que no gozo desconfia
así como no delore
espera do mal sahida.

Foi vision: de veras foi:
unha imperfecion é miña ...
perdoná, meus fillos todos,
perdoná esta mintira.

Un pai decote tremando
pol os fillos da sua vida
está; pró moitas das veces
nadia o seu temor motiva.

Dios é pai, por outro lado
e s'está que Áfreca rinda
hoxe a cabeza de ferro
non val o q'os homes digan.

E se está que Spaña cumpra
da Católeca Reiniña
o cristiano testamento
calarán moitas entrigas.

¿A raza d'Agar por sempre
ha d'estar envilecida
despreceando con soberbia
do mundo a luz e a vida?

¿A Europa ha de ter prepétua
e a Spaña d'hoxe en dia
unha Áfreca de feras
por verdugo e por viciña?

¿Para que Dios deu ó mundo,
caletre e invenciós, e incrina
os homes mais ben dispostos
se non das naciós pra guia?

¿E ha d'estar sempre e decote
esta spañola familia
sin desbafar tendo alento
voz e forza e fidalguia?

¿Ha d'estar sofrindo España
as afrentas da mourisma
e non mandar no seu brazo
para tomar d'elas vinga?

Vinga ... se vinga se chama
botar na terra inimiga
a semente de mil cencias
q'este mundo cevelizan.

A Europa, o mundo enteiro
hastra incrusa a mouraría
darnolas gracias debera
da reducion das kabilas.
E non por, coma algús fan
por esprito de cobiza
empedimentos e endrómenas
e strucias e tontarías.
¿E poderan d'acó en diante
chamarse eses luz e guias
do mundo, cando, se compre,
hastra o sol abafarían?
¿Qué dirán hastra os alarbios,
ó ver unha villania
somellante antre cristianos?
¡que vale mais a mourisma!
Dios é pai a decir volvo
e sin el non se mobliza
folla d'albre: pouco importa
o q'eses labercos digan.
¡Groria a Dios! e ¡viva a Reina!
¡o axérceto! ¡a Españiña! ...-
todos contestano todos
"¡Viva! ¡viva! ¡viva! ¡viva!"
Pró ó baixar d'aquel campo
de Santa Susana, viña
tod'a xente romoendo
do meu amo as palabriñas.
No Pico-Sagro do sol
poente os rayos relocian
rayos bermellos que en sangue
deixaban as penas tintas.
Moitos par'o Pico-Sagro
botano olladas de tirria
e case xuraban que
os mouros aló boligan.
E de noite na lameda
algús hastra vos creían
que desfrazados andaban
de cabaleiros da vila.

E cal eles paseaban
antr'as rapazas garridas
gralleando e hastra danzando
cas millores mil danciñas.

Tal foi, que ó finar da festa,
a meia noite xa ida,
armouse unha de paus
q'o demo do ceo caía.

Algús mozos sospeitosos
de mouros que d'antr'as pícaras
non sahíron tod'a noite
foi o motivo da riña.

Os valentes deron neles
coma no toxo se pisa
e anq'os outros defendénose
sacano potes d'a libra.

Pol a Carreira do Conde
os tidos por mouros iban
moi logo botando demos
tirando á Ponte-Pedriña.

Logo dimpois, devisouse
o Pico aberto na cima
a un lóstrego que rompíu
por tras de Santa Maríña.

A PAZ *

"Siñor xa que, non privalo
podemos d'ir a esa guerra
Diol o liberte de mal
e d'os mourol o defenda.

Aló hach'os seus filliños
sans e bos que moita perda
seria q'unha disgracia
non os volva a sua terra.

* Sábado 28 de Abril de 1860, Númaro cinco.

Cos caudás d'esta Galicia
cas fiíñas e facenda
vostede o corazon noso
ó noso axérceto leva.
Horfa co a sua ida
a nosa terriña deixa
pró se a nacion o recrama
promeiro debe ser ela.
Vaya con Dios e dispoña
do sangue das nosas venas
Diol o liberte de mal
e dos mourol o defenda".
Breixo así se despedía
en nome de mil aldeas
diante de catro mil homes,
do amo que vai á guerra.
-Xa non sallo, meus filliños,
dixo o amo, o que trouguera
para ir n'é nacesáreo
que xa témola a paz feita.-
-¡Siñor a paz!! ¡que nos di!
¿e pode ser tan de présa
sin mais nin mais, vir a paz,
sin ir a Tanxer siquera?
Espríquenos, señor, espríquenos
como foi a cousa esta,
dixeron todos a unha
pondo foca a mau na orella.
-Xa sabés a gran batalla
que se deu na própea veiga
de Tetuan en q'o mouro,
tivo tan anormes perdas.
No iñorás q'alí deixóu
d'artillaria oito pezas,
que ñes collemos tamen
na loita duas bandeiras.
Que ñes pillamos no campo
unhas oito centas tendas,
q'a do própeo Muley-Abbas
caeu alí antre elas.

Tod'o acampamento, en fin,
cos camelos e cas bestas
noso foi n'aquel gran dia
cos apetrechos de guerra.

Rendecion de Tetuan
foi percisa consecoencia
d'esta vitoria que á Spaña
deu e dará groria eterna.

O mesmo que o noso porte
na suidá, que foi compreta
cos vencidos a orde nosa
a ilustracion e nobreza.

Inda caeno na praza
de cañós sobr'uns oitenta
e apetrechos outra vez
que tiñan par'a defensa.

Vindo a paz, dimpois da entrada
de Tetuan, xa viñeran
a pedir as condiciós
e propondo conferencias.

Odonelle e Muley-Abbas
d'este n'unha moura tenda
lonxe da praza tratando
da paz un día estiveran.

Cada cal poderes tiña
un do alarbio, outro da Reina
para arregral o asunto
da mais xeitosa maneira.

Pró tiveno que deixar
sin arregro esta encomenda
pol o mouro, que non quixo
baixarnos tanto a cabeza.

Pol o visto, inda quería
tentar a ver pol a guerra
s'antes enriba de nos
se poñia en duas xeiras.

Pro non lle valeu o vir
con moitísema soberbia
porque lograra en Melilla
unha vantaxe pequena.

E préto de Tetuan
víñanos dar unha trepa
pró lovóuna cal decote,
que foi ceando unhas légoas.

Alí o xeneral mouro,
que abofé ¡valente era!
caeu, no ventre ferido
e morreu nesta refrega.

Inda dimpois que a Laracha
e Arcilla bombardea
Bustillos, mantens'o mouro
e na paz nosa non entra.

Ó fin tén a nosa forza
que moverse e rumbo leva
para Tanxer; pró en Goldrás
sal o marroco a detela.

¡Eran cincoenta mil mouros!
a batalla foi moy recia
moi tanaz q'o mouro alí
desosperado pelea.

Pro non lle valeu o ter
escollidas unhas serras
onde firme se alcontraba
no cume tras das penedas.

Anque no alto combaten
e no chao, e en tod'a terra,
¡moy ben! ¡e moy derexidos!
afociñanon as feras.

Cand'o sol se puxo, naide
poido n'aquel campo velas:
o acampamento foxira
ó ver perdid'a regueifa.

Logo no siguente día
vendo xa por esperencia
o que son os españoles
homildaron a soberbia.

Pediron a paz de novo
de Muley-Abbas por letras
q'é o hirmau do emperadore
califa d'as suas terras.

E día da Encarnacion
ven ese príncepe á tenda
de Odonelle e alí firmóu
a paz ¡q'é o fin da guerra!-
-Pro siñor sábens'ò fin
as condiciós da paz esa?-
-Xa se saben, xa se saben:
as principás eu diréivolas.
Dan catro centos millós
pol'os gastos d'esta guerra
e de Ceuta o tarretóreo
hastra o barranco d'Angueira.
Tetuan, mentres non pagan
os millós, déixana en prendas:
son as condicios maores
que poñen fin á contenda.-
-¿E damos a Tetuan
siñor? ¿española n'era
esa suidá xa, siñor,
por quen fono tantas festas?
Armóuse certo desorde
en tod'o campo co a répreca;
pró sahíu meu amo e díxoñes:
-¡Amigos, basta de leria!
¡Se Dios tén disposto que
Tetuan decote sea
do mouro, pouco vos val
crebar agor'a cabeza!
¡O dito, dito!... así como
se tén firmada a potencia
d'España, serve moy pouco
q'alleas naciós non queiran.
E non digo Tetuan
q'algús din q'é unha prea;
pro Xibraltar e Fez própeo
cayen na nosa restreva.
E non me quero alargar
e decir outras millenta
porque non suden algús
gotas de sangue e candea.

Q'unha a unha nomealas
a nobre Spaña poidera ...
sendo cal foi a siñora
mais grande que tivo a terra.
Aquela que ó rey de Fráncea
trougo preso, en boa guerra
a Madril, non por engano
nin entriga palacega.
Aquela que tremar fixo
a Sabel d'Ingalaterra
no seu trono c'unha armada
q'o ceo, só, poido vencela.
Aquela nacion trunfante
de tod'a cast'e relea
de mouros, turcos, alarbios
e servaxes d'as Amérecas.
Aquela en q'o sol xamais
se puña nas suas terras
do novo e do antigo Mundo:
tantas e tan longas eran.-
-Pró, siñor, eso é verdá
naide coido nol'o nega
pró ¿que fomos a catar
nesta loita derradeira?
Se deixamos Tetuan
¿dos nosos trunfos qué queda
nas afrecanas montañas
de sangue española cheas?-
-¡Queda a groria! ¡veu o mundo
q'a Spaña d'hox'é a mesma
d'os Alifonsos e Cides
e da promeira Sabela.
Queda en Afreca o temore
e tamen o amor se enxerta
n'aqueles peitos de bronzo
pra co a española nobreza.
Que moitas veces perdendo
gánase mais n'esta feira
do mundo en que todos andan
con segunda e con trastenda.

Adomais a Europa d'hoxe
é unha fornalla chea
de polbra, e mechas arden
preto d'alí moi acesas.

Hai un demonllo que tén
en cada mau d'esas mechas
e stou vendo que xa case
o lume d'un lado pega.

Ou por dous ... e d'eles poida
q'un, xa sea a nosa aldea
e antes d'andar por lonxe
vir conven a defendela.

A guerra d'Afreca bén
está; pro tendo guerra
na Europa, ou por España
o millor é a prudencia.

E val mais en todo caso
unha roin avinencia
do q'unha sentencia boa
dada por xentes alleas.

Moita parola esta paz
nos homes todos atea:
un pouquiño misteriosa
pra o que non descurre, éa.

Pró teñamos entendido
que quen se bateu na guerra
con tal valor e amor pátreo
tén dereito a que o crean.

Guerra e paz foivos un lóstrego
que ver fixo a Porvidencia
ó mundo que á Spaña tiña
por unha nacion pequecha.

Cativa, porque acó estamos
devedidos en contendas
destorozando uns ós outros
por dous rabos de xereixas.

A Fráncea por xente moita
que non lle cabe nas veigas
tén a miudo que darse
unha sanguía de guerras.

A Spaña n'as nacesita
por xente que sobre n'ela;
pró sí pol'o seu carautre
belicoso en gran maneira.

Que se non tén en quen dar
boura na própea moleira
a infelis, e d'esto sahen
tantísmas civís contendas.

Esto coñecen as mais
naciós q'estan ollo alerta
e atizan como o demonllo
que vos dixen, o das mechas.

Esto fano pra que nunca
ergamos do chao cabeza
porque nos teñen por moito
e fan que nos desprecéan.

Se sinto q'a guerra d'Afreca
tan logo fine, é por esa
razon, que vamos a entrar
n'outra dobre fieiteira.

Pró Dios è pai: confiar
na sua podrosa alteza:
cruz ó demo lle poñamos;
e as ambiciós, tollelas.

Ivos par ás vosas casas,
rogar a Dios que nos dea
luz, esprito e onion
máusime ós que nos gobernan.

Esto meu amo falou
Sobindo pol as esqueiras
do pazo que tén na Ulla
antre augas e frolestas.

Ainda quixo falar algo
Tomé q'a sua concencia
Hoxe mais que nunca ó probe
non ll'acouga, nin sosega.

Pro Don Bastian parado
no máis alto d'as esqueiras
co sembrante robicundo
insin'a tódol a breda.

E despideunos decindo
cariñoso e con nobreza:
ívos, meus ratiños, ívos
cada un á vosa aldea.

Caladiños coma ratos
descrobiron as cabezas;
só dixeron os probiños:
¡Siñor, a sua obedencia!

Pró antes de despartirse
o amo fíxome seña
e obrigounos a quedarse
hastra tomal a merenda.

Pró Tomé non come pan
nin bebe viño; este home
só papa rabias, somente,
vasos d'auga beb'o probe.

Sospira mirand'ó ceo
e patea e dimpois volve
a mirar o tarxeteiro
q'atopou no alto do monte.

Tarxeteiro d'as nacidas
q'os sentidos ll'arrévolve
millor fora que o queimase
cos papés que n'el esconde.

Pró tal cariño a ese chisme
o própeo tempo tomoulle
que nin a Don Bastian
llo regala, nin a Diose.

Xa de todos desconfia
desq'oyeu da paz o nome
e anq'os fillos tén na guerra
guerra quería decote.

Disque con outra nacion
a que haxa paz non se oponhe;
pro que a guerra co alarbio
hastr'a fin do mundo compre.

En Marrocos e no Riffe
que descagallado fose
o emperio, ir conviña
ó Axito e inda mais lonxe.

Que as Arábeas de seguida
deben ir os españoles
e dimpois a Palestiña
á terra do Redentore.

Tamen a Costantinopra ...
en fin, está o bo do home
feito un baselisco: o ingrés
coma unha soleta o ponhe.

Pra esbarafundar así
outro motivo non houbе
senon aquel tarxeteiro
por ser amañado en Londres.

27

A LA GUERRA DE ÁFRICA * CANCIÓN

Volemos al Africa
Ibera Nación
Que el Moro bandido
Manchó nuestro honor.
¡Al Africa! ¡Al Africa!
Guerrero Español:
¡Con sangre se lava
La mancha de honor!

I

Pendón de Granada
Lepanto y Oran
Arrastra y destroza
El vil Musulman.

Volemos al Africa, etc.

II

¡D. Juan el de Austria!
¡Cisneros también!
¡Gonzalo el de Córdoba! ...
¡El rostro volved!

Volemos al Africa, etc.

III

Volvedlo, Guerreros,
De España el valor
La fe y la nobleza
Mas puras que el sol.

Volemos al Africa, etc.

* 'Coruña, Imp. del Hospicio, 1860. Precio 4 cuartos: su producto, a beneficio de la Guerra, a cuyo fin se hace propiedad de todos los Ayuntamientos, Gobiernos civiles y Autoridades superiores de España'. N. do A. Prego solto: A. S. de la I.

IV

¡Volvedlo! ... Hasta vernos
A España tornar
Trayendo en cadenas
Al fiero Sultán.

Volemos al Africa, etc.

V

¡Oh! ¡sí! ¡en cadenas!
Que el bárbaro infiel
No tiene palabra,
Ni freno, ni ley.

Volemos al Africa, etc.

VI

¡Hiena del desierto,
Marrueco traidor,
Verás tú, de España
El noble León!

Volemos al Africa, etc.

VII

Audaz Media Luna
¿Qué sirve tu luz
Si el Atlas inflama
El sol de la Cruz?

Volemos al Africa, etc.

VIII

¡Oh! ¡Tú! ¡Cierra España!
¡Santiago! ¡Patron!
¡Tu cruz la de grana
Al campo español!

Volemos al Africa, etc.

IX

La Reina Católica
Del cielo nos ve
Y tiene en su espíritu
La Reina Isabel.

Volemos al Africa,
Ibera Nación
Que el Moro bandido
Manchó nuestro honor.

¡Al Africa! ¡Al Africa!
Guerrero Español:
¡Con sangre se lava
La mancha de honor!

28

MUIÑEIRA DO FERRO-CARRIL *

Carril véñanos ¡carril viva!
E Galicia sin máis agardar
Sâe do término de cautiva
Opará como a escuma do mar

Homes, rapaces e nenos pequechos
Botade vivas por anos mil
¡Vivas, atruxos, afoutos e rechos
Ó suspirado ferrocarril!

Vide gaiteiros de toda esta terra,
Vide correndo, vide tocar:
Nunca jamáis nos entrou pol-a serra
Nova tan boa, nin pol-o mar.

¡Ja tamen témolo ferro-carrile
Nas Cortes, viva, ja se ganou!
E iso que tivo o gallego en Madrile
Que suar negro co que loitou.

¡Veñ'o pormeiro gaiteiro prantado
De Pontevedra, ou de Ferrol
Bote das froyas alento sagrado
Dando á palleta soíño mol.

Vide os de Vigo, d'Ourense e de Lugo
Cos de Santiago do jibaleu
Vide que o demo que canga co jugo
Ja c'unha palla tòrnovos eu.

Vide os da terra do neno San Payo
Q'héroes do mundo bot'arredor
Dond'aquel Miño s'estrica tan gayo
C'as suas veiras cheas de fror.

Vide os do pobo do tenro Macías
D'aquel Macías que tant'amou
Donde o amiguiño Rodríguez os días
Por él chorando n'Herbón finou.

Vide tamen os do Tambre e da Ulla
De Mondoñedo e os ribeirans
Vide co eles e veña unha tulla
Dos de Viveiro que son galans.

* AC, pp. 356-361.

Todos acordes, meniños tocade
Q'as nenas cantan ¡ledo pracer!
Cántigas novas a gran novedade
Dina de cantas trovas houber.

A que cal naye que s'os fillos rifan
Neles acouga co apaxoar
Mim'os a todos s'acaso cotifan
Ou s'a rancura os vèn virar.

¡Ai! se non fose, por certo se nombra,
Dos galleguiños esta nanai
Lidos e legos ja todos sin sombra
Qu'estiverámos, dubda non hai.

Porque a discordia q'odientos nos tiña
Cada un turrando para o lar seu,
Daba mal geito de ver logro agiña,
Galicia, en nada para ben teu.

Pro non se lembren ja días tan pretos
Foise da tirria longe a mazan
Que os corazons d'alegría repretos
Vida empezáno co esta miñan.

Dend'hoj'os homes d'acó do poente
Montañesiños, ou mariñás,
Tanto han valer coma tod'os d'ourente
Máis que non sean fanfurriñás.

Homes gallegos de pelos no peito,
J'aquí Castela teredes ja
Non haberédes ja d'irvos a eito
Pr'a outra banda morrer alá.

Froitas e peixe, graosiños co gando
Nun día van a Madrile d'acó
E inda que sea un penedo arrastrando
Por él cartiños darán aló.

Ja os labradores pendentes da usura
E dos emprestos os menestrás
Couce daranlle a tal comechura
Pondo a vixatos dados os cás.

¡Quén vos verá co a preñe falchoca
Sempre de pesos, co seu rogir!
¡Quén vos virá de chatolas na moca
De prata e d'ouro, co relucir!

Ja a muller vosa que sempre rabiando,
Co aquela cara está de Neron
Po-los demoros dos cartos fungando
Vos porá en diante bico rinchon.

Ja do comérceo morriu fado agre
Perda nin qrebas ja non verán,
Hastra tendiñas d'aceite e vinagre
Nos alzadeiros seda terán.

Cencias e scolas poránse no cume
Naid'o pè diante nos ha de por
Tendo escolantes arreo no lume
Galo e perdices co año millor.

Penos de mármore, pepidas d'ouro
Ferriño e staño e outros metás,
Vamos a tere de todo tesouro
¡Hei gui gui! homes, si os minás.

Vexo crobirse de pinol-os montes
Carballeiriñas, soutos no val
Os nogueiridos por cabo das fontes
Ó pé dos ríos ameneiral.

Antre dos árbores en frábecas moitas
Dando ás rodiñas quente vapor
N'óutral-as moven as augas que as troitas
Botan no canle sin ningun dor.

Soben ós ares gigantes prumachos
De borrallento negreiro gas
Ou as pingotas das augas que en cachos,
Sân dos rodicios como cristás:

Hastra parez que os paxáros do ceo
Cantan máis cedo e cantan millor
Ó vela fame que deixa o tarreo
Escorrentada polo vapor.

Soan as augas limpiñas da fonte
Entre pelouros e albo xasmin,
Múseca alegre se triste foi honte
A cantiguiña que lles oin.

Soan os aires ¡qué brandos! ¡qué groria!
Na carballeira, e no pinal,
Múseca, encanto que esquence a memoria
Tódal-as penas e todo o mal.

Ónse dos rios as cántegas longe
D'altos penedos o seu cair,
Sinto o balbordo como alá ronge
Pol-o contento que ven bulir.

O mar sagrado ¡como rebulda
Diante das furnas! e o seu bruar
Non è de cólira que hoje ten bulda
Sò de alegría para ruar.

D'ouro o sol rayos estende no campo
Ledo e morniño ¡cáse è de ver!
Torna a cerdeira de neve nun ampo
E o pexegueiro nun rosicrer.

Vexo no porto ja moitos apretos
De dia e noite desembarcar ...
Ir para abordo ... e de cote os carretos
Nas corredoiras irtos chiar.

Vexo arreeiros con miles de agencias
Por tod'as bredas e arrecadén,
Levan galeiras e máis diligencias
Burros e facos, mulos tamen.

Gente que baixa, gente que sòbe ...
Récua de coches pol-o carril ...
¡Canto divino caixon alí chòve
para Lionhe ... para Madril!

¿Quén aquí dorm'ó barullo ó strondo
D'esta lióría, d'este bureu?
Penso q'o sono ja fixo no fondo
Do escuro limbio o cubil seu.

Croa d'España terás boa enchente
Máis que ningunha d'outras naciós,
Nas tuas uchas co medro da gente
D'esta Galicia e cos millós.

¡Ai picariños, e canto se debe
Ó diputado cruñés, meu ben!
¡Que homiño ese que todo s'el reve
Do albendo noso coma ninguen!

Viva o gran Frores e viva de cote
O que da Cruña fixo un jardin,
E que fará da Galicia d'un bòte
Un paraíso, un potosin.

Dios lle de grorias ó pai que o fixo,
Bene á naiciña que o paríu
Viva mil anos a dona que o quixo
Hónrese a vila donde nacíu.

Fillos e netos por donde eles foren
Saú, fertuna e bendición:
Terra que leixen, a rego alí os choren,
Dos bees que fagan, recordo bon.

Vivan con Frores os homes da terra
Que nesta idea puxeron mau,
Os q'escribiron sostend'unha guerra
Contr'a discordia, que levou pau.

Viva con Frores o leal Diputado
Que entrou no visgo d'esta union,
E pol-o mismo, que viva o Senado
E viva a Reina pol-a sancion.

Viva Picabia por selo pormeiro
Que antr'o comérceo d'acó moveu,
Est'estudío e non derradeiro
Será pr'a obra o peto seu.

Vivan e runfren tan tèstos patruxos
E viva sempre tal hirmandá,
Que boa falla tèn d'ela os maruxos:
Co eso a obra non marrará.

Homes, rapaces e nenos pequechos
Botade vivas por anos mil,
¡Vivas, atruxos, afoutos e rechos
Ó suspirado ferro-carril!

Carril véñanos ¡carril viva!
E Galicia sin máis agardar
Sâe do térmeno de cautiva
Opará como a escuma do mar.

Cruña 30 de marzo de 1858

29

Ó PRINCIPE D. ALFONS'O GALLEGO *

¡Ti de monteira galana
Afonsiño, meu amor!
¡Ti calzonciños de pana
De polainas, meu siñor,
E de chupa galiciana!

Vamos: eu me volvo louco
¿E quén nos terá en pouco
Ó vervos así, meniño?
Non podo falar q'enrouco
Ó achar en vos tal cariño.

¡E tamen a mòca tedes
Afonsiño, nesa mau
E co ela a mau enchedes!
¡Cariña de roxo brau,
a alma non me roubedes!

¡E o demo leve o rueiro,
(Dios mo perdone siñor)
Se non saca o tabaqueiro
Da falchoca para o pór
Nas sas nárel, o chungueiro!

¡Quítateme ti de diante
Condanado de tunante
Escacha pedras, bribon!
¡Vaite pol-o mundo adiante
Ladron do meu corazon!

¡E sei que t'ibas, rapaz?
Quen te me leve d'acó
Ha de sabel o q'è bo
Hame de miral a faz
E non lle val seu abó.

Os herdeiros da coroa
No tempo de miñ'aboa
Na Galicia se criano
E non sal ja cousa boa
Des que a Galicia deixano.

Senon, vou a contas eu:
¿Ónd'o ar è mais boíño?
¿Ónd'hai millor macareu?
¿Ónd'hai máis pan e touciño?
¿Ónd'está o Zebedeu?

* AC, pp. 378-380.

¿Ónd'hai arbres máis frondosas?
¿Ónd'hai ribas con máis rosas?
¿Ónd'hai montiños e vales
Máis ricos e prencipales
E augas máis saudosas?

¿En que terra ou en que diaño
Boligan as doces troitas
E còllense co gadaño
Berberechiños e froitas
E se come tanto año?

Outras cousas mil desconto
Por que non digan que è conto
Prò que non podo leixar
Neste cativo reconto
È o mariño e o mar.

¿Dond'hai previncia na Spaña
Que tantos mares conteña
Nin tanta pesca a eles veña
Tan gustosiña e tamaña,
Nin tantos barquiños teña?

E s'a terra mar e ceo
Non infruyen no esprito
Nin no corpo, ja non creo
No que me digan, maldito,
Nin a Saavedra máis leo.

Déixame, Afonsiño, deixa
Bicarte, meu marulan,
Roxiño cal a xereixa
Collida por San Joan
Co orvallo da miñan.

Tod'o corpo se me rève
Ñáñaras sinto nas costas
Cirolan, chopo de neve,
C'as tuas prumiñas postas
Na pucha ¡o trasno me leve!

Ti, has de ser galleguiño
Ou pouco pòd'esta terra:
Saca ese tangalexiño
E esbirra, cañon, e bèrra
Botand'un aturuxiño.

E quen se poña por diante
Para botarche mal de ollo
Mételle, meu diamante,
Un bo còque, s'eu n'o collo
E fago d'el un tirante.

Prò aquí non haja medo
Que t'ameigare ninguèn:
Nacéu o gallego cedo
Na lealdá que sostèn
Firmiño coma un penedo

Outro biquiño, meu rulo,
Anq'es'ama se m'enfade
Outro e outro, meu papulo,
Perdona se tanto bulo:
¡Dios te crie e te ben fade!

Dios che insine canta cencia
Pudo ter Afonso dez
E bondade e esperencia
Para que ningunha vez
Teñas maa intrecadencia.

Lémbrate sempre dos teus
Galleguiños e confía
E conta cos peitos seus
¡E o domáis da monarquía
Deix'o gobernar a Deus!

Cando con eles falares
Se tès a lingua na uña
Con que tod'os seus cantares
Alifonso dez compuña
Serás Rei dos nosos lares.

E non ben che caería
Esa garrida monteira
Se a fala non che s'oía
Da terra da fidalguía
Ruando na nosa feira.

Se che parece q'è ruda
Quen cha insine acó non marra:
Poida que non carrancuda
Coleucion teña eu, nin muda
De versos na miña barra.

E se tua Nai quixera
Astrévome a imprimilos
Dend'o sabio Rei á era
En que se poden lucilos
Os q'a vòs vos compuxera.

E a ti, meu Afonsiño,
Che adicara ese libriño
Qu'è un mentides solemio
O que nos dixo tolemio
Non da poétal o Miño.

Os niños che hei de insinar
No fondo do verde souto
E iremos a pescar
Dend'enriba d'un petouto
Aquí na veira do mar.

E collerémol os panchos
As bicudiñas e vellos
E dimpóis nos montes anchos
Apañaremos coellos
Por antre penas e ranchos.

Heite de levar ás fias
Heite de levar ás feiras
E tamen ás romarías,
Onde ti, meu rulo, queiras
Ruar e tere bos días.

Inda vas chamarme tolo,
Prò chámam'e dame un bico,
E bótate no meu còlo
E ousame o que ch'esprico;
Prò non quèro que te molo.

Sòmente direich'ó fin,
Jurando pola monteira,
Que non deprendas de min
Nada do que che ofrecin
Se non che insino a muiñeira.

30

Á LINGUA GALLEGA
UN AUSENTE *

Falade sempre así, lingua gallega,
Sanádeme o meu peito co a alegría ...
S'eu nunca vos oise, vos morria
Na terra en que esa gracia se atafega.

A soedá de vos decote rega
Os ollos do que en vos sua nai via
Cariño, amor, pasión e poesía
Que vén da celta, e da latina, e grega.

Prò máis que ela viñera d'outra gente
Non de nobres avós cal voso pai,
Que achadiza forás antre do millo;

Escoitáravos sempre alegremente:
Que o linguage tenriño d'unha nai
Sempre é grato ós oidos d'un bon fillo.

* AC, pp. 422-423. Hai ms. na C 97/33. Variantes no Apéndice 30.

31

EL ORZÁN *

¿Quereis ver, sobre azul, campo de nieve
Inmenso como el mar, como el Océano,
Brillando su blancura que se mueve
Bajo el cielo y el sol que da el verano?

¿Quereis verlo tornar en ruedas de oro
Bruñido como el sol resplandeciente
O convertido en iris el tesoro
Con prismas de cristales transparentes?

¿Quereis ver ya su espacio en hondos valles
Y en elevadas sierras convertido
Y luego transformado en anchas calles
Y plazas de un gran pueblo enriquecido?

Venid, es el Orzán, es el tremendo
El formidable Orzán a quien fue dada
La potestad del trueno ... ¿oís? ... ¡rugiendo!
En la galaica tierra aquí olvidada.

Aquí la potestad de las tormentas
Del gran padre Neptuno tiene el solio:
No ose alguno al Orzán decir afrentas;
El Orzán es del mar el Capitolio.

¡Ay! por él son los ayes del marino
Que en medio de la mar, sobre cubierta
Sin otro amparo ya, clama al Divino
De la eternidad en la ancha puerta.

Los bajeles huid, huid presurosas
Escuadras invencibles en el mundo,
No toqueis a estas playas peñascosas
O sumidas quedais en el profundo.

¿Veis aquel monte de una forma rara
Que el cráter de un volcán tajó algún día
Do castillo de peñas fabricara
Y encanto es de un gigante y su vigía?

¿Veis otro monte en frente en el que asciende
Una torre al zenit, torre encantada
Del gran Hércules que, en la noche, enciende
El faro misterioso de esta rada?

* AC, pp. 327-332; publicouse tamén no folletin do "Diario", do que hai un recortiño sen data no A. S. de la I. Ms. na C 102/40.

¿Y desarma de Jove omnipotente
Rayo exterminador, arrebatando
A las nubes su fuego que inclemente
Vése en los aires sin cesar vibrando?

Son los dos avanzados centinelas
Del sacro Orzán y su palacio undoso;
Saludad y huid lejos, caravelas,
Escapad por el piélago anchuroso.

No detengais el remo un solo instante,
No fieis de esta nieve en falsa calma,
No es puerto el que preséntaseos delante
Que en largo navegar consuele el alma.

Huid lejos de aquí, tristes bajeles,
Al divisar la alteza de esos montes
Que son del sacro Orzán, regios doseles,
De sus vastos dominios, horizontes.

Diáfano vése aún el almo cielo
El sol abre en las peñas clavellinas
Y de rosas de abril sembrando el suelo
Cubre con sus jacintos las colinas.

Empero no fieis: la leve aura
Que el jazmín y alhelí de sobre el muro
Columpia y la salud, pía, restaura
Es para el fiero Orzán cual viento obscuro.

Ya le veis, ya le oís, ruge en su centro:
Cóncavo trueno la ribera espanta:
Hínchase el mar, y al formidable encuentro
De las ondas, al cielo se levanta.

Miradle cual se tiende en escalones
Frente a disforme peñascal ribera:
Son de la mar guerreros escuadrones
Y vienen contra el mundo en pugna fiera.

Brama el mar: es la orden de batalla:
Rompe la primer línea en bronco estruendo
Asalta de peñascos la muralla
En cascadas del alto descendiendo.

Tiende por la ribera en los espacios
La espuma del furor del mar Atlante
Que brama más y más en los palacios
Que tiene en su hondo abismo horrorizante.

Ruge y brama otra vez, y nuevas ondas
En batalla gigante otra vez vienen
De las cavernas verdinegras y hondas
Que en espanto y terror las peñas tienen.

Hélas allí; ya llegan levantados
Blancos penachos sobre el manto verde:
Hélas aquí en caballos desbocados
Que aliento el corazon al verlas pierde.

Y tiembla el pecho osado cual las peñas
Que van su furia a recibir postradas
Y lánzanse otra vez al aire en breñas
De arena y negro tinte entremezcladas.

Braman, y al encontrar la resistencia
Del peñasco que espera silencioso,
Tétrico estalla el trueno y tal demencia
Su estampido repréndele, horroroso.

Marchan las que estallaron en la falda
Y toman nuevo campo que despojan
Y volviéndose atrás, sobre su espalda
Levantan nuevas olas y se arrojan.

Y líneas sobre líneas de escuadrones
Combaten sin cesar la triste tierra
Y arrastran retirando, entre legiones
Destrozados despojos de la guerra.

Y el aire atruena el perennal bramido
Hierven las aguas en hervor eterno
Inúndase el espacio estremecido
De la bruma que se alza del averno.

Y tornan otra vez con más bravura
Esas rugientes olas desatadas
Y cubren las rompientes de blancura
Rasgando el rojo seno sus cascadas.

Y lánzanse otra vez contra los montes
De la gran creación contemporáneos
Y los marinos monstruos bifrontes
Rugen en sus obscuros subterráneos.

Los ojos de los monstruos son lucernas:
Allí están de continuo amenazando,
En boca de las hórridas cavernas
Absorbiéndose el mar y vomitando.

Y el mar en el horror de sus furores
De las rocas arranca negros cascos
Y a impulsos del furor, devastadores,
Transforma en grandes bombas los peñascos.

Y arrójalos la hora de su enojo
Hora terrible de su horrenda saña,
Arroja de las rocas el despojo
Contra la propia madre, a la montaña.

Y mínala en sus sólidos cimientos
Y espacio y calles en las peñas forma:
Allí están los suntuosos fundamentos,
De torres y palacios, plataforma.

Y antes que los sepulte en hondas minas
Que sirven al Orzán de anchos canales,
Besa augustos montones de ruinas
De antiguas venerandas catedrales.

Y braman otra vez ondas feroces
La mar sin orden, la cruel madrastra
Por todas partes, con horrendas voces,
Tierras y rocas a su abismo arrastra.

El sol desciende por el triste ocaso
Cual ascua roja de encendido hierro
Y el Orzán de su curso no hace caso
Ni admira al astro en su imponente encierro.

Y la luna aparece y las estrellas,
La torre inflama el encantado espejo
Y lanza el mar de su rigor centellas
Y de furia no esconde el sobrecejo.

Y en la noche el pavor y horror se aumenta
Negras fantasmas de los montes bajan
Y puéblase de monstruos que no ahuyenta
La ribera que aquí las olas sajan.

De las nocturnas aves agoreras
El ¡ay! desgarrador ecos repiten
Y gritos y aullidos de las fieras
Que en su rencor con el Orzán compiten.

Y su fin a este mundo ya decrépito
Sombras gigantes que en el aire chocan
Anuncian con el mar y entre su estrépito
¡Ay! la campana de agonía tocan.

Y fúnebres crespones aparejan
Y el abismo del mar se abre por tumba
Y en su luchar las olas jamás cejan
Y el trueno sin cesar luce y retumba.

Y en pos de virgen sonrosada aurora
Del sol vuelve a tornar la luz temprana
Y el Orzán en su furia destructora
Sin tregua, de la noche a la mañana.

Y no hay sabio que dé razón, ni ciencia,
De este eterno combate y su armonía
Ni porqué de este Orzán la gran violencia
No traga en su furor la patria mía.

¡Siglos tras siglos de luchar horrendo
Y sin miembros la tierra agonizando
Y aun vivir entre horrores y entre estruendo
Y ese mar siempre hambriento, devorando!

El gran poder de un Dios revela él solo
Ante quien el del hombre es triste efluvio,
De ese Dios que de un polo al otro polo
Inundó con las aguas del diluvio.

32

O MAYO *

Cantarán o mayo
¡E máis ben cantado!
(Cántiga vulgar)

I

Cantarán o Mayo
Inzador d'amores
Pol-o campo gayo
Ven botando frores.

O Maíño temos,
Nenas da ribeira
Vid'acó, cantemos,
Nenas, a muiñeira.

Cantaremos, nenas,
Ó Maíño amores
Q'hastra pol-as penas
Sementou as frores.

Vide logo, vide,
Ó campiño gayo,
No labor bulide
A cantal-o mayo.

Correrés, corré,
Nenas, vide á festa
Rosas mil tragué
Fiunchiño e lesta.

Na faldriña todo
Traguerés da saya
A froriña, a modo,
Ni unha sola caya.

S'houber un veciño
Q'o fiuncho negue
Ir ó seranciño
Roubalo e que pegue.

Vide oír, homiños,
Vide oil-o mayo
Que cos meus meniños
Cantiguiñas trayo.

* GRUR, II, 15.IV.1861, nº14, pp. 211-216; AC, pp. 249-255.

Vide oír, mulleres,
Mayo está no bosco
Ó decir praceres
Falará con vosco.
Vide oír, velliñas,
Baixo do carballo
E deixá as murliñas
Nese lar co tallo.
Vide que n'hai vento
Vide que n'hai frio
Sólo hai contento
No herbal do rio.
Pouco a pouco avó
Vide vos ... sí ¡sí!
Outro tempo, e bo,
Lembrarés aquí.
A cantal-o Mayo
Inzador d'amores
Que no campo gayo
Aquí está co as frores.

II

Empecemos a cantar
Rapaciños da ribeira
Cantá ben, impois danzar
Ó soíño da muiñeira.
Pol-o Mayo, meus donceles,
Que cuberto vén de rosas,
De fiuncho e caraveles
E lestiñas ben cheirosas.
Pol-o Mayo nos pinales
Canta agora o bo do cuco,
Enchen de froita os froitales,
Por el vén o pan ó suco.
Por el canta o reiseñor
Na noitiña sosegada
Dende Tuy ó Valledor
De Quiroga a Cortegada.
Por el danza o pigoreiro
Da frautiña ó son montés
Na Mahía e no Ribeiro.
E no valle do Sanlés.

Por el gallegos meniños
Nas vilas e nas suidades
Van cantando cantariños
Que curan de soedades.

Vai vestid'un de fiuncho
E de rosas coroado:
Parece o Mayo un bazuncho
Pero va moi ben prantado.

Nenos arredor en roda
Corean o q´el cantou
E rí ben a gente toda
Co as copras que botou.

E o Mayo moi discreto
Falangueiro e moi galan
Asieirado e repreto
De decires que rir fan.

Vai decindo co a cabeza
A todo que sí, que sí;
Pro se a craticar empeza
Moitos ferverán alí.

Canta o Maíño alegría
Bótaa pol-o mundo adiante
Co as rosiñas pol-a vía
Co seu sol relumeante.

Antr'os homes os cantores
Son meniños inocentes
Os pormeiros, reiseñores
Diante van dos mais viventes.

Antre rios e fontiñas,
Marmuladores regueiros
Que alimentan as cortiñas
Son os cantores pormeiros.

Canta o ar antr'os carballos
Da carballeira sombriza,
Move as pòlas e ramallos ...
¿Quén ó cantor non cobiza?

E trai consigo o encanto
Do cheiriño de mil frores
E tamen, de longe, o canto
Do mariño antre rumores.

Pol-o Mayo tal portento
Se ve hoj'e s'oi na terra:
Só pol-o Mayo hai contento
No mar, no val e na serra.

Por el do Miño nas veiras
E máis no valle Miñor
Antre froles de roseiras
Láyase o doncel de amor.

Por el a virge aureana,
Canta nas ondas do Sil
Catand'ouro; pro non sana
Mal d'amor con ouro vil.

Galans da Ulla e da Ulloa
Pôn de rizo o calzon ben
E van regañand'a moa
Tras Mariña arrecaden.

Por el na feira de Cambre
Moitos celos nados van
Q'arraigan no val do Tambre
Antre froles do seu chan.

E siguen á romaria
Santa Minia de Brión
D'uns e d'outros a porfía
Roendo no corazon.

Na cintura por el ata
Con cinta de mil colores
O seu dengue d'escarlata
Mariña, que tén amores.

E prende no corutiño
Da cabeza peiteada
A cofia co seu laciño
Pol-os hombros estricada.

Ben, do mantelo debaixo,
Pón mirando par'atrás
O irelo do refaijo
Enriba dos calcañás.

E a mantilla encartando
Terciada no brazo póna
Foliada vai buscando
E dono tan linda dona.

Chega e cegos deix'ós sabios
Co relume dos pendentes
Pro máis co cravel dos labios
E máis co jasmin dos dentes.

Que a rapaza é linda tanto
Co sol co Mayo da nela,
Que de seijo a un duro santo
Fai bolirll'a paxarela.

Pol-o Mayo andan afoutos
Ó redor de Mariñiña
Cen galans que dos petoutos
Por vela baixano agiña.

E encrinan sobre da orella
Monteira repenicada
Disparand'unha centella
Á meniña en cada ollada.

Ela mira moi modesta
Par' o chan d'herbiña e rosas
Con desden está na festa
Antr'as nenas máis fermosas.

Mais penso q'o folion
Vai a rematar a paus
Por que prefireu a Anton
Para danzar en Montaus.

Ben o digo: escagallouse
A foliada e troupelean
Os paus; a nena crisouse,
Os homes todos pelean.

E mentres quedan bourando
Nas cabezas uns dos outros
Vamol-o Mayo cantando,
Meniños, ó val nosoutros.

III

Ahí vén o Mayo
Pol-o cume do alto monte
Dando ó campo gayo
Caraveles tras da fonte.

Arbres da friage
Mayo vén abrindo morno
Pinta d'ouro a lage
O codeso e o piorno.

Ahí vén o Mayo
Por enriba dos piñeiros
Pingón ou desmayo
Cocha o trevo dos roleiros.
Ja abrocha o castaño
Que non poido Abril quentar
E o negriño año
Non se lembra de mamar.
Coméstol-os pitos
Pol-as frebas do Frebeiro
A galiña envítos
A andar solos no rueiro.
Do aquion ó impo
Ja non hai que lle ter medo
Que o Bocelo limpo
Vin de neve hoje ben cedo.
Nin met'o sombreiro
Hastra enterral as orellas
Mais o pigoreiro
Tras do valo cas ovellas.
Baixa Mayo lindo
Frorecend'uces e tojos
Pol-o monte Pindo
Con mil anjeliños roxos.
E brincando irtos
Pol-os altos alí van
Albiños cabirtos
Que nos penedos se dan.
O Ézaro un salto
Dá na cima da montaña
E cai dend'o alto
No mar que ferbendo o apaña.
Cantan laberquiñas
No ceo buscando os astros,
Sólo as andoriñas
Tristes aniñan nos clastros.
Jílgaro rayal
E o ferreirolo tamen
Ja no carballal
Cantan amor ó seu ben.

Ahí vén o Mayo
Do rio pol-as beiriñas
Dando ó sol desmayo
Cada rosa das cortiñas.
Canta amor ruliña
Canta amor no souto escuro,
Tenra cantiguiña
Do amor, amor máis puro.
Do trigo antre as canas
Sobre espigas de centeo
Teso nas arganas
Canta o paspallás arreo.
Antr'o verde liño
Dá o pardillo d'amor queixas,
Canta o estorniño
Peteirando nas xereixas.
Ahí vén o Mayo
Mand'o acó Noso-Señor
A dar novo sayo
Ó gallego labrador.
Por el ri a fonte
Por el canta co regueiro
Que baixa do monte
O merliño cantadeiro.
Por el o cabalo
Rincha e salta na montaña
A pena e o valo,
E a gadella en suor baña.
Por el o milliño
Rompe a terra en que o sementan,
Por el en Laíño
De górdol-os bois reventan.
Por el sobre as pedras
Das ruinas d'Altamira
Acha moles edras
A craba se o beizo estira.
Por el fan os niños
Os paxáros na devesa
Por el os filliños
Teñen bicada na mesa.

Ahí ven o Mayo
Por enriba dos pinales
Do seu sol un rayo
Bota encenso alí a quintales.
Por el víu a terra
Toda a lindeza das frores,
No val e na serra
Veñen co Mayo os amores.
Natureza vella
Co Mayo nena se torna
Co sol que aparella
A choiviña que cai morna.
Strela da fartura
Ja no ceo de noite está
D'ela a bonitura
Consoliño ós homes dá.
Probe pesco, probe,
Ja o mar vai adormentado
A ola non crobe
A fria man do afogado.
Tras por eso a feixe
En cada onda da marea
De prateado peixe,
Meu luliño, a rede chea.
Probe, tes na horta
Pataquiña col e chícharos
E ó pé da porta
Ves coloradol-os níxaros.
Ahí ven o Mayo
Mes do ano o máis galan
Ja de meu me cayo
Do pracer q'as frores dan.
Hortelo frolido
Voume arrodillar afellas
Antes q'o soído
Me rendire das abellas.
Acarón do valo
Teñen sua abellariza
Alí van botal-o
Mel nos cobos da cortiza.

Soando contentas
No porral da limpa col
Están a millentas
Lamberetando na frol.

Moneaba eu
Sin decatarme do que era,
Tamen no romeu
Rapañaban mel e cera.

Est'é o encanto
Do jardin do paraíso,
Non dou este canto
Pol-o emperio de máis siso.

Brisa, leva ó ceo
Graciñas que Dios merece:
Peito d'elas cheo
Co Mayo tamen frolece.

A Nosa Señora
Voull'a dar de froles don
Co orvallo d'aurora
Que lle ofreza o corazon.

IV

Acá ví, liliñas
Ví, lilas, acá
Co esas folliñas
De soavidá.

Vos ví, peonías,
Rosa e carmesí,
E veñ'ás porfías
Galan alhelí.

Do albiño e do roxo
Marelo tamen
Que d'el teño entojo
Por que hole ben.

Chegá os caraveles
C'as mirtas a min
E veña co eles
Branquiño jasmin.

De prata cintiñas
E lesta chegá
E máis craveliñas
E máis resedá.

E veña ese mirto
De tras do curral
Con el veña o irto
Loureiro reyal.
De junta do forno,
Pepiño, tragué
Cheiroso piorno
Que ben lindo é.
Reyal vieiteiro
Aceso cravel
D'ahí do quinteiro
Traguede co el.
Tamen do corruncho
No esquezas, ó fin,
Bonito fiuncho
Q'envidia o jardin.
Eu, mentres, cacheo
Na dalia tempran:
Que a dalias alleo
Non é o meu chan.
Para os viosbardos,
Meu neno, mirás:
Traguerme vas cardos
S'atento n'andás.
Ven ti, malva rosa,
E ti a de tul
Froriña mimosa
Do deguiño azul.
Frol boa que tope
No ramo a hei de por
Est'heliotrope
Non é a pior.
Co ela ja tomo
Frorido romeu
E un cinamomo
Que á man se me veu.
De moi boa gana
Porei, meu rapaz,
Tamen millorana
Dos nares solaz.

Unhas estreliñas
Parecerán ben
E unhas poliñas
D'espliegue tamen.

Chegá vos a feixe,
Ranunclos galans,
Sin dor de que leixe
Os bons tolipans.

Soliños, chegade
Mirá para min,
O ramo aumentade
Betons de carmín.

A un lado esta rosa
Regalo do bran
Por ser tan preciosa
Levala na man.

¡Qué hermoso geraneo!
¡Qué testo é! ¡Jesus!
Lambínllo ó pedaneo
Na aldea de Rus.

Craveliños pintos,
O ramo ide a encher,
Tamen os jacintos
De bon rosicrer.

A fror da verbena
Cal fogo do lar,
Ja dábame pena
D'aquí a leixar.

Tamen cabo ós círios
Os chícharos vir
¡Pardiola! cos lírios
Azules han d'ir.

Ven ti, branca e pura
Azucena fror
Que a tua hermosura
Do ceyo é amor.

Coroa do ramo
Froliña vas ti;
A ti te recramo
Non cayas d'aquí.

Traguéme un junquiño
Pro ramo eu atar;
Un bo cordeliño
Millor é buscar.

O ramo a cogulo
Se puxo, vai bo:
Non podes, meu rulo,
Co el hastr'aló.

Botá pol-a eira
Que hai que coller
Pol-a carballeira
Para o abranguer.

É para a Virgiña
Que no monte está
Na sua hermidiña
Vertendo piedá.

Corré, picariño,
Que longe non é
E foge o camiño
Debaixo do pé.

Os tenros cantares
Das nenas ja s'on
¡Alegran os ares
con esa cancion!

V

Virgiña, de frores
Un ramo tomá,
Co el os amores
A almiña vos da.

Virgiña, de Mayo
Por cada unha fror,
Nos veñ'acó un rayo
Santiño d'amor.

Virgiña amorosa,
Volvede por nos
Ó darlle esta rosa
Nos ceos a Dios.

Virgiña querida,
De vos collerá
A rosa garrida
Da nosa piedá.

Se vos, nai amada,
Lle dades a fror
De tal mao tocada
A rosa é millor.

Virgiña amorosa,
volvede por nos
Ó darll'esa rosa
Nos ceos a Dios.

33

A VIDA DA REINA *

I

Sae da Cruña barco novo
Barco *Céres* pol-o mar,
Por Dios, mar, ti cabe quedo
Deixa o barquiño pasar.

Airiños, airiños, aires
As ondiñas non movás
Un pouquerrechiño à vela
D'este ladiño soprá.

Así, así, meus airiños,
Tede conta como vai:
Botá polo barco un pouco,
O vapor fará o demáis.

¿Ós ti, pena da Maròla?
¡Coidadiño como fas!
A tua bravura esquece
Co bruido do Orzán.

Prioiriño e o Prioiro
E o cabo d'Ortegal
Arredávos, arredávos
E ceávos máis alá.

Deixá íl os cruñesiños
Os galleguiños deixá
Q'afoutiños van a Sturias:
Moita cousa van catar.

Mar cantábro, ti non cres,
Se non cres, éche verdá,
A catar van as Sturias
Tod'a casiña rayal.

¿Seique por ser galleguiños
Pensas ti que os mariñás
Pelos no peito non teñen
Para eso e algo máis?

Chasco te levas, pardiola,
Chasco te levas, meu mar,
Se t'esqueces dos gallegos
Outro día cho dirán.

* AC, pp. 322-324.

II

No pazo d'un grande conde
Conde Revillagigedo
En Gijon á veira mar
Aparecen os gallegos.

Pol-os sobrados camiñan
Por cima de terciopelo.
-¿Dónde acouga a nosa Reina?
¿Dónde a Reiniña nòs temos?

-¿Qué lle queren? ¿qué lle traguen?
A Reina non pode velos,
Acaba de entrar no mare,
Vayan con Diol-os gallegos.-

-Vímola catar pra Cruña
Cabeza de tod'o reino
De Galicia: e s'ela n'acha
Dificultá, nòs n'a temos.

-¡Arroallo moito tran
Os maruxiños do demo!
A Reina non pode andar
Pol-as montañas arreo.

Outras cousas máis d'apuro
Tén a Reina, e o seu neno
N'ha d'ir pol-o mar adiante
Como poidera ir un pesco.

Nin a ama que o cría
Vai a loitar co mareo:
O bravo mar de Cantabria
Mar é sò para gallegos.

Dempois para máis ajuda
Segundo fala o telefro
Anda a peste por Ferrol,
Frebe marela, no Esteiro.

¿Querés que morramos todos
Porque vòs teñás contento?
Ide con Dios, galleguiños,
Botai a andar, meus petelos.

III

Diante da Reina de España
Ó fin están, meu amor,
Os galleguiños tremando
Que non poida vir acó.

-Reina de España, sabemos
Canto vos custa de dor
Despedir unha vegada
Ós leás c'un triste non.

Prò n'iñoramos tampouco
Que o goberno das naciós
Priva òs reises d'ir adonde
Lles encrina o corazon.

Máis, se podés ... en Galicia
Sabé que agardan o sol
Da vosa gran Magestá
Por riba de dous millós.

Víde antr'eles, Reina amada,
Víde á Galicia: o amor
Con que vos esperan, Reina,
Non-o acharedes millor.

Vídelle a insinal-o Príncepe
Que en tempo de seus abós
Antes que de ningún sitio
Era Rei d'ese quiñon.

A casa rayal enteira
Agardamos por aló:
Se podés, Siñora, víde:
Marra decil-o millor.

-Ja sei que me queren ben
(A Reiniña contestou)
Os gallegos de leás
Tiveron sempr'o brason.-

Estando nesta convérsa
Parte a Reiniña chegou
De que a peste ja condia
Nos arsenás do Ferrol.

bravuras tan feras
xa terán palabras
para falar d'elas!
Eu digo q'estúdeo
requer esta lengua
q'é tan rica e nobre
que sábese d'ela
un quiñon ou parte
por Deus ben pequena,
prò que sta cochado
nas nosas aldeas.
Asi mismo ainda
topo que con ela
pode farse lume
de trono e centellas
de chispas e rayos
horribel fogueira
que leixe os infames
tremando de vela.

Desprezar non soupo
quen n'oiu a esta
como os feitos maos
limando despreza.

E mord'e quirtica
e roy'a molexa.
Por aquí a rábea
decotío empeza
contr'os que non siguen
pola liña reuta.
E tal esa lima
d'aceiro tan chea
tan xord'e non xorda
que mais lle valera
o home rañado
d'aquela maneira
guindarse no Orzan
c'unha boa pedra
no colo colgada,
q'oir esa léria
de dia e de noite
d'unha a outra feira,
s'é que onza tén
de sangue nas venas
ou ten un adarme
d'honor e nobreza.
En fin anque fora
ben probe esta lengua
que n'é anque rabien
pexís de Castéla
ou burros fillastros
da patria gallega,
debido era moito
ter mostra siquera
d'algunhas copriñas
en moldes d'emprenta
q'a nay por ser probe
deber é, n'é mengua,
amala e unha cousa
que foy e q'é d'ela
lovala no peito
d'amor, como en prenda
cal xoya ou diamante
de novia que leva
a cruz da avoa
o día que strena
a roupa da boda
a cofia, a mantela
de ouro bordada

nos frequitos presa
louriños ou roxos
con cinta vermella
o dengue de grana
co pano de seda
mantelo e refaixo
con barras ben pretas,
e anchas a pote,
igual da chaqueta
de terciopeliño
e outras miudencias,
q'a novia parece
un anxo co elas
pro enriba de todas
¡como loce aquela
xoiña querida!
por mais que for vella,
ainda que d'ouro
un peso non teña
subind'o sobrado
¡qué foncha co ela!
enriba da ucha
ven por a regueifa
ou sal co carolo
na criba ou peneira
brindandoll'a todos
a mozos e nenas
que cántigas botanlle
na porta da eira.
Por eso eu vos xunto
ouví nesta peza
do rey Don Afonso
que lía as strelas
porq'era moy sabeo
o rey de Castela
é ben ou siñore
d'acó en Compostela.
As cántigas xunto
q'Afons compuxera
na nosa lingüiña
faliña gallega:
porque naquel tempo
trovaba co ela
non so ese reye
senon calesquera

decidor d'estonces
ou senon poeta,
el fora andaluz
fora de Castela
ou fórase ainda
de patria stremeña,
compuñan as obras
en lingua gallega
ou na garridiña
filla pertuguesa.
Compúñanas todas
e non che vos era
porqu'eles non tiñan
a fala da terra
en que nados foran,
senon porque esta
prestábase moito
millor que aquela
e era mais doce
e era mais tenra,
en fin para trovas
mais boa e prefeuta.
¿Que foron? ¿que foron
dos taes poetas
os versos garridos
da idade promeira?
Arderon arderon
aqueles poemas
nas loitas civíes
conquistas e guerras
o mesmo que tivo
moitísema perda
que non se repara
falar de Castela
co antes, do Cide
heroico poema
e moitos q'atrás
do mesmo viñeran.
De tantas canciós
¡ay! como fixera
o gran nemorado
Macías na trenla
e d'antes à sua
queridiña prenda
q'a morte causoulle

cantando por ela
so unha, so unha,
no mais, xa nos queda.
A lanza tredora
q'a morte lle dera
rachounas rachounas
pra vinga mais fera.
E nada atopamos
d'os outros poetas
d'os bos trovadores
de q'inda se lembra
a doce mamoria
da terra gallega.
Suarez de Paiva
q'o probe á esta terra
finar veu d'amores
d'unha pertuguesa
infanta fermosa:
¡que amores d'aquela ...!
Fernan de Senabria
co de Pontevedra
Vasco de Camoes
e outros poetas
cal Vasco de Párraga
q'ainda o mentan
co de Valladares
Estevo, que eran
n'hay dubida todos
d'acó d'esta terra
non achamos nada
na lingua gallega;
senon que quiziaves
d'alguns d'estes sean
canciós que sin nome
o pobo conserva
na sua mamoria
sin vir pola emprenta:
romances que conta
o vello, à lareira
d'inverno nas noites
a netos e netas,
o son da sarabia
que duro zorrega
do alpendre nas taboas
da casa nas tellas,

cando a neta grande
o lumiño acesa
botando queiroas
e mais vidras secas
e toxo e pinica
que mornas as pernas
do vello leixando
o casal encensan
con cheiro soave
que case gorenta.
De Xan o Rodríguez
do Padron ¡qué perda!
ningunha topamos
por ben que se vexa
nos libros d'Herbon
en que nacoreta
morreu ou fradiño
cumprind'unha regra
das de S. Francisco
mais prob'e streita:
alí repentido
do mundo en que leixa
empregos e amores
de alta grandeza
pr'o mil desengaños
tamen o arrechegan
ò mosteiro santo
do Ulla na veira
da xent'escondido
q'en bágoas rega
e o río calado
as bágoas leva
triste hastr'ò mare
en q'o sol se deita
tantos días cantos
manda Dios a terra.
Mort'alí do amigo
Macías lamenta
que moy amantiño
de Fr. Xoan era.
Por el a Dios roga
na cruz que de pedra
no medio lovántase
das tristes sobreiras.
Alí a el roga

e a virxiña tenra
da Angustia que staba
na squina da cerca,
co fillo mortiño
nos brazos, a reina
dos anxos, chorando
d'amor tamen ela:
¡tan boas almiñas
na groria Dios teña!

¿E donde dar foron
aqueles poemas
que fixo Rodriguez
por mor d'esta terra
naíña d'entrambos
antigos poetas
q'alí a Iria Flavia
e Herbon compuxera?
Tod'é pò no mundo
co tempo nos leva
e mais pò e cando
non hay so as strelas
quen coche do tempo
as obras maesas.

De tempos adiante
ainda siquera
uns versos achamos
a honor de Fonseca
do pay de Santiago,
da Galicia enteira
que foy o q'as luces
abriu n'esta terra
ca sua nomeada
e nobre Academia,
a Universidade
s'hay quen no no entenda.
e cos dous colexios
que tiñan as becas
de rosca, un azul
e o outro vermella
que leixou seu pazo
e casas e rendas
con que rico e probe
cataban as cénceas
por catro ou seis cartos
e c'unhas bayetas

crobían os códeos
lavita ou chaqueta.
Outeiro, Rio, Valle
Mendoza e Correa
son os que trovaron
o grande Fonseca
con Vallo de Porras
de boa ralea:
tamen Xil Taboada
que menos non era
Guerreiro e Torrado
Rodriguez ecetra.
Sarmento o monxiño
xa preto nos chega
que fixo inmortale
o chan d'unha terra
que din Parafita
aló en Pontevedra
e é no Morrazo
de vista soberbia.
Dempois vén Fruime
de moy rica vena
do que algunhas cousas
poremos inédetas.
Abrindo ven este
rinchon de poeta
a porta os d'agora
da autual era
que dará un Turnes
e outras strelas
filliños amantes
da patria gallega
cal Añon, Camiño
que cen cousas testas
dirán, vindo outros
tamen a esta festa
cal Xil Valladares
ecetra ecetra,
que fora moy longo
o próligo d'esta
coleución de versos
en fala gallega
se a todos nomeara
agora en ringleira.
X'os verés mais tarde

sentados à mesa
pois eu convideinos
á todos á ela
como era debido
mandando as squelas
s'algun n'aparece
quiziaves non queira,
ou donde se hacha
quizais eu non sepa
pro eu desd'agora
pubrico a regueifa,
brindados, ou non
vir poden á ela:
presente a tedes
chegade, poetas.

A gaita non marra
¿qué fora da fésta
s'a nosa gaitiña,
gaitiña gallega
non vira? de nada.
Chegade poetas
non marr'a gaitiña
q'os mundos alegra
¿Sabés quen a toca?
O de Pontevedra
gaiteiro comprido
tocando muiñeiras
e outras tocatas
que non son de léria.
Xan Pintos se chama
gaiteiro das festas
quizais iñorades
quiziaves quen sea
miragre n'é moito
que nada vos berra
seu nome, seu arte,
studeos e cencia
porque é xa de mais
a sua modestia.

Os que desde fòra
querés ve la festa
en donde se xuntan
as musas gallegas,
aquí case todas
verelas, verelas.

Verés que garridas
e moy falangueiras
e que amorosiñas,
que doces e tenras.
Verés que graciosas
picantes ¡afellas!
que hay para iso
d'abondo materea.
Chorosas e tristes
e mais ainda sérias
se fore do caso
tamen podés velas.
Chegade chegade
tamen vide a festa
filliños e amantes
da patria gallega,
das suas costumes
e da sua lengua
das cántigas suas
e das suas letras
e das suas grorias
e moita grandeza.
Univos, univos
o son dos poetas
na festa que s'abre
se tedes concencia
da forza que ganan
unidas as cerdas,
por mais que podrica
cada unha sea,
se fan adibales
q'os touros suxetan.
Univos, univos
laudand'unha lengua
q'é vosa q'é vosa
por mais que na teñan
algus badulaques
por sua, e grorean
a que no treato
en óperas serias
ou bufas escoitan
e sin entendela.
Mirá que a nosa
n'é menos que esa
e tén parecido
bastante co ela.

Ouví as nosas cántigas
ahí tes ós poetas
q'en musecas traguen
en dulces poemas
que forxan no ceo
garridas anxelas,
chamadas as musas
en língoas vellas.
Aquí case todos
veredes a mesa
e polos seus ditos
vires en concencia
a darlles estima
querelos de veras
que son a speranza
da lingoa gallega
e da poesía
a mais verdadeira
pra vos aqui nada
nas vosas pradeiras
nas vosas montañas
nas vosas ribeiras
no fondo dos vales
no alto das serras
nos cotos d'outono
nas vosas devesas
enriba dos castros
nas mámoas vellas
mosteiros caídos
castelos e almeas
e torres e hermidas
balandos'as penas
e nas romeirías
e inda nas feiras.
Quiziaves que salla
da union esa
o far as hestorias
da terra gallega.
Univos univos
razon dade dela
en xeografías
e d'outras maneiras,
e poida que poida que
(non esto s'esquenza)
fagas mais asina

pra ben da facenda
que coas endrómenas
que vemos de pérda
botarnos a todos
nas vilas e aldeas.

Garimá os sabios
univos apresa
leixá mal o dito
do home da reina
Sabela Católica,
o dito este era:
q'é tan imposibel
desonir (¡n'é leria!)
xente catalana
como unir gallega.
Por eso pra riba
vay sempre ¡ay! aquela
e logo pra baixo
decote vay esta.

Òs soaves cantares
dos nosos poetas
á envidia fuxida
verés d'esta terra:
á envidia que causa
veciño que medra
que dela saen moitas
moitismas contendas
e preitos e gastos
e choros e pérda
e lògo por últemo
do conto que veñan
de fòra pelados
botándonos dela
sugando da ola
do leite a manteiga.

Farannos q'as cousas
amemos da terra
aínda medeanas
ou menos que sexan
òs labradoriños
cas suas aldeas
as suas costumes
as suas monteiras
as suas festiñas
nas suas igrexas.

cos seus contrapasos
e suas muiñeiras
pretiño do adro
cabe a oliveira
o sahir da misa
os días da festa
nos campos de rosas
do val da ribeira
q'os rios das aguas
mais craras o regan,
na fresca que fanche
sombrizas devesas
con trebo e mentrastes
fiunchos e lesta
do valo acaron
que choye nas mesmas;
no alto d'o monte,
nas combas da serra
nos soutos folludos
cas suas candeas
nos seos escuros
de mil carballeiras
cas suas alondras,
sabás de carqueixas
e toxos e abrótegas
por antr'as penedas
xacintos azules
codezos e xestas
e mailas silvardas
e mailas silveiras
e nela engadadas
rosas de nai-serva
co cheiro mais fino
consolo das ventas
co mel que achuchan
as nosas abellas
e lévano logo
cediño as colmeas
ou avellarizas
que croben as tellas
ou feo, ou xunquiños
do groto colleita.

¡Ay! neses sitiños
a groria das nenas
refolgo dos mozos

d'alegres aldeas
alivio dos amos
q'en vilas enferman
e veñen os boscos
erguela cabeza
¡ay! cal sabe a todos
oir á muiñeira
e vela bailare
co as castañetas
o son da gaitiña
q'os mundos alegra
e do tamborile
o compas axeita.
Co bo do pandeiro
e coas ferreñas
ou coa zanfona
tamen se peneira
a foliadiña
no fondo da serra.
E anque non haxa
alí quen non sepa
tocar senon pífano
non para a muiñeira
que moitas das veces
so hay cantarelas
o compas das conchas
de dulce aviñeira
e por iso as pícaras
a baila non leixan.
¿E quen n'ha d'amare
as cousiñas estas
se por sua conta
as colle un poeta?
D'abondo han de vire
graciosos poemas
que falen da esfolla
nas nosas aldeas
das fías e tascas
e mais espadelas
e loitas de firme
e boas apretas
ruadas e atruxos
e paus por mor delas
e dos alalálas
à volta das nenas

à luz dos fachuzos
pr'as suas cortellas,
do amor do muiño
e mais da rilleira
concertos, casoiro
carolo e regueifa
e outras mil cousas
por Dios moy ben testas
que envidia serían
de quen nas soupera.
¡Así Dios m'axude,
s'os bos dos poetas
n'han de far q'o mundo
acó todo veña
que nada hay millore
q'a terra gallega!
Farán que consolo
na sua probeza
teamos, se Diose
lles quita as colleitas
os labradoriños
en todalas veigas
ou matall'os bois
cabuxos e ovellas
e xatos e bácaros
q'é toda a facenda.
¿Quen sabe se à usura,
que os bota de perda
farán que fuxida
d'acó se nos vexa?
¡Ay! ¡usura, usura!
¿quen será o poeta
que te fira e mate
pra bén d'esta terra?
¡Se a usura se fose!
¡se a usura morrera!
non moitos sairian
de negros e negras
facend'os probiños
a terras alleas,
aló donde morren
¡ay Dios! ¡a moreas!
Cas cántigas suas
farán os poetas
q'òs nosos artistas

se acate de veras
que afoutos cultivan
sin gran recompensa
as tres nobres artes
encanto da terra:
son dignos que os sirva
inda o mismo Cesar.
e que os menistros
tamen se lles dea
o seu, se estimamos
a endustria que emprega
mantendo a cantos
terriñas non teñan
e bota no Estado
algunhas pesetas
sin ir os menistros
molexa molexa
armandoll'ichós,
e crises, e enguespa
cal van galafates,
de Madril a feira
causantes abondo
da nosa laceira
so polos cantiños
coller na pendencia
q'os vellos ocupan
chupandos'a breva
sin ter un servicio
co canto mereza
nin práutica tere,
talento nin cencia
senon que por todo
servire a carreira
d'enfouma q'enfouma
e berra que berra.

Farán ò comercio
faránse poemas
d'alento pra todos
os que o emprendan
ca boa feíña
e limpa concencia:
de modo que todos
en tod'as carreiras
en todalas crases
os cregos, nobreza

soldados, curiales
a xente mareira
e mailos letrados
os homes de rendas
e os priodistas
os mestres e mestras
en fin os que aturan
cos ares da terra
dendes do Cebreiro
o cabo Fisterra,
do cabo Ortegal
hastra Santa Técola,
o son dos cantares
dos nosos poetas
unidos os homes
da patria gallega
faran cousas boas,
farán as dereitas
o que din decote
ca punta da lengua.

Loumiñados todos
amándose a cegas
os probes òs ricos
sin dar creto a lérias
e ricos a probes
sin terlles senreira,
diránvos cantando
diránvos e certan
que sin q'haxa ricos
non pode haber terra
adianto nas artes
nin inda nas letras

Tampouco sin probes
se hacha riqueza
cultivos nin artes
discurso nin cencia
que todo engadado
no mundo se axeita
que nel, se non ricos
un dia n'houbera
xa Dios ben podia
mandarnola queima
da fin; pro abondaba
pardiola, co esta
fieiteira do mundo ...

¿qué millor desfeita
pr'os homes sin fogo
sln pan e sin pedra?
Pro Dios xa nos dixo
e Dios no no erra
que probes conòsco
decote na eira
do mundo teríamos
¡que tal a sentencia!
Dios a hermandade
co dito non nega
de ricos e probes
axuda e cadea ...
¡si tal! uns dos outros
aqui é o probrema
e compre resolto
leixalo ... el o leixa.
¡Amavos! ¡o dito!
¡Amavos! foy téma
que sempre Dios tivo
e d'aquí non cea:
¡e afetá q'o home
por isto non entra!
pois el ha d'entrar
e poño as orellas:
q'as cántigas dobran
as mesmas penedas
e Dios co seu mallo
d'arriba zorrega:
abonda de contos;
resolto xa queda.
Pro sin falar tanto
nin far cantarelas,
así Dios me salve,
podía ser feita
unha cousa boa
da pátria gallega
¿unha boa cousa?
¡unha cousa testa!
que a nosa de España
reiniña Sabela,
sin mágoa grande,
rendese colleita
mayor e a todos
metese gran ceifa

nos orreos, cabazos
tinallas e medas
se Dios non botaba
gorgullo nas veigas
ou agras ou chouzas,
e cinza nas cepas
pro cumpre gardada
ter sempre a sentencia
da union q'é forza
en tódalas terras.

Non digo por tanto
Que ós homes d'alleas
que veñan acoe
corrás como á feras:
xa non por ahíe
o deño nos leva;
pro hay que ter diante
o refran da lengua
que di *sobre d'outros*
dos teus sempre terma
ou mans os teus bota
que a cousa é a mesma
e todo ven dare
a tema e retema
q'enriba de todas
Galicia, a promeira.
Se fòra, cos trasnos,
dos portos, ou serra
pr'aló do Cebreiro
non é; que o sea
pracó, con mil diablos
e satenta meigas.
E non calar nunca
s'un alma de ...
q'aquí ven ratare
naíña gallega
e topaa, e limpa
do corpo á miseria
se pon marmulando
da boa da terra
q'ata os pelingrins
lles foy dala teta:
¡q'a falla mayore
que pode ter ela
e nay ser á burra
de xente alleeira!

Por Dios q'un dacó
se está noutra terra,
anque mal lle pinte
xamais arrenega
d'alí diante naide
porque n'é tan besta
nin é mal criado
¡anque mesmo sexa
un probe palurdo
da mais ruin aldea!
E logo nos, sempre
sofrindo na terra
a mil chupantins
bulrándose d'ela
nas barbas d'os homes
¡voto a cen cardeñas
que non llas cravamos
no medio da testa,
ou no nos botamos
á couces da terra!
Millor e lembrarse
moy pouco de esas
leuciós que nos danhe:
que ferve nas venas
a sangue d'un home
que pelos na lengua
non ten, nin ten froxas
as suas moñecas.
Volvamos o conto
da lingoa materna:
Sarment'o monxiño
decía que ela
de moito servía
pra studeo d'aquela
romana ou latina
que entonan na igrexa
e tod'as antigas
letriñas e cencias
e todos aqueles
maesos poemas
están parolados
co esa pibela ...
e non comprendía
que xente gallega
latin insinase

por outra e non esta
filla da latina
e tan preto d'ela
(en moitisma parte
q'é tamen da celta
e inda se topan
anacos da grega)
os nenos d'acó
nas segundas letras.
E n'hay unha dubida
que logo se chega
por este tal método
ò fin da carreira;
pro os sabios d'agora
xa outras ideas
mais novas, do trinque
nos traguen fachendas
e non por ser novas
serán mais prefeutas.
O certo é que logo
n'ha d'haber quen lea
un cacho de Tívulo
Virxilio ou de Séneca
¡é moito studeare
dempois cen mil lenguas
e todalas artes
e todalas cencias!
¿Quen sabe a hestoria
d'España compreta
na tan atendibel
por certo edá medea
sin ter unha pinga
da lingua gallega,
que pr'o anticuario
é luciña acesa
e par'os archivos
que rexen as regoas
millor maxinadas
das mais boas testas?
Así é q'agora
que na España empeza
á da diplomacia
bonita carreira
á catred'abriuse
moy logo pra ela

estudeo formale
da lingua gallega.
¿E quen nin un paso
daría as dereitas
na paleografia
sin roer a lengua
en q'as escrituras
pardiola mais vellas
se hachan postiñas
hastra nas pelexas,
cal vense en Galicia
solar da nobreza
de tod'a España
q'acó a miles tenas
e o q'é curioso
acó pode lelas
nos pazos e torres
q'archivos conservan?
¿Poidera studeada
servir a gallega
par'a de Castilla
servirlle de medra?
Eu julgo que síe
e x'apañou dela
nos tempos antigos
e mais lles valera
a moitos que collen
rachós da francesa
e voces a pote
q'a esta viñeran
enchend'o seu fole
con cousas gallegas
q'o fin se n'é nay
cal da pertuguesa
com'algús afirman,
hirmaiña ea:
e mais ben parecen
os farfalás d'ela
nos da castillana,
que pendellos d'esta
aquelas gabachas
de papalin estas
que gafos ll'ornaban
da lingoa francesa.
E é cousa tola

ir á casa allea
polo q'un na sua
a mancheas tena.

Algus hay ainda
que voces da lengua
¡voto na de barro!
que ven na stranxeira
nas nubes as poñen,
e os demos dos bestas
de donde saíran
decote desprezan.
Son como aquel cego
(é todo cegueira)
q'o probe palpaba
dicindo "¡estas, estas
si, si que son boas!
e non as canelas
da miña muller",
e non d'outra eran
as que nas maus tiña,
as boas das pernas.

Tamen o studío
da lingüiña esta
servirá pro adiante
cándo a algus queiran
remedar o fagan
un pouco as dereitas
non como o gran Tirso
na sua gallega
Mari-Hernandez que
non soupo ... ¡de veras!
porq'alí revolve
patacas con verzas
que fay os d'acá
rir anque non queiran
das mil patochadas
das probes das nenas.
E ind'o *Curioso*
Palrante mais erra
e eso q'e home
que ten boa chencha
pro os homes non poden
anque lidos sean
acertar en todo
e mais se non chegan

á ver ni un libriño
de lingoa gallega.
E pensan ¡meus rulos!
¡moy tortiño pensan!
q'á tod'às palabras
d'aló de Castela
que *o* teñan, moito,
por *u* se cambean
e xa compostiño
o arremedo queda.
¡S'Afonso o rey sabeo
tal regra soupera,
lev'o demo tiña
q'engurrala testa,
nin ler scrituras
nin ir os da terra
perguntar da lingoa
pra ir deprendédoa
e facer dempois
as cántigas nela!

51

HIMNO A MARIA PITA *

Coro

Salve, salve, matrona guerrera
Que atrevida afrontando al inglés
Su brillante y altiva bandera
Por alfombra tendiste a tus pies.

I

Arrogantes cruzando los mares
Los osados guerreros de Albion
Intentaron en nuestros hogares
Ondear su extrangero pendon;
Pero en vez los tesoros que encierra,
En España vinieron a hallar
Honda tumba al pisar nuestra tierra
Hondo abismo al surcar nuestro mar.

II

Pues entonces terrible se alzaba
Poderoso el Imperio español
Y jamás en su curso dejaba
De alumbrar sus dominios el sol.
Las vencidas regiones remotas
Su bandera veían mecer,
De los mares señoras sus flotas
Invencibles cruzaban doquier.

III

Y ¡ay de aquel que imprudente se atreva
A insultar su inmortal pabellón!
¡Ay de aquel que poner ose a prueba
El terrible poder del león!
Las naciones su ley acataban
Y sumisas corriendo a su voz
De rodillas ante ella se hincaban
Cual esclavas al pie del señor.

* C 103/23.

52

APOTEOSIS DE CALDERON *

Un sol composto d'un millon de soles
No máis alto confin d'o firmamento
Garda de Pedro Calderon a yalma
O esprito, a sanctidade, o pensamento.
Ant'o sol jaz o trono, jaz a palma
D'os mais groriosos trumfos españoles
Centíficos, guerreiros, literarios,
N'os seus destinos varios
Ó eminente Calderon debidos
A Calderon s'abaten: e o lauro
D'o inmortal campeon e d'o poeta,
D'o gran cantor e celestial atleta
D'o honor hispano e religion sanctisma
Os arcanjos de Dios omnipotente
O pendon d'a Cruz roxa despregando
E as celestes milicias convocando,
Esperan a cingir a sagra frente
D'o genio que ungíu o sancto Crisma
Qual poeta, no seyo de sua madre
Qual ministro de Dios, no Eterno Padre.

Finou o corpo: a yalma sube ó ceo.
A ise lauro, a ise sol, trono e trofeo
Guíana os anjos pol o azur espazo
Hastra dar d'os Empíreos n'aquel pazo
Onde mora a Sanctisma Trinidade.

Pro uns anjos de bondade
Recendendo flagrancia qual as rosas
Frescas e medio abertas n'o desmayo
D'as auras d'o vizoso mes de Mayo,
O corpo sagro sin velar non leixan.
Con amoroso celestial falago
N'el espargindo lirios
Albos qual o seu manto de Sanctiago,
D'a Orde militar a que pertence,
Á luz piadosa de brandons e cirios
As maus sagradas de Dom Pedro beixan:
Maus á que tantas veces o portento
Baixóu d'o ce' o Sanctismo Sagramento:
Maus cobizadas d'os celestes coros

* *El Idioma gallego. Su antigüedad y vida*, Latorre y Martínez Editores, La Coruña, 1886, I, pp. 25-29. Hai un fragmento ms. na C 102/34.

Tronos, dominacions, serafís mismos ...
¡Oh insondables abismos!...
A quens un don tan alto foi negado
De vir ás mans Jesus Sagramentado.
È de Pentecostés primeiro día
D'esa pascua tan rica d'alegría
N'a terra c'os paxaros e as flores
N'o ceo c'o sol vivo e resplandores.
Ja entr' os sanctos se ve a yalma pura
D'o nobre Calderon[1]; alí a rodean,
C'o Patrono invencibel d'as Españas
Que apadriña esa yalma de ventura
Qual decote a guiou en cen campañas
Os que vesp'ra d'o dia d'Amargura
De Salem n'o Cenáculo se ordean
De ministros de Dios n'o alto grado.
Solo un no' está alí ¡desventurado! ...
Os once únicamente, que alí foron
E o máis alto misterio presenciaron
Máis tenro, máis profundo
Que pudo vir ó mundo;
Os que d'as propias mans de Jesucristo
Na sagra mesa a Hostia Sacrosanta
Con homildá d'esprito comulgaron.
¿Tanto amor, tal grandeza, gloria tanta
Os homes e ós anjos non espanta?
¡Darse Dios á os humanos en sustento
Quedando con nosoutros Sagramento
Hastra o fin e o término d'os sigros!
¡Ter nós en nós a pomba d'o Calvario
Quando quer que a deseje o noso peito!
¡Ser nós con ila un ser, e ser de feito
Nós mesmo aquila Hostia d'o Sagrario!
Hé'iquí de Calderon a fortaleza
N'os campos de batalla,
Hé'iquí de Calderon o inmenso numen
Hé'iqui o celeste inextinguibre lumen
De Fe e Poesía insigne ardendo
A moral cristianisma sementando

(1) 'Fallesceu Calderon, o domingo de pascua de Spiritu-Santo, 25 de Mayo de 1681'. N. do A.

N'a prensa e n'o teatro splendoroso,
Os rasgos d'a virtude 'sparegendo
Os misterios católicos cantando
As hidras protestantes rebatendo
O porvir d'o Evangelio asegurando,
O Calderon, en fin. N'a crua guerra
De Luzbel e d'a carne e d'a vil terra,
Metendo o inferno en destruicion de morte
E confusion e susto,
Venciu o vate e o sacerdote augusto,
N'o ceo s'oíu a voz que así decía:
«Ven, alma, ti, a gozar duas veces sancta,
Sancta pol a virtú que en ti Deus vía
E sancta polo numen que a Dios canta:
Cantos süaves, invencions de groria
Que o mundo non conserva n'a memoria
Jamais en sigro algunho haber ouvido.
Sea a ti dirigido
Honor, aplauso, lauros e victoria:
Sagra e profana Historia
Consigne en letras d'ouro e de brillantes,
Os feitos e os cánticos amantes
De Calderon en que deslindo a yalma
Trumfos á Religion, á lberia palma
Conqueríu sua virtude e sua mente
Mentre o mundo sea mundo, eternamente.»
Víus' entonces que a Sancta Trinidade
E a Virge amantísima María
Descendendo a ese trono entre mil nubes
De rutilantes astros e querubes
Abrazaron a yalma; e a piedade
Acesa n'a gloriosa compañía
De sanctos e de sanctas onda ela
Caíron de gionllos adorando:
Venerazon profunda
Os celestes espritos demostrando
A aquel mundo de luz, a aquel da groria;
Máis que o sol e os luceiros, bello encanto,
"Ó Sancto, Sancto, Sancto,
Ó que era, e o que é, o que ha de vire»...
En fin ¿e por que non se ha de decire?
¡A yalma d'o poeta bendecido
C'o esprito de Dios alí infundido

A Corte celestial canta e adora
E o trono de luz d'encenso baña
Entonando con voz cautivadora:
"Gloria a Dios! ¡gloria a Pedro! ¡gloria a España!"

Desd'entonc'esa yalma resprandece
N'os espazos altísimos d'o ceo, [2]
Garda o corpo Madrí n'un mausoleo,
O 'sprito n'os seus libros remanece.

[2] 'Foi à sua morte, desde logo, solicitada a canonizacion de Calderon de la Barca.' N. do A.

53

A EMILIA PARDO BAZÁN NO SEU REGRESO DE FRANZA *

Emiliña a de Bazan,
Fólgome da tua vinda,
Non só porque vés millor
Senon pol-a Patria miña.
Aquí, di Jan [1] Rejubeiro,
Dos que abondan na Mariña:
-Qué tén que ver ó da Patria
Co nome da Señorita?-
Tén moito, seor larpeiro,
Se no o sabes, estudía:
E se has falar d'esas cousas
Lingua e beizos lava e limpa.
Non basta tirar plo carro
Nin basta dar á fouciña
Nin coller molime arréo
Si non se sabe a cartilla.
Nin basta picar na pedra
Nin basta botar enriba
Dos lombos cincoenta arrobas
Cal a grua da badía.
Se da Industria e do Comercio
Non saben tirarse liñas
E s'ignora o botar cálculos;
Pouco val a valentía.
Nin sentarse de Juez
No julgado de Dumbría,
Se non hai Literatura
Nin Direito nin Partidas.
Pouco ou nada na tribuna
Serve o gorjear na Misa,
Se o Cantor esquence as Letras
Ou nada d'aquelo guipa.
En fin, que todo é burrada
Se as letras nono agariman;
E queira Dios que non falten
Hoje, nin nos nosos días.
Que tamen si eso nos marra,
Antr'o sin fin de desdichas

* "El Domingo", I, 30.I.1881, nº 12, pp. 7-8.

(1) 'Pronúnciase como en francés la *j* en todo los casos'. N. do A.

Que nos apretan e royen,
A Patria se acabaría.
S'inda con algun saber
Nos teñen así en Galicia
¿Qué fora se todos burros,
Os que nos mandan, nos viran?
-Eu agora enxergo menos.
(Dizme o larpan das Mariñas.)
¿Qué tén que ver tal parola
Co chegar de Doña Milia?-
¡N'ha de ter, meu Don Chiólas!
Só que ti ... (non sei que diga ...).
Ou naciche pra zoquete,
Ou gardas moita malicia.
¿Desque se foi esta Nena
E se ausentóu da Terriña,
Quén abríu as suas portas
Ás Letras, á Poesía?
Mais mira: aquí nesta Cruña
Hai mui boas Siñoritas,
Hai mui téstos Cabaleiros
Do millor da Monarquía.
E saben; e teñen moito:
¡Dios llo conserve e María!
E son, en todo, e por todo,
O prez da Cabalería.
Máis por iso, n'houbo quen
Dése pousada bendita
As *Veladas Literarias*
Méntras Emilia non viña.
Nestas Veladas espértanse
Os espritos que dormían
E as Letras e as Cencias
Adequiren outra vida.
E comunícanse e exténdense
E d'aquí ledas e listas
Vanse ós libros e periódicos
E redauciós e revistas,
E ós pazos e ás cabanas
Y ás cibdades e ás vilas.
¿E quén sabe 'entro de pouco
O que pode far Galicia
Co ese calor, ese lume,
Y esa luz así extendida?
E ten entendido, Jan,

O que tanto me repricas,
E tanto o bico retorces,
E fas tanta stremonía;
Seique porque non m'entendes,
Ou porque te roy a envidia;
Ten entendido, rapaz,
Que este diancre d'esta Emilia
Non sólo as Letras protege [2]
Dando na casa acollida
A todo nobre saber
Facendo d'ela ¡outra Armida!
Museu, Universidade
Gymnasio e Palestra dina,
Aula, Liceu, Ateneu,
Academia de Galicia
E por decir d'unha vez,
Augusto Tempro, que fia
A tod'os que as Letras buscan
E Bellas Artes cultivan;
Senon qu'ela da o enxempro
Co seu numen e valía,
Co seu estudio sin tasa
De Sabencia e Poesía:
En fin, que do Castro Celta
E'nos ela a Druidisa.
¡E non refunfuñes máis,
Rejubeiro das nacidas,
E non fales antre dentes
Nin rosmes ti, lamb'espiñas!
Dime agora, petulante,
¿Tiña razon ou non tiña
En folgarme pol-a Patria
¡Pol-a Patria! e por Emilia?
¿Non ves ti que elas van juntas
E decote irán unidas,
Ja que tal esprito e numen
Imprimíu Dios en Emilia?
Gracias ó Ceo que así pode
A nosa Madre Galicia

(2) 'Pronúnciase como en francés, y o mesmo a sílaba *gi*.' N. do A.

Non largar da man o cetro,
Ese que fixo a Castilla,
Imperar co as suas armas
Relucentes e bravías
E brillar co seu idioma
En tod'a nosa Península.
E déixame de conversa,
E cala: zarra a boquiña,
Jan ... do demo; e saca o pucho
Cando se fale d'Emilia.

Antonio da Eigreja González

54

Jesusa d'a nosa vida, *
Jesusa d'a nosa yalma,
Frol hermosa, gentil palma
Beiras d'o Mandeo erguida;
Grande strela escrarecida
No ceu de Brigancia loces;
Luce sémpre cál reloces,
Por ti non corran os anos
E de propios e d'estranos
A bendición sempre goces.

* C 102/9; borrador no reverso dunha faixa de "El Diario politico", Madrid, dirixido ó Folklore gallego.

55

ANDRÉS MURUAIS *

Flébiles auras do jardín heleno,
Lume da aurora do esplendente Mayo,
Ecos do Lérez, e do mar sereno
Run-run lejano;

Rayo da luna d'encantado soño,
Ondas con ela n'ese mar jogando,
Noites serenas de Marin risoño
E de Combarro;

Tintas nos soles do poente rico
N'esas devesas e pinal sagrado,
Tardes d' outono sin iguás, no pico,
Illa de Tambo;

¿Quén o poeta d'esa magia bella
Vay dend'agora ja feliz pintarvos?
¡Morto é o vate Muruais, estrella
Do galiciano!

Pontes de Helenes, manantiás da Airiña,
Rivas do Léron, reiseñores brandos,
Soaves costumes d'ese chao, viliña
¿Quén vai cantarvos?

Pobo de Teucro, sin rival na esfera,
Aire, chao, ceyo, paraíso, encanto,
Festas, cultura ¿quén mellor poidera
Darvos adianto?

Sol d'esa vila, corazon e mente,
Ser, alma, lume, verbo e antusiasmo,
D'arte e progresos conqueríulle ardente
Grorias e lauro.

Morto é o poeta d'esa Grecia erguida;
Chora ti, Helenes, acogula o pranto;
¡Ai, Pontevedra, na brillante vida
Tés que far alto!

Noite, tenebra, soledá, amargura
Ténden, Galicia, o sempiterno manto:
¡Morta é a gala, o nume, a donosura,
Morto ese bardo!

Coruña, 1883

* *Corona fúnebre a la memoria del llorado poeta gallego Andrés Muruais. 30 Noviembre 1851-21 Octubre 1882,* Imp. de J. Millán, Pontevedra, 1883, pp. 39-40.

56

A ZORRILLA *

¡Naza hoje ese gran día
D'hira e justiza tamaña,
Que corone a nosa España
Rey de tanta poesía!
¡Non m'o contradí ninguén!
Ela é rio crarecente
Que baixa pol a pendente
De flores do almo Edén.
¡Voto á política hispana ...!
Ese día ja nacera
S'inda no trono estivera
Quen coronou a Quintana.
¡Mala morte non me mate!
Védeas: jur'o sin frenillo;
Tamén o fará seu fillo
O día que se porcate.
Se n'o fai él, sol de soles,
Dios lle bote a bendición:
¡A vosa coronación
Farémola os españoles!

* "El Anunciador", 29.VII.1883: 'Banquete de la Prensa de la Coruña en obsequio al gran poeta de España D. José Zorrilla.'

57

A'S FESTAS SOLEMNÍSIMAS DA CRUÑA NA MAGNIFICENCIA DA REAL INAUGURACIÓN DO FERRO-CARRIL DO PRÍNCIPE DON ALFONSO, NO PRIMEIRO DE SETEMBRE DE MIL OITO CENTOS OITENTA E TRES *

¡Rayou por fin o venturoso día!
¡Sol brilante d'amor e donosura!
¡A Cruña en esprendor, fausto e hermosura
Non cabe en sí de grande e d'alegría!

¿N'esas ruas vistosas, qué madía
Ja millor póde haber nin galanura
Nos jardís,... das lamedas na espesura,...
Nesa soñada e sin igual bahía?

¡Todo gala e primor! ¡sentir profundo!
¡Antusiasmo e gozar! ¡paz e delicia!
¡Vivas e acramaciós á gran vitoria!

¡Galicia queda unida co ancho mundo!!!...
O que ve tal ventura na Galicia
Ja póde hoje morrer ... ¡d'aquí á groria!

* "El 1º de Setiembre de 1883". Periódico especial de la Papelería Ferrer. Recuerdo de la inauguración del ferro-carril de la Coruña a Madrid, Año I, nº 1, Coruña, 1º de Setiembre de 1883, p. 3. A. S. de la I.

58

A SANTIAGO Y A GALICIA EN EL CENTENARIO DE LA SOCIEDAD ECONÓMICA DE AMIGOS DEL PAÍS DE AQUELLA CIUDAD *

Os dió muros Sisnando y fortalezas
Y Cresconio sus torres y castillos,
Gelmírez os dió tronos y grandezas
Y el gran Fonseca literarios brillos.

Un rubí le faltaba á la corona
Que ciñe luminosa vuestras sienes
Y era la institución que hoy eslabona
Vuestra serie de lauros y de bienes.

Bellas Artes, Industria, Exposiciones,
A su mágica voz aquí se alzaron
Y los hijos del pueblo en sus lecciones
Socorro y enseñanzas encontraron ...

Secular academia venerada,
De preclaros varones heredera,
Por ilustres patricios afirmada
De suceso en suceso, de era en era.

¡Consérvela el gran Dios de la Justicia:
Y en los futuros siglos de existencia
Será la Redentora de Galicia
Y será su segunda Providencia!

Coruña Julio de 1884.

* "El primer Centenario". Número extraordinario de la Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, 1884, p. 6. Borrador en A. S. de la I.

59

UNHA TESTA CONVERSIÓN *

Vouvos a contar un conto,
Mais é conto de verdade:
N'a parroquia de Villestr'
Ou' n'outra (que o mésmo dae)
Vivia un mayorasguiño
Bén repreto de caudale.
Ter, non tiña obrigaciós;
Duas fillas nada maise
Que as mantiña con bén pouco:
E en vérbo de farfalaes,
Sediña ¿quén llel a déra?
¡Algodonciñ'e precales!
E iso con razon e conta
Porqu'o poider'arroinare.
Decóte d'el a fartura
Fugía de mal talante,
Qu'era un démo pecha-o-póte,
Mellor dit'un morr-a-fame.
Casa d'el era vivenda
De moi fornidos portales
Con troneiras a barullo
Sortidas de barracalles.
Ja podía vir Tasende
Ou gabilla outra que tale
Qu'era ladrar ás estrelas
O'n aquel castélo entrare.
Tampouc'os próbes mendigos
Alí viñan a empararse
Porqu' n-el uns cás había
Qu'eran lobos carnizales.
Ulían ja d'unha légoa
Folecho de mendigante.
Regañand'aqueles dentes
Co'a intencion de Satanase.
N'a vreda se lanzarían
S'houbéra quén os ceibase,
Par'abocadar n'os próbes
E dimpois tal ves ladrare.
Limosna d'este don Judas
Ninguen se poido laudare
D'haberll'algunha collido
Nin pequerrecha nin grande.

* "Galicia Humorística", I, 30.IV.1888, nº 8, pp. 245-247. O ms. en C 102/9 leva o tíduo riscado *Unha conversión cal moitas.*

D'as suas filliñas síe
Qu'eran a nai somellantes:
D'a nai tiñan a vertú;
D'a nai herdaran o sangre.
Mais tiñan que dar sin vel-o
Don Juda, sémpre constante
Detrás d'as fillas alérta
Con cén ollos de fiscales.
Solo cando por usuras
Ou por rendas a pagare
Lle viñ'algun, daban élas
Un bocadiño de panhe.
Pró con moitas precauciós
Por mor d'o avarento paye,
D'os cans e de tod'o mundo,
Hastra d'a sombra d'as arbres.
Enton ó ver un mendigo
Pol a vereda rayale
Unha ou outra lle salían
O encontr'a limosn'a dare;
Anque fora enchent'o rio
Qu'iba d'o forte por diante
E case crobis'entéirol
Os penedos d'os pasales.

Socedeu, q'unha minsión
Veu á parroquia, e uns padres
D'Herbón o facian bén,
Préto d'a igreja, n'as tardes.
Unha devesa e un cruceiro
Son as señas d'o parage;
N'o meio s'erguía o púlpeto
Con dosel de tafetanhe.
E d'a Virge d'os Delores
Tamen se vía o altare
D'a sombriza carballeira
So do vizoso ramage.
D'aló co'as fillas don Judas
Non marrou ningunha tarde,
Qu'eran d'oir unhas cousas
De tan preciosas verdades
Que convertian as pédras
Máis duras, co'a sanctidade.

Pró as meniñas d'este hóme
Vían a minsión pasarse
Sin que d'avaricia, ni'esto,
Os reverendos falasen.
Discurriron entre sí
E foron a confesarse
D'o mal que a seu pai roía,
C'o millor d'aqueles frades.
E pidíronlle por Diose
Que dése sin pïedade
Contr'avaricia ... ¡e a *limosna*
Sobre de todo ensalzase!

N'o día siguiente foi
Tal o sermon d'aquel padre
Sobre a avaricia e limosna ...,
Ningun quedou por chorare ...,
Hastra esbagullou don Judas
E mirrou aquelas faces
Sempr'e decote inmovibres
Nin por gozos nin pesares.
¡Ja se vé! ¡O padre Sieira
Fora o pradicador tale
que deixóu nóm'en Galicia
Pra moitísemas edades!...

O sol íbase poñendo
Polos montes contra d'Ames.
Cólle présa tod'a gente
Para volver ós lugares
Por carreiros e camiños
Corredoiras e tojales.
Tamén se dirig'ó forte
Don Judas metido en ayes,
Comprétament'abatido
Cor d'amarel'o sembrante.
As nenas van contentismas
Par'a torre. Sin falare
Vai seu pai tod'o camiño
Sin término n'o sospirare.

¡Convertido por inteiro!
Din élas, non hay que darlle,
A determinación nósa

Foi inspiración d'un ángele.
Fin ó camiño así deron
Bendicind'a Dios e ó frade.
Cando n'a mesa se viron
Don Judas pudo falare
Dicind'¿Oíchedes, nenas,
Ser de Crist'o próbe omage?
¿Víchedes mais escelencia
¡Portentosa! ¡ademirable!
Que ser omage de Cristo
O próbe; non sol'omage
Senon Cristo verdadeiro
Como nos dix'ese padre?
O próbe é Cristo pidindo
C'o folecho ¡Meu diamante!
N'hay mayore gerarquía
Nin oficio e dinidade
Como ser o mesmo Cristo
Que de pórta en pórta vaye
C'o seu taleguiñ'o lombo
Improrand'a caridade.
¡N'hai dúbeda! ¡Estou resolto!
Dende mañan en adiante
Voume Cristo pol-o mundo
Pidindo por todas partes
C'o meu taleiguiñ'ó lombo!...
¡Me converteu ese padre!
¡E coidado! ¡coidadiño
Quen me veñ'a contrariare!!!
Deu tal palmada n'a mesa
Que tembrou tod'o moebrage.
Terror cubreu ás meniñas,
Non poideron contestare.
O minsionero asombrouse
Cando soupo cousa tale;
Asombrouse tod'o mundo,
Era cousa d'asombrare.
Aquel gran padre Sieira
Dimpois refería o lance
C'aquel don carauterísteco
Que Dios ll'e soupera dare,
Dicindo: «gran conversión
Conseguin n'aquela tarde
Que d'un démo fixen dous;
¡Eso polos apoucare!»

60

ORTOGRAFÍA GALLEGA *

I

¿Péro vamos, compañeiros,
A nósa lingua naz'hoje
Cal se fora un *volapük*
Inventado n'unha noite?
¿Éla non tén pai nin nai,
Nin siquera stórïou-se
N'in proced'en moita parte
D'o latin e máis consórtes?
¿Non-a screbíu aquel Rei
Que Sabio denominouse
Dón Alfonso de Castela,
Décimo por outro nóme,
Ja no siglo trece? ¡Amigos,
Conta levá porque cómpre!
¿Non-a screbíu outro Rei
Poeta d' o siglo doce
Dón Alfonso de León
Antr' os Alfonsol o nóve?
¿N'a screberon préto d'il
Ayras Nunnes e outros hómes,
O Bernal de Bonaval
E tamen Pero d'a Ponte
E Alfonso d'o Cotom
E outros varios trovadores
Meendinho, Martin Codax
E cén poetas mui nóbres?
¿O Arciprés de Santa Justa
N'a screbíu 'n o siglo once.
D'o Rei Don Alfonso Sésto,
En documento, e por orde?
Ja non vos lévo, amiguiños,
Ja non vos lévo á máis longe
Para o caso é moi bastante
Prantarvos'n o siglo once.
C'o desarrollo d'a lingua
'N a tradución d'aquel hóme
O mesmo da siglo onceno
Que dicir o siglo nóve.

*"Galicia Humorística", I, nº 10, 30.V.1888, pp. 305-307. Borradores en tiriñas na C 102/9, versión en parte igual, en parte máis longa que a imprentada.

¿Esta gallega lingüiña,
Camaradas, nace hoje?
¿Non sabés que a de Castéla
No'ér'ainda nâda estonces
Pois naceu mais adiante
Filliña d'esta mais nóbre?
¿Non sabés que a portuguesa
Lle debe canto éla póde
E se o gallego lle furtan
Os labros non se lle móven?
¿Non sabés qu'escrita está
Pol'o gran poeta Camöens
'N o gran poema «Lusiada»
Un d'os millores d'o órbe?
¿Non se ve tamén escrita
Con letras d'ouro e de bronce
'N os cantos de Don Diníz
E d'a sua ilustre corte?
¿Non sabés q'hai Académias
Estudiándoa de cote
'No orige d'estas palabras,
Uso e pronunciacionhe?
¿Non sabés que ja nos téñen
Tan adiante 'n eses nórtes
Que hai forza de diccionarios
Case con todal as vóces?
¿E que non hai máis que ler
O que 'stá 'n a aqueles códeces
Para impoñerse calquéra
'N o saber que non conóce?
Lusitanos e gallegos
Temos diccionarios hoje
E se comprétos non andan
O prencipal bén se cólle.
De día en dia aumentando
Irán os seus graus á tróje:
Vindeiros c'o nóvo estudio
Nos darán hastra q'abonde.

¿Por qué o castellan, sujeito
Ha de marchar ó seu códece;
E o gallego ha d'esmandarse
Agora feito un simplote?
¿Por qué o francés, o italian,
Cantas lingoas se conocen,
Ás leises d'a ortografía

Se rénden todas de cote?
Porque o modo de saberse,
Conservar o seu bo nóme,
E fixar a sua estirpe
De módo que se non borre.
¡Sagrado abolengo é ise
Que de páis á fillos honre;
E sin el, chámes'espurio
Quén-o pérde ou desconóce!
¿Cómo habemos dar idéa
D'o nóso lenguage nóbre
Sin a fé d'o seo bautismo
Que 'n as letras se compróbe?
Se d'as etimologías
O literato se fóge
¿Que literato será?...
¡Un literato ben próbe!
Carantoña de singélo
Moi mal a ignorancia encóbre
C'a sua larchanería
'N os estudios que lle cómpren *.
¿Hoje 'n o día en q'as letras
En tod'os ramo' se vólven
Astros de luz e porgrésos,
A ignorancia trunfar póde?
¿Quén lle dix'a esa ignorancia,
Ou ós *simplificadores*,
Que o fonetismo gallego
Er'o seo úneco dóte?
Se con el se for'á pôr
O latín que falar póde
Cada nación, escrebendo-o,
Seguro Babel nos tólle.
Misal romano, o Pontífex
Juro que o desconóce
Dentro de mui poucos anos
Por bén que as gafas colóque.
O mésmo gallego scríbase
C'o fonetismo d'o Gróbe,
C'o de Maside, o de Jallas,
O de Buron e Monfórte,
O de Compostéla mismo,

* Quizais se puidesen inserir aquí os fragmentos de C 102/9: v. Apéndice 60.

Cacabélos e Gimonde,
Allariz e Rivadéo,
Celanóva e Villaronte
E basta para que os démos
Fujan d'o tramo d'a torre
De Babél que aquí se arma
Co' eses *simplificadores*.
E non saben que complican
E deficultan de mórte
A letura d'o antigo,
Porque dempois ¿quen o roye?
A nósa gallega lingua
Non e *volapük* de hoje,
Que naceu hai moitos sigros;
Vén de paiciños mui nóbres.
Temos que reconocelo
E non dar en esto couces
E facer o que as nacions
Ilustradas se propóñen:
E dicir que 'studian bén
A linguage, e non se dóyen
D'o tempo que 'n eso gastan
Os máis sabios e doutores.
Fagamos nós outro tanto
Ja que o gallego nos próye;
Non ceguiños nos botemos
As toas e de tal sórte
Que pareza que ó 'screbilo
Apostámolas c'un zóte.
¿A que vén ese *Xesus*
Ese *Xan*, ese *Xerome*
E outras badulacadas
Qu'en jamáis 'n o latín hoube
Nin s'escrebéu 'n o gallego
D'o mesmo sígalo once?
¿Vedes facer outro tanto
Os poetas e scriptores
De Portugal, sendo a mesma
Vosa língoa e vóso corte?
¿Vedes vól os catalans
Qu'escreban aqueles nómes
Nin outros bárbaramente
Con somellante desórde?
¿A ond'ides á parar
Con tal crasitú d'errores

Antr'o esplendor d'os estudios
D'este siglo dazanóve?
Non seadel a irrision
Da gente que julgar póde,
Buscáde 'n esta os alaudos
Que ningunhos hai millores.
Así adiante bogaredes
Alumiados polos sóles
D'os progresos e d'as céncias
Cruzando estélas de frores
D'outro módo seguiredes,
Se mellor non vos compodes,
Coma quintos que non saben,
E escreben ós seus amores.
Rídesvos se a carta ledes
Que chegou á Maritórnes.
¿E por qué de vós nin ríde
Que máis reprensibre' sodes?
O fin o próbe soldado
Screbeull'á Maritórnes;
¡E vosoutros escrebedes
Para lidos e doutores!

II *

Non teñen que agradecerme
As JOTAS; eu solo trato
De defender e seu foro
E tamén reivindicalo.
Onde se fai o qu'é justo,
Meus amigos, 'n'hai alaudos:
A justicia é obrigación
De todo fiel cristiano.
JOTA é o nome d'o I
'N o grégo alfabeto dado:
Sea con I sea con JOTA
Leu sémpre I o romano.
D'ahi *Jesus* ou *Iesus*
O mésmo da, «monta tanto».
Por eso n'han de reñer
Os EQUIS desesperados.
A razón qu'eles tivéren

* "Galicia Humorística", I, 15.VI.1888, nº 11, pp. 337-339 (continuación).

Gardaremo-ll'-a: seu canto
Han de ter, o que lles tóca
Sin ll'o coller ó contrareo.
ENXEMPRO non vai con JOTA
Que vén de EXEMPLUM o caso;
Nin EXERCITO que é fillo
D'o EXERCITUM d'o Lacio.
¿Por que o EQUIS ladroeiro,
Faucioso, roin e malo
Non só ha d'engullir JOTAS
Senon que feit'un alarbio
Ha de vir tamén furioso
Ós próbes d'-os GES tragando?
VIRGEN s'escrébe con GE
Que vén de VIRGO mui craro,
Como vén GENTE de GENS
E GEADA de GELATIO.
¿Por qué os GES, os próbes GES
Non han de sair d'escravos
Hoje que d'a escravitude
Ja non queda ni'un fiñasco?
Acónque cada unha letra
'N o seu lind'e 'n o seu campo;
Todas son fillas de Dios
E non chuzos d'o pecado.
Vivan JOTAS, EQUIS, GES,
Todo esto é nacesario
Para escreber noso idioma
Nóbre, digno, própio e craro
'N a front'erguend'a diadema
D'o seu timbr'e d'o seu rango,
Fillo d'o latino e pai
D'o precioso castillano.
Bén atentos á eso mismo
Rodriguez, bibliotecario
D'a Universidad'ilustre
De Compostéla ou Santiago,
Valladares, e Cuveiro
Escreberon diccionarios
¿Para quén os escreberon?
Decime ¿foi para os gatos?
¿Ou foi para os estudiosos
Que buscan luz e adiantos
Par'a nósa verde Erín
Qu'en tod'os vén recramando?

¿Para quén escrebeu Pintos,
Aquel varon tan preclaro,
'N a sua *Gaita gallega*
Ou *Carta de Cristus*, dando
Luz abondo á quén a quixo,
D'as noitebras arrincando-o?
Pois alí tén o curioso
Outro nóvo diccionario,
Poesíal os poetas,
Ilustracion os gramáticos
De modo que o que non ve
Tanto sól'n o nóso espazo,
E porque o non quere ver
Ou porque será un cegato.
O domáis, e bén acesa,
Temol-a luz 'n-eses faros,
Que tempo será que o régime
Caprichoso, estacionario
Que dirige ós nósos cégos
Caya d'unha vez, crismado
Pol-as mócas d'o porgreso
Víndose d'o burro á baixo.
¡Nin val o que veña lógo
Saco Arce á lovantalos!!
Est'autor era moi tésto
Bon poeta e bo gramáteco:
Pero en verbo de valore
Tivo pouco, pois trembando
Ant'as turbas d'os *equistas*
Veu cair esmorentado.
Volvendo en sí veuse preso
D'aquel turbulento bando,
Prescindíu d'o seu saber
E renegou d'o seu Lacio,
D'o seu grégo e d'o seu Pindo
E d'o seu Sïon hebraico.
'N o tocante d'a escritura
Botouse 'n-o reino estraño,
Deixou o reino d'a céncía
Pol-o d'a "stulticia antro";
Quer decir, trocou o próbe
Os olliños pol-o rabo.
Audicou de todo aquelo
E tamén d'o castillano,
De tod'os neolatinos

D'esta Europa e seus estados,
E (sémpr'o medo 'n o corpo)
Hastra d'o bon lusitano.
Est'autor 'n a ortografía
Deber é o recusalo.
¿Fora d'o reino audicou?
Nulo foi o bo d'o auto.

E por moito que padriquen
Os seus cégos partidarios,
El é un, e en contra d'el
Melitan esoutros catro,
Que cada 'un' n o nagócio
Val máis ca él outro tanto;
E d'ahí, botálle a conta
D'o que valerán os catro.
Añedí tamén a eses
Outro moi bo ¡pene o diabro!
O d'*A Campana d' Anllons*
Gran poeta, excélso bardo,
Pondal, o de Ponteceso,
Hóme douto e literato.

De módo que, meus amigos,
Prosigo 'n o meu traballo
Dicindo: vivan os JOTAS
EQUIS, e GES; pró montando
'N a refréga d'a escritura
Cada un' n-o seu cabalo,
Sin quimérias nin rapiñas
Nin outros desaguisados;
Se non se fixere así,
Tocaremos á rebato
Pondo-se estado de sitio
Contra o nécio desmandado
Que non quér vir á razón
Anque ll'a espeten á cántaros
'N-os miolos d'a cabeza,
E teñamos que levalo
Queiras no queiras, por forza
Coma neno mal criado
Que hai que conducilo á' scola
Turrando por el e arrastro.
S'aïnda non se puxér
En vísporas d'amansalo,
Por últemo levaremol-o
(Tunda infalibre 'n-o caso)

Donde con seu pai alcontre
Que as peras lle poñ'á carto.
N-aquel Pórtico d' a Glória
D'a Catradal de Santiago
Temol-o Santo d'os Cróques;
E con unhas tres ou catro
Cabezadas contra ele
'N aqueles riziños brandos,
Meu filliño, queda o neno
Feito un meréngue de laso:
Que a céncia d'o gran Mateu
Deixa-ll'o sentido craro,
Desperto á todo saber
E pr'os estudios moi apto.
A menciña no' stá longe
Nin custa, por Dios, mui caro,
Séte siglos hai que s'usa
Con éusito 'strordinario,
Sin asomos 'n o argadelo
Tan siquera de milagro,
Nin un nisco de diabrura,
Nin tampouco de meigallo.
Conque alérta, meus ruliños
Que non se rubrique o bando
Pondo en estado de sitio
Os rebértes d'os mochachos.
Miren que é cousa de ver, *
Avóa, lingua d'o Lacio,
Corona d'emperatris
'N aquel sólio d'o seu pazo.
Cabo d'éla 'sprandecentes
Suas netiñas brilando
Unh'á déstra, outr'á seestra
D'aquel trono escélso e craro
Como princesas augustas,
A unha, d'o lusitano
A outra, d'o de Castilla,
Riquezas e luz vibrando.

* V. variantes deica o final do canto no Apéndice 60.

E lógo a mai d'as princesas,
Reina d'entrambos estados,
Quer'entrar e n'o premiten
Alabardeiros 'n o pazo,
Porque a ven aspada d'EQUIS
Pol as meijélas e labros
Como se fora mollér
Perdida 'n os malos pasos
A quén hómes vingatibles
Cruzaran á navallazos.
De modo que a desconócen
Os labardeiros, e tanto
Que lle din, mofando d'éla:
«¡Señora! ¡Señora! ¡alto!
Virólas aquí non privan
Nin tampouco lacerados.
Hoj'aqui hai grande festa
Particular e sarao
Sólo entran d'a familia
Príncepes e potentados.»
E tén que volvers'homilde
A gran reina sospirando,
Maldecindo d'esta gente
Descoidos e desemparo
Q'asi póñen sua reina
Feita un ping'ou mamarracho ...
¡Decíme se os que tén culpa
De somellante maltrato
Non lles virá bén, de sitio
Un realísemo bando
Que poña fin á esta trópa,
Se non por bén, á estacazos!

III *

¿Que vos parece, amiguiños,
D'a condanada d'a broma
D'*O Tio Marcos d'a Portéla*
Que alá 'n os Ouréns adoba?
¿Pois non foi o gran *equista*
A tomar (cal sémpre tóma

*"Galicia Humorística", I, 15.VII.1888, II, nº 1, pp. 13-15 (continuación).

Sin licencia de seus páis)
Meu artículo d'o idioma?
Per'o millor, no'st'aquí,
O *timo* non é gran cousa
Anqu'espósto á unha denuncia
Criminal; esto n'é broma
Que outros andan envolveitos
En papel d'oficio ¡pócha!
Con muito menos delito
¡E pagarán-o, co'as céstas!
O prencipal d'a malicia
Foi, que sendo a miña óbra
De régras d'a ortografía,
Práuticas, de algunha monta,
¿El que fai? o cundanado
¡Aprensión ningunha! pón-nas
D'o mesmo módo e maneira
Qu'el escrébe as suas cópras.
Agora vexan, vostedes,
Si somellantes liorias
Son de cristiano ou judío
Ou d'emprensor d'as Batócas.
O que 'n *O Tio* me lea
¿Por quén me terá, pardióla?
"Vede aquí (dirá moi sério)
Un hóme qu'escrébe ás toas,
Que da régras que non sabe
Pôr 'n a práutica por óbra.»
¿Escrito *tan esencial*
Cabe en ningunha cachóla
Cambiarll'a ortografía
Pòndo a mala pol-a boa,
Ou si d'eso non enténde,
Trocar unha pol-a outra
N'un caso *tan especial*
Convertindo-o 'n unha mofa?
Perdón de Dios non tén isto
Máis que m'o négue Cardona.
Dino é d'os Tribunales
Ese caco ¡e non é broma!
Non tan sólo por ser caco
Furtand'o que se ll'entoja
Senon faguendo adultério
Co'as própias letras que rouba.

¿E que vos parece, amigos,
D'a outra singular broma
D'o *equista* Don Manuel
Martís?... E dino de lóa
Pol-a gran literatura
Que 'n o esperpento demostra.
Sua agudeza, chiste e sal
Non lle sahiron d'a ola
Porque o naipe non ll'ajuda
Y a matéria e-lle mui xota:
Non quér el tampouco adiantos
E céga o infelís de cólera.

Hai que perdonarlle a este,
Pataleos ¡miña joya!
Sabe «gramatiquinencias» ...
Dios ll'as conserv'e de grória;
Pró non sabe adiantar
Nin tan siquéra unha coma
D'a léngua 'n a ortografía
Que cultiva tan sin chóla.

Pouco frut'os literatos
Sacarán d'as suas óbras
Nin menos d'os seus principios
Tan ruís e tan en contra
D'os que sustenta e persigue
Nósa Académia Española.
Nin tampouco sacarán
D'as citas cal as que cólga
A un próbe Rei Recaredo
Monarca d'a gente goda.
¡Gran Dios! ¡onde ch'el quedaba
Cando se traduxo a obra!
Traducion d'o *Foro Juzgo*
A os seis siglos foi compósta
Dimpois d'o tésto latino,
Que n'é a distancia pouca.
¡De Chindasvinto a Fernando
Terceiro ou Santo ¡é a conta!
N'hoube ningun Recaredo
Para somellante cousa.
Se a Martís ll'o noticiaron,
E' peta, os cartos lle volvan.

O máis que di, né milagre
Parellas con esto corra
Qu'é fazl'escreber 'no asunto
Cando así se escrébe ás toas.

Crên algus que o galiciano
Faise c'o abrir d'a boca,
Que non tén analogía
Nin sintásis nin prosódia.
D'ortografía e suas leises
Generás, escepcionouna
De birlibirlóque o arte
Por encantamento e dróga.
De módo que calquer año
Pódea röer cal se fora
Unha manchea d'herviña
Que chegou d'o prad'agora
Brandiña, fresca, odorífera
Cal unha temporan rosa.
¿D'estes quér ser o Martís?
Dios lle conserve a bitóla
E siga pol-o camiño
D'a sua ovelleira trópa.
Será poeta, n'o dúbido,
¿Mais, literato?... ¡non cóla!
Para selo é nacesario
Un pouquiño de pachorra,
Queimar algo máil as cejas,
Non dar ó demo as escólas.
¡Y el ténll'un terror que rabia
Dedicarlles unha hóra!
Chámalle tempo perdido
E tén razon que lle sobra;
Se non ha d'adiantar máis
Queim'os libros e ¡á bartola!
Que val máis dormir sin renda
Ca botar sapos e cóbras
Chistes sin gracia ningunha
Metendo 'n a batahóla
As fabas e as castañas
C'os autores e coroas,
Sátira en lugar de crítica,
Por doutrina, error e mofa,
De mentiras unha sarta
C'un pulpitazo d'embrollas
Con eleucions e embelecos
E mesas interventoras,
Que máis que nada, parecen
Delirios d'unha persona
Que lle picou a tarántula
Porq'oiu falar de *'scóla*.

D'éla vén a autoridá
D'os escritores de nota
Que antes d'ir ás Academias
Estudiaban os idiomas
De donde proviña o seu
Dándolle 'n o escrito forma.
E anque o vulgo non-o escriba
D'aquel geito, porq'o ignora,
Non por eso ha de pasar
Sua imperfeucion por nórma,
Senon o escrito d'os sabios.
Se a cantidá fore pouca,
Sémpr'entr'os hómes de letras
A calidá é vencedora.
Hoje 'n o dia, á Dios gracias,
Dásenos feitiñ'a óbra
Pois o punto anda arregrado
C'os diccionarios d'o idioma.
¿Terán algunha mancilla?
Corréges'e pouco impórta.
S'ainda esto no'o permiten
As facultás ou alfórjas
D'algun démo cabezudo,
Quede en compaña d'ilótas
D'a' stulticia ou d'a ignorancia,
D'o vulgo aumentando estoas.
Mais non diga que provou
'N a universidá famosa
Nin estudiou a Nebrija
Nin lle revolveu as follas
O' Calepino de Salas,
Nin veu d'o Virgilio a sombra.
Non diga: «fun estudiante»
Sólo diga: «son estoa.
Se no santuario entrei
De Minerva pol as pórtas
Minerva no' entrou en min;
Salín máis burro que fora.»
Se antr'eses Manólo está
Ou no'está, igual que monta,
S'el á sí mésmo proclámase
Unha soberana torda,
Se' a, ja que el así quére
Somergirse 'nunha lórda
Que s'embadurna studiantes
E' máis fea e bochornosa.

¿Qué máis Lei ni' Autoridá
Pretende o Martís d'as bromas
Que 'na capital d'España
Un Martinez de la Rosa
Un Lamartine en París
Un Herculano en Lisboa
'N a libre Suiza un Gessner
Alfieri 'n a sagra Roma?...
¿E quén é pra compararse
Con tan grandismas personas?
¿Quér enmendarllel-a prana
Un cativo d'un chiólas?
Sobre todo, están as linguas
Derivadas e matronas
Qu'é a LEY, a AUTORIDADE
Máis respetabl'e forzosa
Como unha Lei Natural
De todol'os pueblos dógma,
Si reconocer n'a quéren
E por eses millos botan
Martís e os seus corénta
C'o seu pan vayan e coman.
¿Que o pantrigo non lles sabe?
Que sigan röendo broa,
Recollendo a toneladas
Leña 'n as fornidas cóstas;
Que tantos serán os páus
Ó mallar d'a gente nósa,
Que ou zásan d'empremir letras
Os démos d'os babïócas,
Ou quedan sin óso sano
Por larchás e gente tola.
¿Que che parece, Martís,
Inda siguirás co'a endrómena
D'as eleucions ou d'os démos
Que che férven 'n a cachóla?
Pois éche' o mismo que far
Asambléa numerosa
De cégos de nacemento
A o fin de tratar d'a forza
D'a luz d'o gas ou d'a eléutrica
Para escoller a máis mona.
Se fose tal a Asamblea
D'a cegamia desastrosa,
Qu'entrase por cego algun

Que vise, e poidése a cousa
Descernir, non lle valía
Con tantos cégos en contra.
Votaban pol as tenebras
Porque 'n o démo d'a loita
Non guipaban outra luz.
¡Martís vencía con gróría
Marchándose co'as cegarras
De lazarillo e costódia!
¿Que decís, amigos meus?
¿Levaremos esta bóla
Ortográfica e zampemol-a
'N o gran Pórtico d'a Groria
Por si d'os Cróquel o Santo
Ll'infunde céncia n'a chóla?
¿Ou será millor deixalo
Que o 'stado de sitio o coma
Ou o terme tan maduro
Que a disparatar non volva?

61

¡VICTORIA! *

Gloria a d'o Eco!
Gloria inmortal!
¡Vencen a todo-
L-os *Goliaths*!
Vencemos todos
C'o seu cantar
En Barcelona
Suidá condal.
Is'embeleso
Mágico Ossian
N'o amplo mundo
Non ten rival.
Ví, madrileños,
Ví, catalás,
Vide, franceses,
Vid'alimáns.
Volvé por outra
Se querés más:
¡Ant'o gallego
Nuca dobrá!
Co el non pode
Ninguén lidar:
¡E-vos d'a Cruña
Iste coral!
Chané e Veiga
Son os seus pais
Aires d'os pinos
Brisas d'Oceán.
Céltigos númenes
Seus alalás
Cruzan os orbes
Da inmensidá.
Nenas d'a Cruña,
[...] fillas d'o mar!
Rosas a feixes
Crubar o chan!

* C 102/9. Os versos 34, 35 e 36 están furados da trilla. "O tio Marcos da Portela", nº 258, 23-XII-1888, p. 7.

¡Veñen os nosos!
¡Vivas lanzá!
¡Veñen en trunfo
Vosos galáns!
¡Homes e nenos,
Bated'as mans!
¡Bailá de cóte!
¡Berrade mais!
¡Gloria a d'o Eco
¡Gloria inmortal!
¡Viva a Mariña!
¡Viva l'Orzán!

62

A SANTIAGO ZEBEDEO *

Apóstol de Jesús y de la España
Patrono singular esclarecido,
Restaura de la fe el sagrado nido
Que de Luzbel hirió la horrible saña.

De Norte a Sur tendiendo la cizaña,
Fue del Pastor y grey amor huido,
Lucha de desconsuelo el santo ejido,
Pugna de desunión la fiel cabaña.

Da luz, benigno Apóstol, al Pontífice
Que asoma, nueva estrella, en tu horizonte
Y justicia y piedad triunfen del suelo.

Húndase la soberbia con su artífice,
Termine el interés, del mundo arconte,
Vuelva la religión hija del cielo.

La Coruña, Julio de 1888

* C 102/54.

63

PALABRAS DE CONSOLO. A C. O. Y M. *

Traduczón de Antonio de la Iglesia

¡Grandes son os delors, oh miñ'amiga,
Con que prob'a tua alm'o amor de Deus!
¡Bo torrente de penas te castiga
Por ver si son mais fort'os bríos teus!

¡Croa d'espiñas 'n o cravar moi fonda,
A frente che cinguíu c'o seu tormento!
¿Qu'estrañ' é 'n o arrugar somelle a onda
Sucada un día invernal por aspro vento?

¡Oh si! bén pròba o ceo; bén purifica
'N o cruxòl d'o penar teu pòbre cor;
Teu corazon que acaso non s'esprica
Como en quén ama tanto hai tal rigor.

Cans'o teu corazon, que ò gòlpeál-o
O ceo cal se gòlpéa un diamante,
Cre de véral o fai por estrozal-o;
Non pra sair d'os gòlpes mais brilante.

Cor' teu, que com'un'harp'abandonada
'N unha noite de vento en tronco ardido,
Sospirar ja n'acérta outra tonada
Que a d'o trist'e prangidor gemido.

¡Como é cruel, oh amiga, esa desgracia!
¡Dempois que foll'a foll'arrapañoute
Fragantes ilusions, cal d'unh'acacia
Roub'as florel o vento 'n unha noite:

Des que amigos, e amor, e poesía
'N o fondo d'o teu peito s'arraigaran,
Tres fòsas cabo ti 'n un mes abría,
Tres corazons ch'en sòl' un mes roubaran!

¿Qu'estrañ'é que perdid'os que 'n aterra
Sua dicha foran, seu escud'erguido,
Exposto à sòrte que lle fai tal guérra
Teu cor se desfalleza cal vencido?

Mais non; no' sta vencido, é mais valente
Tua alma grande, que a funésta sorte.
Teu cor no'sta vencido: embraza' ardente
Sant'o escudo d'a fe, mais que ela fòrte.

* Joaquim RUBIÓ Y ORS, *Lo gayter del Llobregat. Poesías*, J. Jepús y Roviralta, Barcelona, 1889, II, pp. 157-163.

¿Que importa que 'n o medi'o mar instabre
Destroze o vento as vélas d'a nau tua?
Fiada en Deus, ò tempo que a onda s'abre,
Mais remas canto mais ese mar brua.

¿Que importa que ante ti estrale airada
A tempestá, si baix'o santo emparo
D'a esperanza te cres mais resgardada
Que d'o cierzo 'n o niño està o paxaro?

¿Que val que d'o delor a noit'escura
Te sorprenda en mità d'o teu andar,
Si 'n o cé' ò buscar en tua amargura
D'o norte a 'strela, sémpr'alí ha d'estar?

¡Oh bendito sea Deus, pois ò lanzarte,
Cal naufraga 'n un mar sémpr'agitado,
Unha man te alargaba ond'agarrarte
Vindo á porto tranquilo e resgardado.

¡Bendito Deus! caer òs teus pes fixo
Romol os tiros d' ese fado cruel,
Deus que òs lions que fosen mansos dixo
E homildel òs pés caen de Daniel.

¡En medio d'o pesar serán, amiga
Dòses chor'os que manen d'o teu cor,
Membrando ser un pai quén te fustiga,
E non coñéce un pai senon o amor!

¡Sabid'e 'n cada dor que a sén che queima
Contas por sucos qu'en tua frente fai;
Pra mais flors añedir a tua diadeima,
Dios contando-os 'n o ceo tamén vai!

Serena, pois, teu cor, amiga, e fia;
Ti sabes duran pouco l-os delores,
Ti que sabes que a noite pòrta o dia,
Ti sabes que d'o fango nacen flores.

E si os ollos acaso ves que molla
De tua mai unha bagoa doente,
Recolle-a c'un beijo, cal d'a folla
Recolle a d'o recì'o sol nacente,

E dille: Non chorés, naiciñ'amada,
Se non temol-os sers que amamos tanto,
Un dia os acharemos 'n a morada
Ond'eterno e o goz', o amor mais santo.

A Cruña, dazaseis de febreiro de mil oitocentos oiténta e nove

64

DEUS FRATRESQUE GALLAICAE *

¡Ide ó Ferrol, gallegos! ¡tod'a Cruña!
¡Deprendé d'esa raza generosa!
¡Así é como se fai! ¡así s'endiosa
O nome de Galicia e sua alcuña!

¡¡Ferrol!! ¡ti és vida! ¡ti a bandeira empuña
D'esta abafada terra, desastrosa,
Por mingoa d'unión! ¡e asaz medosa
Para abranguer d'o bén palanca e cuña!

¿Qué rosmás, d'egoísmo vils escravos?
A que trunfo nos léva a vósa obra
De perdición, de morte e d'inmundicia? ...

¡Calá, povos cativos! ¡enterrávos
Que ja mortos estades! ... ¡Ferrol sobra
Para ceibar d'a escravitú a Galicia!

A Cruña

* "El Telegrama. Diario republicano de la Coruña", 24.VII.1889.

65

OS LIBROS DE DIOS *

Justa, rapaza moi lista
Per' unha moiniña atrós
Coma todal-as beatas
Que o trasn'o mundo botou
Le solamente 'n-os libros
Que lle manda o confesor.

Os libros son d'un curman
D'a pícara, Lifonso Dios,
Estudeant'en medecina
E de gran desposición.
Amores ten moi sagrados
Con Justa. O pracer é bo.
Chora? Co'él. D'a rapariga
Encántano as pertenciós.
Ja se ve, quinz'anos ela ...
El sanguiño e camastrón ...
Eu non daría ni' un céntemo.
Pol-a vertú que jurou.

Os pais de Justa, moi dados
A prepetua e devoción
Decot'andan maldecindo
A certas publicaciós
Que dañan pero moitismo
D'a joventude o pudor.
Laudan a vertú d'a nena ...
¡Sempre c'os libros de Dios!
Perguntoulle o pai un día
Que lendo ela estaba o sol:

Justa ¿qué libros son eses?
Morriña e *Insolación,*
Contesta, de grand'ensino ...
Coma todol'os de Dios ...
Ind'acaba de mandarmos
O meu santo confesor ...

O pai quedou satisfeito,
Liu a filla e recuncou,
A zangamoina adiantando
C'o galeno e o confesor
O cabo de poucos meses
Non ll'abastaban os dous.

* Ms. do A. S. de la I.

66

Ó CÉFIRO *

Traduczon d'a oda de Don Esteban Manuel de Villegas

Doce veciño d'a verdeante selva,
Hospede eterno d'o Abril florido,
Vital alento d'a naiciña Vénus,
Céfiro brando.

Se d'ansias miñal-o amor soubéche,
Ti, que as queixas de ña voz levache,
Óye, non temas, dill'a Ninfa miña,
Dille que morro.

Fílis un tempo meu delor sabía
Fílis un tempo meu delor choraba,
Quíxome un tempo; mais agora temo,
Temo suas iras.

Así os Dioses con amor paterno,
Así os céos con amor benigno
Neguen o tempo que feliz voares,
Néves à térra.

Jamail-o peso d'unha nube parda,
Cando amañece 'n-a elevada cume,
Tòque os teus hombros, nin seu mal granizo
Fira tuas alas.

* "La Pequeña Patria", nº 1, 10.XI.1890, p. 15.

67

A O "FOLKLORE GALLEGO *

Traduczón d'o Madrigal de Gutierre de Cetina

Ollos claros serenos,
Si de dòce mirar sos alabados,
¿Por qué si me mirás, mirás airados?
Se canto mais piedosos
Mais béllos parecés a quen vos mira,
¿Porque a min sòyo me mirás con ira?
Ollos claros serenos.
Ja que así me mirás, ¡miráme ò menos!

* "La Pequeña Patria", I, 20.I.1891, nº 8.

68

De Luis Martin, traduczon do Madrigal *

Iba collendo flores;
E gardando 'n-a fralda
Ña Ninfa, pra facer unha grinalda,
Mais promeiriño as toca
Ós rosadiños labios d'a sua boca,
E lles da d'o alento seus olores.
E estaba (por seu bén) antr'unha rosa
Unh'abella escondida,
Seu dóce humor furtando,
E como 'n-a fermósa
Flor d'os labios se achou, ai, atrevida
Lla picou, sacou mél, foise voando.

* "La Pequeña Patria", I, 20.I.1891, nº 8.

69

DEUS FRATRESQUE GALLAICI *

I

1589

A honra de Galicia, soblimada,
O poder d'a Inglaterra, somergido
O lauro 'n esta Cruña adequerido
Salva d'Iberia a enseña amedrentada.
Pol-o Prudente Rei vese acramada
A virtude e o valor d'o noso enxido,
Propòno por modélo escrarecido
A nación, d'o sol sempre alumëada.
¡Trunfo e louvores danse à herculea terra!
¡'N o cume d'o elevado firmamento
Resprandece Galicia astro d'a guérra!
¡Que moito se 'n o asalto e campamento
Hastr'a mullér, o ancian, o neno cérra
E d'o infidél cañon dan triza ò vento!

II

1889

Vese Galicia isqueletada e pobre
En forza de rendir sangue e diñeiro;
Abandona o paisan' o doce outeiro
E cruza esconsolado o mar salòbre.
Outro mar d' agonía e luito còbre
O sembrante esbaido e pordioseiro;
Vai d'os mundos buscando o refigeiro
Que Madrí ll'arrebata ruin e inòbre.
E non sò con soberba ll'arrebata
Intereses, amor, sangue e justicia,
Senon que con desprecial-o maltrata
O velo escamallado e sin pericia
Que jamáis levantisco se delata,
¡Co'a tralla cruza o rostro de Galicia!

A Cruña, 1889

* "A Monteira", I, nº 14, 4.I.1890, p. 106.

III

¡Univos! *

Deprendé, galleguiños, e cruñeses,
O que val vosa forza andand' espida:
Se como hastr'o d' aquí vai devidida
Levarel-as azoutas cen mil veses.

¿Vós pensás que Madril non tén riveses
E que pòde o Menistro, e a fé comprida?...
¡Qu'enganados andades! ¡'N-a partida
Pode máis un vilucho con *parneses*!

Vosoutros non-os tedes, miñas jóyas,
Buscá por Dios d'o ce' outro camiño,
A senda que levás, ¡nin a d'un cego!

¿Tres millóns d' habitantes son tramóyas?
Pois formá un adibal *retorcidiño*
¡E verés a Madril cal vén ó rego!

IV

Ditouse unha Real órde con justicia
Guindando c' un odioso previlegio
Contra o moi alto e popular colegio
D'a nóbre Cruña e d'a inmortal Galicia.

Por entojo d'o *pobo d' a injusticia*
E con él, d'un *marqués* o sacrilegio,
Reformouse á Real òrde, o mando regio
Tirado pol-os chans baixo a codicia.

¿En qué país vivimos ciudadanos?
¿É cousa de pasar así de cóte
Amarrada Galicia á vil cadea?

¡Volvé os cartos á bulsa, cortesanos,
Que andades a compor o mal guisóte! ...
¡¡ Honra Galicia tén!!! ¡¡¡honrada sea!!!

A Coruña, Octubre de 1890

* "A Monteira", II, 18.X.1890, nº 55, p. 18.

70

PROFECÍA D'O EUME *

Hai un río misterioso
'N-o escuro país d'o célta,
Por alboredos gardado
E montes que ó céyo chegan.
Río d'illa cal ningunha
Para mónjo nacoreta ...
Pósto alí, parés que já
No'hai outros hómes 'n-a térra.
San Rosende 'n-esa illa
Hoube a primitiva céla
De Caaveiro onde sofríu
Veluntaria peniténcia.
Por aquel decir: "¡mal día!"
A un día d'espanto e trevas,
Que asomellaba d'o mundo
A jornada derradeira.
¡Esa sí que é poridade
'N-as almas sanas e reutas!
¡Arrepentirse d'o dito
Hastr'a Perdonanza Excélsa!
Verificous'o perdon
A dilicada concéncia;
Constituindo este caso
Unha d'as galaicas lendas.
Nado o río, rúa 'n-o cauce.
¡Bén fadada é sua 'strela,
Vida e jólda lle regala
'N-a patria donde nacera!
D'o pico Gistral surdíu
D'o pico Gistral viñera
'N'-as soedades nacido.
'N-a soedá se deleita.
Camiña entre sombra e música
D'as aves que se concértan
C'o murmuriño d'as ondas
E as arpas d'a florésta.

* "Revista Gallega", 25.IV.1897, nº 112, pp. 3-4. Cfr. variantes no Apéndice 70: ms. do A. S. de la I. asinado 'Antonio da Igreja Gonzalez' e datado 'julio 1891'.

En vertú d'o que se di ...
Galicia arde e non fomega.
Por Pontesdeume ó girare,
Detuvo as ondiñas lédas.

E d'antr'ilas gotejando
Sacou as canas gadellas
E botándoas par'atrás
Faloull'así o profeta:

-¡Pontesdeume! ¡Pontes miñas!
¿Que foi d'a vósa grandeza
C'o pazo, muros e torres
Castélo, adarves e almeas?

¡Cabaleiro d'o Breamo
En ristre lanza e ballesta!
¡Poder! ¡o que abrangue a vista
Por longos mares e térras!

Os d'o Tempre, cobizosos,
Os d'Andrade, de pelea
Gañan-o Ave María
Agora d'a sua enseña.

Dentro a vila, San Miguel,
San Miguel, no alto d'a sérra,
Ambos a dous capitans
D'a boa gente de guérra.

¿Onde vai esa gentiña?
¿Aquil bater d'a moeda,
Pontes d'oso e javalin,
Espitás e fortalezas?

¿Aquil vóso Andrade o Boo
Garzón d'a devisa féra,
Que osou, valiu, foi a causa
D'as mercedes enriqueñas?

¡Heptarca d'as séte pontes
Sét'espitás, sét'igrejas
Séte mosteiros e séte
Santuarios e fortalezas!

¿Qué foi d'os mosteiros graves
Adotados con largueza,
Tantas capélas riquismas
Tanta parroquial igreja?

¡Que ó diga Montefaro,
Ferrol, Villalba, e no' esqueza
San Francisco de Betanzos
Honor d'a escola gallega!

¿E a Virgen d'as Vertudes?
¿A de Chanteiro onde queda?
¡San Agostiño d'a vila
Derrubado ja por terra!...

¡Non por deble! ¡nin a Ponte
De seis arcos e cincoenta!...
¡'N-o medio, espital e praza,
Mirador e mais igreja!

¿Qué me decís de Santiago
Tutelar d'a vila esta
Onde jaz o vencedore
De Seminara e Caserta?

Inda lóce o seu escudo
Con dazaoito bandeiras
Collidas ó inimigo
'N-a Italia en famosas guerras.

¡E D. Fernando d'Andrade
Que d'a Galicia en defénsa,
Se ll'opux'ó Emperadore
'N-as Cortes de Compostéla!

¡Ouh, señorío d'o mundo,
Canta memória vos deixa!
¡Cal a vósa monarquía,
'N-as conta a presente éra!

'N-a vosa corte brilaban
Astros de lus verdadeira
Mancebos e Nogueridos,
Rajóis de lembranza etérna,

Ruizes e Maldonados,
Vascos d'Aponte ..., e de letras,
E de tod'os mais resumen
Alonso Pita d'a Veiga.

Campeon d'España e d'Italia
'N -as cén vitórias diversas,
Desciplo de D. Fernando
'N-o bon enxempro e 'n-a guerra;

¡'N-a batalla de Pavía
Ó Rei de Franza prendera!
¡Foi a segunda vitória
Librado de mórte certa!

¡O Estandarte Real
De Borgoña é a terceira,
Que o recobrou de franceses
'N -aquila batalla mésma!

¡Todo isto finou já!...
¡A mingoa vai a gran puebla!...
¡¡Non será mentr' haja union
Que é gadaña d'a lazeira!!!
Fugiron, sí, béns e males
D'a preciosa Idade Media
E está dando as boqueadas
A vósa Idade Modérna.
¡Vayan con Deus! Virá lógo
A d'a Industria, a d'as Empresas,
A Nova Idade que vai
Mellorar todal-as véllas.
A fórt'union de Galicia
Traguerá por consecoencia
Ensanchar desde Centroña
Esta vila pracenteira.
Mar de froitas regaladas,
E d'as flores mais prefeutas,
Sólo lles gana en primores
A venustidá d'as fembras.
E botando par de min,
Por tod'o vale tendendoa,
Fará prazas, novas ruas,
Parques, fontes e lamedas.
Suntuosas casas de quinta
E frábicas á mancheas
Para todal-as industrias,
Gorgullarán as ladeiras.
Os metales hai d'abondo,
De mecánicos hai plétora,
¡Poil-o fundo! ¡que lle pidan,
Liños, algodon e seda!
E tanto será e tanto
O que a viliña s' estenda,
Que hastra o castélo d'Andrade
N'haberá, quen-a deteña:

¡De Castro, Boebre e Miño
Ja lle invitan as froléstas!
¡De Perbes e Vilanova
Os encantos e ribeiras!
¡Asina redondeada
Trunfará tan rica pérla!
¡Vil'a millor entr'as vilas
D'a nósa patria gallega!
¡Cume e centr'o seu Breamo,
Espello de gran poténcia!
¡'N-a fralda mares e portos,
'N-o longe vistas inmensas!

Saudouna e sigueu o rio
Pol-as douradas areas,
Ista cántiga entoando
A tod' region gallega:
Nova Idade, vid'agiña
Pontesdeume vos espéra:
O poder d'o Galician.
Entra'n-o mundo co'éla.
Ala lala lala lala
Ala lala lala ¡veña!
Ala lala lala lala
Ala lala, lala ¡heila!

Julio de 1891

No pazo de Miraflores *
De Miraflores galán
¡Quen d'ese pazo poidera
Tantas mamorias contar!

¡Quen d'este vale arboredos
Poidera, ledo, gozar
Quen estos prados e flores
¡Ai! poidera retratar.

Dend'aquí as estou vendo ...
Ondas veñen ondas van
Dend'aiqui as estou vendo
Aló nas prayas d'o Orzan.

As brisas d'aquelas ondas
¡Cántos recordos me tran!
¡D'a ilusión d'os meus sospiros
Guindad'agora no chan!

Ilusion d'os meus sospiros
Ilusion d'o meu afan
Honte foi hoje morreu ...
Miro aló ..., remiro en van...

As bágoas, ¡ay! d'os meus ollos
Non son que m'a crisarán;
Os meus ollos non dan bágoas
N'as teñen: secaron ja;

Tal é d'o delor a forza,
Tal a sua intensidá,
Que a gorja m'agarrotou
Con argola e con dogal.

Trabado e mudo quedei
E non me din a chorar
Mal podía quen siquera
Non podía saloucar.

Ouzád'as brisas da Cruña
Brisas d'a pradeira, ouzai;
Airiños d'a fonte, airiños,
De Miraflores galanhe,

* C 133/6.

Vede se podés, por Diose,
Os meus ollos refrescar
E que dar poidan con bágoas
O froito d'o bén chorar.

Quen así chora desbafa,
D'el tén o delor piedá;
O que d'outra sorte chora
Da logo na eternidá.

72

'Na miña vida tal vin, *
Un abispo legislando
Sobr'un enterro cevil.
'Na miña vida mais quero
Ver acurralado o pretor
Pol-o bonete d'o clero.
'Na miña vida vin tal
Un pretor cargando o povo
Pol-a ley apiscopal.
Lei bastarda e sin razón
E levando a comprimento ...

* Ms. no A. S. de la I.; fragmento escrito horizontalmente no reverso de *Os libros de Dios*. V. Apéndice 72.

73

A ROSALÍA CASTRO 'N-O 26 DE MAYO DE 1891 *

De min non se lembraron, Rosalía
'N-o teu gran popular trasladamento
Pra ese out' ollival, sagro convento
De Bonaval, que foi Santa María.

Faixas, bastós e borlas a porfía
Convidados con fino acatamento,
Acodiron a pôrte 'n-o moimento
Que ja esqueceron 'n-o siguente día.

Tal foi, ja o viche sémpre, a triste groria
Do mundano barullo e vanidade,
Que non sab'ensinar mais alto enxempro.

¡Corazón, o ti buscas a memoria!
O meu non che ha faltar 'n-a soedade
D'a sempiterna noite d'ese tempro.

* Ms. do A. S. de la I. Variantes no Apéndice 73.

74

REPOCHADO *

Repochadiño foi o mausoleo
De Bonaval, amante Rosalía,
Deixaras sí ò morrer menos valía
N-os tesouros que piden deletreo.

Tesouros d'outra clas quer Amodeo
D'eses que fan miragres sen falía
Cad'ano, cada mes e cada día.
E trasforman en santo a un vil judeo.

Se m'apuran, volvemos a Iria-Flavia
Baixo d'a sombra d'a oliveir'amiga
En paz e libertad'e aire sereno,

Que val mil veces aquel aura e savia
Aquel sol, luna, strelas, campa antiga
Ca todo ese aparato, si é veneno.

* Ms. do A. S. de la I.

75

SIN CAPITAL *

Bastan *N'a Catredal* e *San Lourenzo*
Joyas de cristianismo augusto e santo,
P'ra ensalzal-a poetisa tanto, tanto,
Que d'os héroes da pruma dea comenzo.

Sò vend'o que hoje pasa me convenzo
Que anda Juncras 'n-a igrexa; pòn espanto:
¡Nin letras nin virtudes tên encanto
Pr-a pintal-as, d'o pulpito 'n-o lenzo!

Pobre naceche, ilustre Rosalía,
De pouco che valiu virtú e primores
P'r'os fantásticos deuses d'ambos mundos.

'N-o d'a verdá, bo é, s'estreit'a via
P'r-onde van acañadol-os pastores ...
¡Oi, qué d'eles s'afonden 'n-os profundos!

* Ms. do A. S. de la I.

ROMANCEIRO FRANCISCANO GALLEGO *

San Francisco e os pescadores d'a Cruña [1]

I

De Faro 'n-o Burgo lédo
Os pescadores estánhe
De San Francisco d'Asís
Bendecindo a homildade.

Aquel rostro penitente,
Aquel cordón e sayale,
Descalziño coma Cristo
Sobind'o monte Calvare.

Regando vén d'os peíños
C'o sangue que d'eles caie
A vreda que cruza o Tempre,
A gandra que leix'atráse.

¡Meu amante San Francisco,
Terriñas que andado traie
Por vir de Galicia os povos
E gentiñas consolare!

A probeza deviniza
Grorifica a homildade
Santificando a limosna
Soblimando a caridade.

Mais con voz tan prepotente,
Tal dozura e majestade,
Que traspasa o corazonhe
D'o mais duro pedernale.

O Cristo anda 'n-o mundo
En hábito franciscanhe,
Ou serafín predileuto
D'a sua corte celestiale.

* A.S. de la I. 1892. V. variantes no Apéndice 76.
(1) 'A pos de 1212'. N. do A.

Orou 'n-a Virge d'o Tempre,
Basíleca mudejare [2]
En San Jiao, románeca,
En Santiago, outra que tale [3].

As mulleres e filliñas
D'os mariños d'o lugare
C'os cabelos d'ouro e seda
Enjugándoll'os pes vanhe.

N-o so-castro padricou
N-o adro de San Jiaoe [4]
Aquel serafín d'o ceo
Aquela gran santidade.

Brotaron ò seu acento
Todal-as flores d'o vale
Paraíso que se ténde
De Vigovidin a Cambre.

Antes que o sermón se fine
Os mariños son d'el jae.
Amigaran de tal sorte
Que lle propoñen quedare

Co'eles aternamente
E mosteiro lle fundare.
N-a Cruña ha de ser. ¿N-a Cruña?
¡N-a Cruña, señor, seráe!

Nos d'a Cruña tamen somos [5]
E alá vamos, Padre, aláe
A ría está manseniña
D'o cénit o sol se vae.

(2) 'Prosodia gallega que dura inda e que a castillana tomou d'ela polos seus mais antigos romances como aquel que diz: 'Caballero, si a Francia ides/ Por Gaiferos preguntade/ Decidle que la su esposa/ Se le envía a encomendare'. N. do A

(3) 'O mesmo que os adefícios todos da Fortaleza d'os Temprarios n-a sua Encomenda d'o Burgo. A basíleca era de tres naves como inda se ostentaba no siglo XVII. Igreja, pazo, castelo e demais da fortaleza é encomenda d'os Cabaleiros Templarios d'o Burgo.' N. do A.

(4) 'En memoria d'esta vesita consérvase n-o altar d'o Cristo d'esta Igreja, a omage escultórica de San Francisco d'Asís n-o auto d'a *Impresión d'as llagas* no Monte Albernia, aló en Toscana. D'Almeiras ò pé, ou n-a mesma vila d'o Burgo, onde se ven hoje o cemiterio e ruinas; e a igreja inda estaba servendo a mediados d'o presente siglo.' N. do A.

(5) 'Procedían d'a Cruña; n-ela tiñan estabelecementos piadosos e caritativos e posesons e moradas; e a Cruña volvían de orde d'o Rey Alfonso Nono de Lion e de Galicia, comprado por él o Burgo òs Temprarios seus siñores.' N. do A.

A marea cheg'a punto.
¿Vamol-o sitio asignare ...?
¡Mochachos, ò moelle, listo!
¡Os bòtes desamarrae!

Padre Francisco n-os hombros
D'os pescadores irae.
A travesía n'é longa,
Prò non convén retardare:

D'o nòso peixe sabroso
O Padre desfrutaráe.
D'o noso viño d'a terra
Canto quira beberáe,
Anqu'excelente non fore,
A comida ja o faráe.

Os Cabaleiros d'o Tempre
Querían co él quedare,
Ousequialo e regalalo;
Mariños poidéron maise.

San Francisco deu seguro
C'os d'o Tempre hoje alternare
Pra seguir a Compostéla
Santo Apostlo a vesitare.

O Santo baixan en trunfo
Hastra embarcalo n-o mare,
Bendiz'él o Burgo e gentes
Que o veñen acompañare.

D-a ponte os vivas se juntan
C'o soavísemo cantare
D'as calandras, reiseñores
E paxariños d'o are.

N'unha pura melodía
Convertíronse Lianse,
Alfòz e Rutis, Elviña
Oza e Viñas adomaise.

A centos brotan as rosas
De cada herbiña d'o chanhe
Dend'a Barcala a Perillo,
Dend'Almeiras o Juncale.

Data d'este felis día
Clavellina franciscanhe
Pol-as ròchas d'o recinto
Pol-os penedos d'o Orzánhe.

As anduriñas e rulas
Cruzan a ría trunfale,
Os peixes de prata abòrdan
A falúa patriarcale.

Ínzase a proa de pombas
O montar pol-a pasage.
Así foron os mariños
Con vento feliz terrale
Sin deterse a escuadra aquéla
Hastra n-a Cruñ'ancorare.

Tomaron n-a travesía
Un refrixeiro a soláse,
E brindaron cortésmente
Ó seu Santo capitánhe.

Causou él, miña prendiña,
Compreta felicidade
N'os mariños que o contempran
Compracente coma un ángele

Gustando d'a tosca mesa
Cal se fora d'ouro e jaspe.
Gustando aquela comida
Cal d'un augusto manjare.

Gustando aquela bebida
Cal d'o néctar d'as deidades.
O antusiasmo d'os mariños
Enton rayou n-o mais grande:

Est'home, din, ja n'he home
Se non verdadeiro arcángele.
Nin bispos nin arcebispos
Co él poden igalarse.

Así foron os maruxos
Con vento felis, terral,
Sin deterse aquela escuadra
Hastra n-a Cruña ancorar.

O sitio quedou eleuto
D'ela, n-o lado oriental
Cobrindo aceiradas penas
Alí n-a beira d'o mar.

Diga el Patriarca, el diga
¿Cando se comenzará
O mosteiro que pertende
Aquí mismo adificare?

-Logo. Vou a Compostéla
O sepulcro venerare
D'o noso Patron Jacobe,
Mandareivos dend'aláe
Frai Benincás de Tuderto
Qu'en todo vos ha guiare.
-Pois volvámonos ó Burgo
Se quer Su' Paternidade.
-Sí, volvamos que m'espera
O Comendador e os maise
Boos Cabaleiros d'o Tempre
E de tod'a Cristiandade.
Lévan anclas a porfía
Os pescadores galanse:
Ó Burgo aportan gozosos
Con igoal felicidade.
E de noite. Ponte e Burgo
Alumïados estánhe
Con antorchas e fogueiras
Como a noite de San Joanhe.
Castelo e torres d'o Tempre
Luminación orientale
Que reproducen as ondas
D'a ría coma en jamaise.
Os Temprarios o receben
En brazos, e todos vanhe
Dentro de Santa María
C'o Serafín celestiale
Plenos d'amor e de gròria
O *Te Deum* a entonare.
Músicas como as d'o ceo
O salmo acompañaranhe
Instrumentol-os millores
Musicol-os prencipales ...
Tempro feito un'ascoa d'ouro [6]
Cal ningunha catredale,
Ornamentos mais preciosos
Non-os verá a Cristiandade.

(6) 'Igreja de tres grandes naves, ricas, no estilo como todo o demais da fortaleza, torres, pazo e encomenda d'os Cabaleiros Temprarios d'o Burgo. O mismo que o castelo, torres e convento, propiedad d'os Temprarios, cuya Encomienda, fortaleza e morada tiñan aquí no Burgo'. N. do A.

Concrus'o auto piadoso ...
Entrou na mansión reale
Aquel Serafin bendito
Esplendente de bondade

D'os Temprarios cabaleiros
Corresponde o nobre afanhe.
N'o refresco que lle sérven
Franco, suntuoso, leale,

Lavándoll-os pes o mestre
D'o cerco mais prencipale
O mayordomo mayore
De toda gran hermandade.

Prò vòlve c'os seus mariños
Esta noite a descansare.
Dono, dona e os meniños
Non saben o que lle faren...

Levano por fin o leito,
Niño d'a noite nupciale,
Aurora d'esta familia
Do tronco dos mareantes

Nova e custosa xanceira [7]
Que nunca volviu a usarse
Alegra baix'o dosel
D'o ben torneado catre,

Purificada no rio
Embalsamada no are
E nas flores d'o espriegue
E paléstra e os mentrastes,
Pranchada, bordada e fina
Como a roupa dos altares...

Sólo cedéu San Francisco
Vendo òs meniños rogándolle,
¡Meus rulos! co as mans dereitas
Ajoelladiños no chanhe.

Levantóunos e beixounos
E bendiceu òs rapaces.
Tomou a venia òs esposos
Que lle beixaron a manhe.

(7) 'Así chaman a roupa de lenzo e de servicio de personas e camas.' N. do A.

San Francisco bendiceunos,
Retiróuse a descansare
N-o leito prò vestidiño
C'o seu homilde sayale
Arrullado pol-as ondas
Do mar que na casa baten.
Apen'a-y-alba rejurde
Na subsiguiente mañanhe
Partiron en romaría
Tod'a gentiña do mare
C'o patriarca Francisco
Sin ningun quedar atrase.
Todos juntos van con ele
Todos juntos con él vanhe
Como trae o iman aceiros
Como pitiños co'a naie
N'anda [...] nos homes
E no corazón altares
Trespasan montes e ríos
E van dormir a Buscáse.
N'outro día a Compostela
Consiguiron arribar
Abrazan o Santo Apóstlo
No seu sillón imperiale,
Na clave do seu sepulcro
No trono do seu altare.
O Burgo non déron volta
Hastra o Serafin leixare
Hospedado e recollido
Na casa de Cotolaye.
Saluzos d'a despedida
Non son para se contare,
Lágrimas que se verteron
Forman un rio caudale.

II

D'os pescadorel-o campo
Que o Patriarca asignou
Pra morada d'os seus fillos
Vese algus días dempois
Cuberto de materiales
De sólida costrucción.
(Pol-o solar n'houbo paga

Nin feudo por él quedou).
Mestre e pedreiros dispostos,
Carpenteiros e piós
Pra labrar e levantarse
Un convento superior
Que anque trai Frai Benincasa
Unha orde no seu ròl
De que haja de ser modesto
Os pescadores non son
Hòmes de poucos alentos
En verbo de construcziós
E téñeno acreditado
Ja no tempo dos avós
E afetá que este d'a Cruña
Ten que sere d'o millor.
Frai Benincas' ja non pòde
Contr'a sua obstinazón
De cariño a San Francisco
Da piedade hacia el Señor
Os mareantes mais ricos
Acuden c'os seus bolsóns
E uns e outros c'o traballo
Como santa obrigazón
Que n'o Burgo se impuñeron
C'o desinterés mayor
D'as mulleres pescadoras
Así mesmo non marrou
Gran sprito, gran esforzo
Emulando c'os varóns.
Nin d'os fillol o traballo
Pois non digo os mangallós
Per'o mais pequerrechiño
Non quere ser inferior
E o mesmo tempo uns e outros
Coidavan d'a profesión
Aproveitando a costeira
Para o servicio millor
Tanto seu cal d'os veciños
D'a crecente povoazón..
É o padre Benincasa
Omnimodo consultor
Quen traza e derige a obra
N-o estilo que se adoutou;
Prò o que costea e engrandece
É o curtido pescador:

Todo lle parece pouco
Par'a casa del Señor
Encargo de San Francisco
D'amorel-o vivo sol
Encanto de poesía
Vero encanto n'a sua voz.
O alarife o mareante
Emprime genio a cachons
E resulta unha basíleca
Grande, bella, superior.
Logo nos aires se viron
Altares que ademirou
Piares formeiros tan altos
Que d'a Cruña honra son:
Feixes de doce columnas
En concerto asaz moi boo,
Ós frentes catro groriñas
Outro calibre menor,
Destribuidas nos costados
Con arte de perfeución.
De basas elegantismas
E capiteles millors
Sosteñen sin entermedios
Ollivos arcos, aló
Buscando n-a inmensa altura
O vivo devino Autor.
Jogan ornamento grato
Ollivales aristóns
En tod'os compartimentos
D'as bovedas d'o interior
Mais sagro d'o tempro divo
Non menos que o roseton,
Que sobre o arco toural
Se abre adiantando o sol
No ceo da Siria e lugares
Da Terra de Promisión.
As ollivales ventanas
D'o cruceiro e interior
Son amplas e despejadas
Con ornamentos sin do,
Como as arcadas das naves
De distinguido primor.
Pórtico de seis columnas
Sobre gratos escalóns,
Aluminado, ollival,

Con zic-zac pol-o arredor
D'as arquivoltas severas,
En adecuado festón.
E no fronte da fachada
Arriba d'él, outro boo
Rosetón da luz da tarde,
Anjo recollendo os dons
Da madre naturaleza
No seu espirante sol.
Coroan os altos cumes
Da obra do pescador
En moi ben tallada pedra
Os signos d'a Redención
Arquitectura francisca
Pura, exacta, do millor;
Ornamento dentro e fòra
Nos lumiares, tellaròz
Dobre de sencillas ménsulas.
Pomas, diamantes e flors
Tampouco fallan no ornato
Da casa do nòbre don.
No flanco sur do oucidente
Para convocar à oración
Puxo a sua torre en estilo
Do demais da construcción.

Caustra d'arcadal-o mismo
Co a jòya de valor
D'abondante fonte en medio
Regalo da ilusión,
Do sentir e da existencia
D'o monástico varon
Das leales anduriñas
Bello ideal del Señor
Que aman da caustra o silencio
E da fontana o rumor
Para en tales veciñanzas
Consagral-os seus amors.
Os paxariños do ceo
Veñen ó rayar do sol
A cantar nas madrugadas
O *Ave* da sua canzón
Saúdan hòmes e tempo

Tan gran piedá, tanto amor,
Sementando nas molduras
O jazmin de blanca flor.
Os paxariños do ceo
Veñen ó poñer do sol
A cantar no seranciño
A *Salve* da sua canzón
E sementar pracenteiros
Alelí fascinador
Por canto ornato da obra
No exterior relevou.
Brancas coma neve pura
En nubes e batallóns
Véñen saudar apresa
Das apartadas regións,
Aves do mar e se pousan
Nos penedos do arredor
Co' a das Animas de frente
Para devisar mellor
Horas mortas n-élas pasan
En soave contemprazion
Co trunfo santo d'Asís
E a piedá do pescador.
Na igreja puxo el altares
De suma veneración
Alí o Cristo devotismo
Da Misericordia alzou,
O da Santa Vera Cruz
Pra consòlo e salvación
Dos reos que por justizia
Perden a vida y-a honor.
Pra tan terribres desgracias
Situarons'alí a caron
As tristismas sepolturas
Do altar de Noso Señor.
Capitulo, noviciado,
Célas, todo s'agregou.
Refeutorio, enfermaría,
Na comunidade son
Dependencias necesarias,
Todo comprido quedou
Ò cabo de pouco tempo.
Complemento d'o favor
Item mais, horta e cercado,

Pomares en profusión.
De viñedo e d'arrayáns
E hortensias anchos arrós
N'hai que dicir, un encanto ...
En fin que deulle botón
Á òbra dos mareantes
A compreta bendizión [8]
E tanto o Autor dos mundos
[.....]
N'esta empresa de portentos,
Que cando peixe faltou
Fixo-o vir Frai Benincasa
A estas prayas a sua voz [9].
O acampamento francisco
Foi praza de provisión
Nas suas benditas redes
Nunca alimento marrou.
Ós honrados pescadores
Tampouco se ll'aminguou
Nada do seu entusiasmo
Nada do seu grande amor
Tiñan decòte ante sí
Aquela doce visión
De San Francisco no Burgo
Omage do Redentor
"Fogo do divino rayo",
Mar inmenso de valor.

---

(8) 'Destruyeuse e incendiouse (dice Vedia) en 1589 para impedir o acceso d'os ingreses a praza". As tres da tarde do tres d'abril de 1658, sufriu outra ruina con motivo d'a voladura d'o almacen da polvora que estaba no inmediato baluarte de San Carlos. Reparouse d'as ruinas n'un e n'outro lance pero sin atender, ao menos n'o ultimo, a euritmia d'ademirable obra.' N. do A.

(9) '*Escritores franciscanos*, Emilia Pardo Bazán, na sua obra San Francisco de Asis.' N. do A.

Cando terminado estivo
Todo, dirigiulle a voz
Ó padre frai Benincasa
O mayordomo mayor
Decindo: -Esto é feito.
Vede se queredes vòs
Algo mais na igreja santa
No convento algo millor.
Todo está en debida regra
Nesta celestial mansión
Campanas na firme torre
Lámparas no interior
E o vizo d'igreja enteiro
Hastra un órgano tan boo
No alto coro resprandece
Das vidreiras de colors
Omages e ornatos lucen
Ventanas e rosetons ...
Así o Creador d'o mundo
Así o noso Redentor
Cubraos, cruñeses mariños
Co a devina proteuzión.
Antonces se ajuntaron
As mulleres e varons
E cando se fixo a entrega
Foi con esta condición
Todos unanimes, juntos
Prorrumpindo nunha voz:
"¡Vosté mandará nos frades
Pero no convento, nos!" (10)
Proseguiu o mayordomo
Con solemnidad'enton:
¡Frai Benincas' de Tuderzo
A òbra é superior!
¡C'os maravedís e brazos
Moïmento erguemos boo
En honor de noso amigo
O Serafín del Señor!
¡Menos n'era pra tan alto,
Nin para dar, sendo nòs!

(10) 'Nos convites de costume entre os mareantes e os frades, foi hastra os nosos dias recordada e repetida esta imposición dominial.' N. do A.

Do mar en toda cosécha
Aquí virá nòso don
O primeiro a esta casa
A casa do noso amor.
Así pida o Serafin
Pol-a Cruña e todos nòs
O Altismo que a estas prayas
Compasivo nos mandou
Aquel espello do mundo
E segundo Salvador.

Co' esto beixaronll'a man
O hábito e o cordón
Ó padre frai Benincasa
Que lles deu a bendizón;
A Comunidá, asombrada
Que unha 'scena presenzou
De tal piedade e nobreza
Do sencillo pescador.

O siguente dia, grande
Para tod'a Cruña foi
Pr'os Mariñaos, Bergantiños,
Tod'a parte d'a region:
Abreuse o santo convento
Ó culto do Redentor
No promeiro tempro augusto
Que esta vila ademirou.
Tod'o Burgo c'os temprarios
Acudiu a unha función
Que a San Francisco de jubilo
Os empíreos transportou
Pedindo pra os mareantes
D'a Cruña do seu amor,
Na terra, tod'as vertudes
E no ceo a salvación.

Esa petición seráfica
Tan bén despachada foi
Que hastra hoje no hai dudal-o
Non sufriu alterazion [11].

[11] 'Son e foron sempre os mareantes a gente d'o millor e mais honrado que tivo e ten a Cruña.' N. do A.

77

Vos tamen, casa de Oca, *
Nesa Ulla crarecida,
Folgavos ben, casa ilustre,
Dos siñores pola vinda.
E tamen a de Bendaña
E outras algunhas ainda
Que do amor dos seus siñores,
En jamais son esquecidas.
Vay antr'elas Figueiroa,
Gres, e Villa de García,
Priegue, Hombreiro e outras tantas
Dinas do amor de Galicia.
¡Decindo que o gran Cervantes
Príncipe da invención rica
Dos ingenios españoles,
Na sua propia agonía
So' a Lemos invocaba,
So' a Lemos escrebía
Aquelas nobres palabras
D'unha antiga poesía...!
Non so' nas armas, nas letras
E nas altas gerarquías
Dos Consellos e Goberno
Do Estado e da Igreja misma,

* A. S. de la I. V. Apéndice 77.

Resprandecen como soles,
Como soles dan a vida:
Co seu lume e a sua llama
Cencia e Artes resucitan.

Dígano os Argensolas,
Dígano as obras escritas,
Dígano cuadros e statuas
Sólo en Monforte erigidas

Decíalle ¡non inda inerte!
"Puesto ya el pie en el estribo,
Con las ansias de la muerte,
Gran señor, ésta te escribo".

E o Persiles lle adicaba
como adicado lle había
As Comedias e Novelas
E a terceira salida

Do ingenioso Don Quijote,
Fidalgo de tal valía,
Que promeiro que el morrere
Acaba do mundo a vida.

Si eses non son timbres altos

APÉNDICE E SIGLAS

APÉNDICE

1. ROSIÑA. VILLANCICO.

Nesta composición e nas tres seguintes o poeta non ten aínda traballada a súa teoría dos acentos e tenta una solución gráfica para a terceira persoa de *ser* (que a nosa edición non conserva): nos vv. 12, 13, 18 e 27 escríbea con h (=he). No v. 19 a conxunción "e" leva acento circunflexo invertido, segundo o principio exposto na nota de *Cambados. 1836.*

2. AY ESPIÑEYRA.

Nos vv. 1, 14 e 16 do orixinal o verbo ser presenta a mesma solución do nº 1.

4. XOICIO DO ANO DE SADURNO.

O tíduo o completo atópase só no frontispicio. Inspírase toda a composición nos prognósticos populares para o ano novo e nos agoiros do planeta da melancolía. Hai borrador nunha soa páxina e cinco cuartillas en limpo, con acentos, que no primeiro marran. Neste escríbese sempre Saturno e nas últimas *Sadurno.*

Variantes: v. 8 'dos fillos mais amados'; v. 13 '¡Ay Dios mio se non ven'; v. 19 '¡mao remoiño cho barra!'; v. 21 'o tedes', os vv. 25-28 marran no borrador; v. 35 '¡qué dedos ten de gadaños!'; vv. 37-40 entre liñas; vv. 41-44 marran no borrador; v. 45 'xa verés coma no inverno'; v. 47 'papa nos homes a eito'; v. 50-52 'nin abrochos hastr'o Mayo/ nin patacas nin berciñas/ pro ha d'haber'; v. 55 'decote'; v. 62 'fame e pidemias'; v. 66-68 'es'orelludo de es'astro/ ese praneta Sadurno/ ese comechín do diaño'; v. 72 'grande'; vv. 75-76 'na cadea cal o demo/ poder por o moy bellaco'; os vv. 77-80 marran no borrador; v. 83 'lle'; v. 85: estrofa antre liñas; v. 91 'da ley que nos deu a todos'; v. 94 'esto'; v. 96 'millo herbellas'; v. 97 'lan'; v. 98 'ted'; os vv. 101-104 marran no borrador; v. 105-106 'Nos montes pinos a eito/ sementá e erguede valos'; v. 118-119 'na veiga/ non teñás medo ós paxaros'; v. 121 'ganar'; v. 123 'que ll'estorban'; v. 122 'q'el non quere'; v. 125 'carballos'; v. 127 'nos soutiños'; v. 128 'fouciña'; v. 139-140 'nun olmo pretiño ou albo/ a folliña'; v. 148 'foxindo'; v. 143 'no ariño'.

5. CAMBADOS 1836

A data *Madrid 1842* que vai ó final corresponde ó período de estudo de Antón na Corte. Xa daquela andaba a recoller composicións galegas xunto co lugués Manuel Anta, compañeiro da Escola Normal Central (v. carta do 15.III.1856, na RAG, C 98/14). O episodio presenciárao o poeta ós dazaseis anos, nunha viaxe á terra da nai da que hai noticia nos apuntamentos xenealóxicos do irmán Francisco (A. S. de la I.). Consérvase o borrador e mais unha copia en limpo con variantes, maiúscolas ó principio dos versos, acentos e léxico máis enxebre (por ex.: *esqueira* por *escalera*); ó pe da páxina 1 hai a seguinte nota:

(1) 'Advertencia para su buena lectura e inteligencia. Hay en gallego *o* abierta y *o* cerrada, *e* abierta y *e* cerrada. La *o* y *e* abiertas van marcadas con una rayita de izquierda a derecha. Es tan esencial conocer esto, cuanto que de ello pende, ya que no del contexto, el distinguir una parte de la oracion de otra, como por ejemplo: ó (abierta) es preposición y *o* (cerrada) es artículo. Sirve tambien para distinguir el significado de dos palabras que constan de unas mismas letras y cuya diferencia existe solo en que una de las enunciadas vocales sea cerrada o abierta, por ejemplo: sól (con ó abierta), significa la suela y sol (con o cerrada), el sol que nos alumbra; êrgue es la tercera persona de singular del presente de indicativo de ese verbo, y `érgue, primera del mismo número en el imperativo. La vocal que lleve esta nota `´quiere decir que es abierta y acentuada: e significando verbo lleva esta señal -e, por diferenciarle de cuando espresa conjunción.

La palabra que finaliza en vocal o vocales siguiéndole otra palabra que comience también con vocal se omite regularmente la de aquella señalándose su puesto tan solo con una coma en el aire, ejemplo: *en q'o mar, sol q'abrasa;* también se suprime la consonante con que termina una palabra cuando la que le sigue comienza con la misma, vg. *da'suas.* Y nótese que en gallego es frecuentísimo el uso de la sinalefa por lo cual y el poder hacer uso de la diéresis cuando se quiera, es tan asequible este lenguaje para los versos sin que por eso pierdan la fluidez que en ellos se necesita.

No existe en gallego esa pronunciación gutural de la *j*; o hay que pronunciarla como en francés o se sirven de la *x* los escritores. Nosotros por buenas razones preferiremos la *j* a la que es preciso dar en la lectura el valor que tiene en la lengua francesa como queda dicho. *Carraje* se lee aproximadamente *carrachse* pero con tal prontitud que *chs* suene como una sola consonante.

Si dicen *Santiajo* etc los menos instruidos de alguna que otra población de Galicia, no se llame a esto cosa de la lengua sino de un abuso, del prurito de imitar a los castellanos; pero semejante abuso no debe darnos la ley, así como no la da el que en alguna parte de Castilla y en Madrid mismo, diga el vulgo *trempano* por *temprano*, *ojecto* por *objeto*, *miu V.*, por *mire V.*, ni que se mude la *l* en *r* y la *r* en *t* y la *ll* en *y*, etc, etc. En los escritos burlescos se echa mano de estas faltas viniendo al caso'.

Variantes:

v. 2 'Mañan quente mañan crara'; v. 4 'de tantas ansias'; v. 5 'E os montes é as veigas'; v. 10 'andias'; v. 12 'Dend'o can hastr'a cabaza'; v. 28 'A redor, que sempre daba'; v. 33 'andias'; v. 38 'fésta'; v. 40 'q'outros'; v. 49 'mañan'; v. 61 'véu'; v. 64 'Metell'o bó de Parada'; v. 68 'Andres'; v. 74 'andias'; v. 82 'no medio'; v. 94 'No démo da foliada'; v. 96 'recio e fórte'; v. 98 'ja iban'; v. 99 'con eso, é sin eso'; v 101 'agarraron'; v. 105 'levaron'; v. 115 'Logo San Roque dou vólta'; v. 122 'vense pol as escaléyras'; v. 126/29 'coloradas anque vellas/ tapan as paredes dende/ as cornijas hastr'a térra'; v. 129 'Está che' á igresia toda'; v. 131 'Pastranos e siñoritos'; v. 141 'non custara tanto'; v. 143 'Museca d'aló de Caldas'; v. 146 'Tóuvo que pagal a breba'; v. 174 'Cal se for'unha comedia'; v. 187 'que ja é tarde'; v. 188 'E vaiseme'; v. 189 'q'as veliñas'; v. 190 'Puñan fog'as escaleiras'; v. 204 'po'lucila festa'; v. 205 'lucimenta'; v. 209 'Porq'a jente non t'entenda'; v. 212/213 'E quedech'a lingua seca/ Com'o pergamino vello/Que se mete na fogueira!'; v. 216 'dou'; v. 220 'Much'e qrebado das pernas'; v. 224 [entre liñas:] 'senon guíndeo pola esqueira'; v. 226/8: 'ou boteo pola esqueira/q'outra cousa non merece/semellante panadeira'; v. 236 'Predica, pillo, predica'; v. 244 '¿Así que baij'a escaleira ...?/Compadre acolá os tendes/¿Védelos naquela mesa?/Pois facédem'o favor/De gardalos na lacena/E se quer biscoitos el/'; v. 254 'porco'; v. 259 'berrar'; v. 270 'muiñeira'; v. 271 'q'aquello'; v. 272 'fuliada é'; [ó marxe:] 'Berrab'o probe do crego/chamandoll'a todos bestas/mais por bén que pateaba/padricaball'as silvéiras'; v. 273 'Seguía berrando ben/máis pedricaba as silveiras'; v. 284 'deu un aí'; v. 293 'no corruncho'; v. 295 'siñor'; v. 298 'Os trinta rayás quería'; v. 300 'injusticia'; v. 312 'Quedou color da chazina'; v. 314 'Catrocentas perrarias'; v. 316 'O probe'; v. 323 'borracho'; v. 324 'maten'; v. 325 'queimaran'; v. 337: 'Pro ... *¿dónde tienes la usura?*/esta ch [entre liñas] en la igresia metida'; v. 354 'pra contos nin pra festiñas'; v. 362 'cartos'; v. 367 'estoupar' [entre liñas:] 'tripal'; v. 369 'mañan'; v. 373 'Non quero ser burrican'; v. 376 'E voum'a miña dorniña', riscado 'barquiña'.

10. A LA MILICIA NACIONAL DE LA CORUÑA (1855).

Variantes: v. 18 sigs.: 'Si tiranos revuelven, y traidores/ Otra vez en inmundo calabozo/ Sepultaren tus mágicos fulgores/ Consiente tu primero tu destrozo./ Que libres que a tu sombra pelearen/ Tendidos quedarán en la llanura/ Primero que en cadalsos aguardaren/ El premio destinado a su bravura./ Mas no ha de ser, que Dios es justo y santo/ Si el Pueblo tiene fe pura y ardiente,/ Cobija el alto cielo con su manto/ El Sol de Libertad resplandeciente.'

Convén poñe-lo tema en relación co seguinte borrador, letra de A. de la I. (C 153/10), que parece nota para un xornal e leva algunha riscadura:

'Sábado 19 de Julio de 1856. Cor[a]

A las 4 y media de la tarde rompio el fuego entre la Milicia Nacional y fuerzas de Artillería y de Saboya que venían a apoderarse de las Autoridades prov.les pero no lo pudo lograr aunque ya [riscado] había sorprendido el edificio y ya se había internado en él. Resultaron [riscado: Algunos heridos y hay] algun muerto y heridos tanto de una parte como de otra. Se están levantando barricadas en las calles principales. En la ciudad vieja está posicionada la tropa por todo el frente que mira a la Pescadería. Al General lo tienen como arrestado en su palacio. El que está al frente de las tropas es el 2º Cabo. Las puertas aun están por la Artilleria [riscado: y una de ellas inexpugnable]. Son las 8 y se ha pasado [riscado: contra lo que se esperaba] por el general 2º Cabo un parlamento diciendo que si dentro de dos horas no entegan sus armas los nacionales que vendrá a buscarlas a domicilio. Me parece que esto huele algo a baladronada. Sin embargo ello dirá'.

13. LA PLAZUELA DE MARIÑAS.

Variantes (fragmento numerado 2): 'Tienen ahora el compás/ La regla, el nivel, el plomo/ Y aquel gusto colosal/ Que al inglés morrocotudo/ Como hay Dios asombrará./ Por ventanas y balcones/ Si de un centro mercantil/ Fuese el dueño, en especial,/ Cuanto pëor y estrambótico,/ Mejor, por la variedad./ Los ediles del Cantón/ Los del Canton celestial/ En el parque de Mariñas/ Giran ahora el compás/ La regla el nivel y el plomo/ Y aquel gusto colosal/ Que al ingles morrocotudo/ Pudo vencer y asombrar./ Cuando tal engendro vea/ ¡Pasmo de pasmos! dirá;/ Proclamando por la tierra/ Desde Noya al Indostán:/ ¡Para parques la Coruña!/ Parquistas, Vidal y Pan!/ *Albardán.*'

(fragmento numerado 3): 'El confortable ahora/ Y santo chan!/ Para quien lo precise/ Poder sentar/ El sacro y posaderas/ A lo Adan./ Venid acá, inglis-manglis,/ No tardeis más,/ Venid acá, parquistas/ Del Anglicán/ Atracáos de ciencia/ Para imitar/ Lo que hay en la Coruña/ De novedad:/ ¡Descubrimiento último!.../ ¡Piramidal!!!/ Al Museo de Londres/ Llevad, llevad/ Una copia y modelos/ De cosa tal./ Autores, los Ediles/ Vidal y Pan./ El Jurado confirma:/ Son los demás./ Gustoso a todos premia/ *El Albardán*'.

15. ALBORADA DE SAN JOAN.

A primeira versión leva a seguinte nota: "La letra que lleve acento grave o circunflejo se pronunciará abierta".

19. MUIÑEIRA DA DESPEDIDA.

O exemplar de GRUR que foi propiedade do poeta (A. S. de la I.), corrixe a pluma 'deissare' no verso 24 e engade esta nota ms.:

'La grafía con ss del sonido gallego de j francesa acusa un estado inseguro de la ortografía gallega, pues en el numº siguiente (pag. 278) ya se escribe el mismo verbo *deixar* con *x*, lo mismo que *roxo*.- Tal vez pudiera ser la grafía *ss* indicadora de la mayor suavidad en la pronunciación de la x en toda la provincia de Pontevedra, como lo acusan las palabras lonsse, fussir y otras. El autor, partidario de la ortografía etimológica que más tarde defendió, sabía sobrado latín para conocer las etimologías *longe* y *fugere*. No andaba entonces más segura la ortografía castellana, puesto que escritores como D. Manuel M. Murguía repetían muger, esplicar y otras análogas.'

Os vv. 44 e 46 van corrixidos a pluma: 'tie', 'asíe'; v. 68: 'adourada'.

25. RIBEIRANA. A DOUS MÚSICOS NA SUA LINDÍSIMA ALBORADA.

En C 105/16 hai un ms. con moitas riscaduras e dúbidas, nun sobre datado 21.XI.1858. O máis notábel é unha estrofa incompleta non recollida na versión imprentada, evocadora do máxico poder dun cego que coa súa música crea marabillosas ilusións visuais: "Ti non ves meu Pepiño, pro ábresnos/ Unha gloria ant'os ollos se ques. /Con ser cego, Pepiño, cegáchenos ...".

Variantes: o estribillo repítese entre cada estrofa; v. 1: 'A veiriña do mar, a veiriña do mar'; v. 4: 'que d'un anxo alborada, d'un anxo aquí ven'; v. 13: 'as rodas'; v. 14: 'd'as auguiñas'; v. 20: 's'erguen'; v. 29: 'q'as froles'; v. 32: 'n'a cortiña d'o limpo Riazor'; dende aquí engádense as seguintes estrofas: 'Ven caó zanfoniña e regálame/ d'esa tenra alborada co son/ do montiño armonía ti fálame/ zanfoniña do meu corazon. /A zanfona acompañe a frautiña/ que nas ruas se oíu de Baltar/ soidos doces traguede á Marina/ antr'as nenas d'a veira do mar./ A luciña d'aurora que espléndeda/ benca e pura do Mayo galan/ tende o ceu e a terra en sua ofrendeda [sic]/ de craveles a branca saban. / A luciña do carro que .../ As rodiñas do carro antre múseca... / O carriño da yalba entre múseca .../ as luciñas da alba cal guípanse/ e as rodiñas do carro que tran/ a yalbiá antre múseca aguípanse/ D'alba pura as lumiás cal guípanse/ D'alba pura as lumiñas guipándose/ anxeliños antr'elas estan'.

Dúas follas soltas na mesma C 105/16 engaden outras variantes antes de '¡Qué soídos brandiños esténdense': 'Ven acó polo mar ven acó polo mar/ ti Pepiño, Pepiño ven, ven/ deixa un pouco Baltar deixa un pouco Baltar/ que esas nenas descansen tamen/ Dormir deixa esas nenas tamen/ ... son de Dios estas nenas tamen/ son de Dios as Mariñas tamen'./ ¡Ay n'había paxaros nin cántigas/ nin folliñas nin alba nin frol/ q'é xaneiro co sopro xiándonos/ que é de noite e xaneiro xiándonos'; v. 44, 'Zaramelo e que loita coa sól', 'Zaramelo que roxe na sól': a derradeira ten máis sentido.

26. O VELLO DO PICO SAGRO.

O ms. C 97/41 presenta as seguintes variantes, que atinguen só á primeira páxina imprentada:

E non quedou d'este Reino
serra, val nin figrexía
que algun borne non botase
n'esta chea romaría.

Eu non sei se polo santo
acó veu toda a familia
ou por Bastian o sabio
q'estaba tamen de días

Este sabio Bastian
entende d'estreloguía
é mago, xa vellouqueiro
e n'hay cencia q'el non diga.

Sabe cant'hoube no mundo
Sabe o que pasa no día
Sabe o que por vir s'iñora
Sabe todo, todo esprica.

Polo vello Bastian
penso que moitos virían
que fartas cousas na 'Spaña
empachan a fantesia.

E tamen ten cada un
que rañar nas suas costiñas
e consello de quen saiba
tomar q'é bo nésta vida.

Non vos podo contar eu
cantos e cantas axiña
foron ver a Bastian
dende que ouviron a misa

¡Cantos nin unha muiñeira
botaron na romaría
nin comeron tan siquera
un anaco de tortilla!

¡Alí arredor d'o meu amo
antr'as penedas d'a cima
do Pico Sagro scoitando
d'o mundo a sabidoría!

-Siñor, moitos preguntano
que era o que lle parecia
d'a guerra contra a mourancia
que Spaña agora traguía.

Poucas veces vin o vello
enfadado na sua vida
pro esta vez por nada morro
o velo aceso co a tirria ...

Tod'as venas se lle inchano
o sangue por el sobía
os ollos guindaban fogo
e a pel desengurripa.

Botou os anos a un lado;
un rapaz d'aldea miña
o millor e mais valente
para él nada valía.

Tirou no chan a monteira
e iso que era a mais rica
de terciopelo bordado
cos seus madroños e cintas.

As mangas do longo sayo
Arremangou para riba
e temblábanlle as canelas
nas polainas escondidas.

Sereous'ó fin un pouco
repremindo a sua vinga
que segun tén dito os sabios
no' stan ben estremonías.

Mais non deixou de falar
o concurso que o ouvía
n'estes términos ou n'outros
q'igual conto a decir viñan.

Na C 102/50, letra de F. de la I., hai un vocabulario do *Vello do Pico Sagro* que aclara os termos *boligar, esbarafundar, eslaquizar, eslaquizado, estrosa, grallear, pexin, resalgario, xeira.*

28. MUIÑEIRA DO FERROCARRIL.

Na C 97/33 hai un fragmento sin título con poucas variantes ortográficas: v. 46: 'nanay'; v. 49: 'que odientos'; v. 51: 'xeito', axiña'; v. 54: 'xa'. Outro fragmento na C 153/21. v.133 e seg.

30. A LINGUA GALLEGA.

No ms. da C/33 non aparece o subtíduo *Un ausente* da versión imprentada. Vai sinado 'A. da Igrexa'. Variantes: v. 1: 'sempr'así'; v. 4: 'nesta terra tan lonxe q'atafega'; v. 6.: 'nay'; v. 9: 'latiña'; v 9: 'q'ela ... xente'; v 10: 'abós ... pay'; v. 11: 'anq'el non vos mantera máis que a millo'; v. 13: 'linguaxe ... nay'; v. 14: 'sempr'é'.

36. A LA RENDICIÓN DE TETUAN.

O ms. C 103/2 non leva tíduo. Variantes: v. 6: 'caro'; no v. 11 introdúcense moitos cambios: 'Fue una muger, la bella,/ Del cetro universal digna su mano,/ Cual la polar estrella/ del cielo soberano/ La Segunda Isabel del Reino hispano./ Sus firmes batallones/ De un indomable acero voluntades/ Cual rocas de Bullones/ De horribles tempestades/ Vencieron a las negras Potestades./ Y vomitó el abismo/ De la peste la hidra amarillenta/ Y el hispano heroísmo/ Su valor acrecienta/ Y los campos moriscos ensangrienta./ Y nuestro león triunfante/ Se alzó sobre las cumbres escarpadas/ De los hombros de Atlante/ Y del mundo esas gradas/ Dueñas son nuestras ínclitas espadas./ Inútil, Agareno/ Es el fuerte valor de vuestro bando/ En su cristiano seno/ El español llevando/ La enseña de Ramiro y San Fernando./ Con respeto profundo/ A su influjo postráronse ante España/ El Viejo y Nuevo Mundo/ Y el Moro a la montaña/ De Fez vino a esconderse de su saña./ Y allí le conviniera/ Al tigre no salir del antro obscuro/ Y jamás la bandera/ De aquel sagrado muro/ De Zeuta no manchar su hálito impuro./ Para ella humo vano ...'; v. (hoja 3) 'Ya Tetuan su adarbe, ... Y en la bóveda alarbe/ Del muslímico cielo/ Encubre negra luna negro velo'

40. LA ROSA DEL ALBA.

Por parecer máis completa reprodúcese a última das catro versións da C 102/47, ms. nun sobre con mataselos postal 2.V.1862. Ademais do tíduo *La flor temprana* nótanse as seguintes diferenzas: v. 7: 'Ay el céfiro galano/ Ay traidor voló de aquí/ A la aurora muy temprano/ Y se olvida flor de ti'; v. 21: 'suave'; v. 23: 'Por quien tímida del broche'; v. 35: 'Aun no vino mi ventura'; v. 36: 'ahora'.

43. LA DESPEDIDA DEL LÉREZ.

Variantes: v. 47: 'El ritmo de los Poetas'; entre os vv. 112-113 intercálase o que segue, riscado, que adianta a conclusión: 'Es noche. En tu guarda veo/ De Montenegro, Malvar,/ Acuña, manes augustos:/ Tu esplendor te volverán./ Me arrastra el destino fiero/ A los antros de la mar. Dios lo ordena. Al mar. Silencio./ Hasta la Eternidad,/ Concédame el cielo un día/ Que mezclado con la mar/ Sórbame el iris o tromba/ Y vuelva en lluvias acá/ Y por este cauce ameno/ Vuelva tu rostro a besar/ Jardín perenne de flores/ Paraíso terrenal'.

49. VILIÑA DA GRAÑA.

Variantes: v. 2: 'de xunto a Ferrol'; 'de cabo a Ferrol'; v. 7: 'prendiña', 'a prenda dourada'; v. 9: ' A Dios cabaniña/ a Dios S. Anton/ soutiño sombroso/ regalo d'amor./ Loureiros mirtiños/ pinales á Dios/. Casiña d'Ilena/ valada de frol/ o pé do regueiro/ que cai de Brion./...¿Cand'has de escoitar/ amante unha voz/ cantando, do peito/ ardente pasión?/ Oír, oïrala/ de bon cantador/ pro o que d'amante/ ningunha millor'.

Noutro borrador: 'sombrizos castaños/ e verdes leirons' ...'Sexa eu andoriña/ que larga d'acó/ pra vir facer niño/ no tempo millor./ Pro consoladiña/ vay ela d'aló/ que leva o seu lado/ prendiña d'amor./ Adios Ileniña/ horfiño eu so/ sin dorna nin redes/ me deu vida Dios./ Por eso eses mares/ sucando oje vou/ sin ti o meu lado/ vidiña meu sol./ Adios linda reina/ da Graña e Brion/ jura que non d'outro/serás, meu amor'.

51. HIMNO A MARÍA PITA

Segundo o "Diario de Santiago" (17.VII.1876) cantárase o *Himno* na igrexa coruñesa de San Xurxo, estando exposto o Santísimo Sacramento. Inzaba a polémica, froito das liortas entre colegas, un colaborador do mesmo "Diario", *El Tío Jarina*, dicindo "que se cantó en los Juegos florales". Desfai o equívoco "El Anunciador" do 20.VII.1876 afirmando que fora no "coliseo de San Jorge, con motivo del certamen musical que celebró el Círculo de gimnasia y esgrima". Este mesmo xornal publicou a resposta en verso e nunha especie de jalroado andalús de *El Tío Atiza*, pseudónimo de F. Mª de la I.: cfr. a escolma de versos de F. de la I., hoxe conservada no Mosteiro de Poio baixo o título *Interesantes manuscritos y folletos gallegos*, Sig. 91/3/8, que leva as seguintes notas ms.: "Fiestas de María Pita de 1876", e, referido a *El Tío Jarina*: "Corresponsal del Diario de Santiago".

52. APOTEOSIS DE CALDERÓN.

Variantes: o v. 3 da versión imprentada no *Idioma Gallego* ten a seguinte errata corrixida polo A.: 'Agarda de Don Pedro Calderón a yalma'. O fragmento da tiriña ms. na C 102/34 engade algunhas transformacións: v. 26: 'Pr'o un anjo de bondade'; v. 47: 'No ceo vivo sol e resplandores'. No reverso da mesma tira:

O Santo Spiritu sabio e providente
Que os homes e naciós vívido inflama
Envolvend'os gobernos mais contrarios/ Atraguendo os gobernos mais contrarios
A veces n'unha idea co'a sua llama/ A veces d'unha idea a idea misma
Cand'o noso tristísimo comenzo
Menos pode agardar ese portento;
Queira, piadoso agora
Valerse da sorrisa d'esa aurora
No pedestal de Calderón erguendo
Entre os seus mais locidos arreboles
Inmortal aquel sol que n'algún día
En jamais se poñía
Nos extensos dominios españoles
E n'ela os esmiola en viva llama
Refundendose os povos nesa llama
Cand'o noso tristísimo lamento
Agardar menos cabe ese portento ...

58. EN EL CENTENARIO DE LA SOCIEDAD ECONÓMICA DE SANTIAGO.

Variantes do borrador existente no A. S. de la I.: v. 5: 'Una joya'; v. 6: 'majestuosa'; vv. 13-15 riscados: '¡Salve, oh Galicia, salve Compostela/ Y esa gran Sociedad, tu tierna amiga/ Y en el segundo siglo de existencia'.

59. UNHA TESTA CONVERSIÓN.

Escrito nas faixas do xornal madrileño "La Ley". Leva o título riscado *Unha conversión cal moitas*; v. 4: 'que tanto dae'; v. 5-6: 'había un mayorasguete/ ben repreto de caudale. Obrigaciós el non tiña'; v. 10-12: 'Estaba d'ela a fartura/ Moi reñida, Dios m'ampare'v. 28: 'alí mataban a fame'; v. 29-30: 'porq'había uns cans alí/ eran feras meu compadre'; v. 34: 'Antes inda de ladrare/ E avanzaban hastr'a vreda'; v. 39: 'Limosna de Don Simon/ Non ll'a poido sacar nadie'; v. 44: 'Somellaban a sua naye'; v. 48-50: 'Don Simon que sempre diante/ D'as fillas estaba alerta/ Con cen ollos vixiante'; v. 71: 'N'o campo toda l as tardes'; v.80-81: 'Don Simon iba c'as fillas/ Oir as santas verdades'; v. 85: 'De pecados e maldades'./ As fillas de Don Simon/ Viron a minsión pasarse', v. 90: 'consultaron'; v. 94: 'e rogáronlle'; v. 101: 'Non quedou por chorar naide'; v. 103-104: 'esbagullouse o pai/ D'estas nenas celestiales'; v. 130: 'Cando sentáronse a mesa'; v. 165: 'Contaba dimpois o lance'; v. 166: 'Coa gracia'; v. 169: 'Fixen eu n'aquela tarde'. Hai outra versión nunha soa tira moi corrixida na C 102/34.

60. ORTOGRAFÍA GALLEGA.

A versión da C 102/7, con tiriñas numeradas III, IV, V, VI, sen dúbida rexeitada ó pasar ó prelo, leva o tíduo 'A meu amigo estimado/ Señor Don Manuel Martís' e empeza así: 'Meu amigo Don Manolo,/ Lése Judas se non pensa/ Medo porme co' a ameaza/ D'os que pasan de corenta./ Eu para decirll'a verdá/ Nunca lle tiven aquéla/ E con eso basta e sobra/ Para seguir 'na contenda./ Vosté bote pol o rio/ Ou vaya co' a maréa ...'

Hai estoutro fragmento na C 102/9, numerado 4 :

... Ignorancia que se tolle
Con estudios e cachaza
Botando a larchanería
De sí novecentas brazas.
E conta que hastr'o gran Pintos
Lumeira d'Helenes crara
N'é autor da ortografía
D'a nosa mimosa fala
O que lle dixen repito:
É o genio trunfador
Prencipalmente d'Italia
Pintos foi o que deu metedo
O que discurrindo estaba
Pra nunha *Carta de Christus*
Barrer d'os ollos tearañas
Se vosté tivera algunha
De seguro que ll'a saca
Deixándoll'a vista ceiba
Sin a máis pequena mancha
Se lle parecere ainda
Moito tráfego o estudiala
Busque un diccionario boo
E consulteo; non fai falla
(Se non para outros estudios)
Ningunha máis artimaña.
-¡De Pintos non lle sabía
Tan siquera unha palabra!...
-Así pasa en moitas glorias
Da nosa Galicia ingrata
Tampouco ll'é coñecido
De moitos q'hoje disbarran
E tal vez si o coñeceran
[rillado] de vergonza calaran.
- Aporveitarei, Siñor,
A lición e moitas gracias!
- Vaya bendito de Dios
E dispoña d'esta casa

... Non egoísta interés
Qu'ese [rillado] erío en usala
Sin departir con ninguén
Sobre tan ilustre causa!
E quedaría por *boo*
Antr'os libres d'ignorancia,
Mentr'os que d'ela [...]
Por *incultos* se quedaban!
- Coñezo tod'a razón
Que lle sobra. Non me faga
Caso ningún d'o que dixen
E vamos ver a substancia
O que eu quero de vostede
Que regras fixas e craras
Me dea d'a ortografía
Gallega, que non se acha
Prauticamente en escritos
D'esta melosiña fala
Con Saco Arce no'están
Q'é scritor de manga ancha
Do vulgo so puxo a orde
E non ll'arrendo a ganancia
Esa n'é cencia nin nada ...

... Cimentos en abundancia
Ten para salir d'o empeño
Con solo n'unha semana
Botarll'os ollos encima
A Pintos na sua Carta
De Christus, gaita gallega
Que por outro nome chaman.
Alí verá o fundamento
Da escritura ben fadada
Que tantas tantas vexigas
Por eses mundos levanta
Nos que non queren salir
Das tenebras da ignorancia ...

Interviñeron na polémica V. LAMAS CARVAJAL, *Pensamientos de un maestro de escuela gallego*, en "Galicia Humorística", I, nº 1, pp. 8-9; y M. MARTÍNEZ GONZÁLEZ, *La Ortografía gallega del Sr. D. Antonio María de la Iglesia*, id., nº 2, 30.VII.1888, pp. 41-43.

61. ¡VICTORIA!

O ms. leva o subtíduo riscado 'd'o cinco de Nadal en Barcelona'. Refírese ó triunfo do *Eco* no certame internacional de Barcelona de 1888 no que o coro coruñés gañou o primeiro premio: cfr. A. REY MAJADO, *El primer orfeón coruñés (1878-1882)*, Ayuntamiento de La Coruña, 2000, p. 201.

64. DEUS FRATRESQUE GALLAICAE.

Tiduo, forma poética e contido teñen estreita relación cos outros catro sonetos publicados xuntos un ano máis tarde (nº 69 desta edición). No intre o poeta debeu de madura-lo tema da protesta política e do rexeito ó caciquismo pero con mellor técnica expresiva.

70. PROFECÍA DO EUME.

No A. S. de la I. hai a seguinte versión, seguramente anterior á publicada na "Revista Gallega", que baixo o título "Pontesdeume" recollía a parte central do poema. Variantes dende o v. 45:

Pontesdeume, vila clara,
¿Qué foi d'a tua grandeza?
Con teu pazo, tuas torres
Castelo, muros e almeas?

Cabaleiros d'o Breamo
En ristre lanza e ballesta,
¡Poder! O que abarca a vista:
Terra, mar e mar e terra.

Os d'o Tempre, cobizosos,
Os d'Andrade, de pelea,
Gañan-o *Ave María*,
Agora d'a sua enseña.

San Miguel drento d'a vila
San Miguel n-o alto d'a serra
Ambos a dous capitans
D'a boa gente de guerra.

¿Onde vai esa gentiña?
¿Aquel bater d'a moneda,
Pontes d'Oso e Javalin,
Espitás e fortalezas?

¿Aqueles mosteiros santos
Adotados con largueza,
Tantas capelas insignes
Tanta parroquial igreja?

Decío vos, Montefaro,
Ferrol, Villalba, e no' esqueza
San Francisco de Betanzos
¡Honor d'a terra gallega!

¿E a Virge d'as Virtudes?
¿A de Chanteir'onde queda?
¡San Agostiño d'a vila
Derrubado ja por terra!

¡Non por deble, nin a Ponte
De seis arcos e cincoenta.
N'o medio espital e praza
Mirador e mais igreja!

¿Qué me decís de Santiago
Tutelar d'a vila ésta
Onde jaz o vencedore
De Seminara e Caserta?

Inda loce o seu escudo
Con dazaoito bandeiras
Collidas o inimigo,
D'Italia en famosas guerras.

¡Ouh señorío d'Andrade
Canta memoria nos deixas!
Cal a tua monarquía
Ja n'as conta a nosa era.

N'a tua corte brilaban
Astros de luz verdadeira
Mancebos e Nogueridos
Rajois de memoria eterna.

Ruizes e Maldonados
Vascos d'a Ponte ... e de letras,

E de tod'os mais resumen
Alonsos Pita da Veiga.

Todo isto finou ja,
A menos vai esta puebla...
¡Non será mentr'haja unión
Qu'é gadaña d'a lazeira!

Fogiron, sí, bens e males
D'a preciosa Idade Media
E está dando as boqueadas
A nosa Idade Moderna.

¡Vayan con Dios! Veña logo
A d'a Industria, a d'as Empresas,
A Nova Idade que vai
Mellorar todal-as vellas.

A grand'unión de Galicia
Traguerá por consecoencia
Ensanchar desde Centroña
Esta vila pracenteira.

Con suas flores e froitiñas
Regaladas e perfeutas.
¡Sólo lles gana en primores
A formosura d'as nenas!

E botando par d'o río
Por tod'o vale tendéndoa,
Fará prazas, novas rúas,
Parques, fontes e lamedas.

Sumptuosas casas de quinta
E frábicas a mancheas
Para todal'as industrias
Crobirán estas ladeiras.

(Os metales hai d'abondo
De mecánicos hai plétora
¡Poi-lo fundo! ¡que lle pidan
Liños, algodón e seda).

E tanto será e tanto
O que a viliña s'extenda
Que hastra o castelo d'Andrade
Quizaves non se deteña.

Nova Idade, vid'agiña
Pontesdeume vos espera
O poder d'o Galician
Entra no mundo co'ela.

Antonio da Igreja González
A Coruña Julio 1891.

71. NO PAZO DE MIRAFLORES.

Ms. nunha faixa do xornal "La Ley" de Madrid. O borrador da carta escrita no reverso leva a data 15.VI.1882.

Variantes: v. 3: 'A miña ilusión poidera'; v. 32: 'selozar'.

72. NA MIÑA VIDA TAL VIN.

Parece comentario ó enterro de Federico Tapia tal como o refire F. IGLESIAS DE LIS, *Reseña de los acontecimientos que a consecuencia de la peregrinación a Pastoriza y entierro de Don Federico Tapia y Segade tuvieron lugar en la Coruña desde Agosto hasta Diciembre de 1891*, Imp. de La Marina, Coruña, 1891.

73. Á INSIGNE POETISA GALLEGA ROSALÍA CASTRO [DE MURGUÍA: RISCADO]. 'N-O 26 DE MAYO DE 1891.

As variantes do ms. comezan xa co títduo. E seguen nos vv. 2-3: 'N-ese teu singular trasladamento/ P'ró encumad'ollival, sagro convento'; v. 9: 'a negra historia'; v. 12-13: '¡Corazón, buscas ti ruta d'a groria!/ Non che ha faltar o meu 'n-a soedade'.

76. ROMANCEIRO FRANCISCANO GALLEGO.

Ms. en varias tiriñas non sempre numeradas. Na primeira está encolado o seguinte borrador de carta:

'Sr. D. Gonzalo Braña, Director de "El Anunciador"/ Mi estimado y antiguo amigo: tengo el gusto de remitir a V. adjunto ese trabajo sobre una página histórica tradicional de nuestra patria, por si tiene a bien darlo a luz en su ilustrado periódico. Si V. lo aceptare, enviaré el II nº a V. con su terminación, y tras él algunos trabajos para estimular a las obras de nuestra Colegiata: todo si le conviniere a V. o al periódico, sino no; quedando spre. De V. y felicitándolo por el nuevo progreso de su diario que desearé sea, como debe ser, nuncio de toda ventura y prosperidad para el mº. /Mis atenciones a su Señora y familia y V. disponga de su antº amº Q. B. S. M. / La Corª 16 Mzo. 1892/ P/d. Si se publica, supº a V. me reserve 3 ejemplares más del nº en que salga. Suyo'

Variantes en tiriñas sen numerar:

v. 2 'están'; v. 4 'homildad'; v. 6 'sayal'; v. 8 'Calvás'; v. 10 'cai'; v. 11 'que cinde'; v. 12 'A ponte'; v. 14 'Tarreo qu'andado trai'; v. 37 'O sol no cenit está'; v. 37 sigs. 'Non sei canto padricou/ Aquela gran santidá/ Antes que fine o sermón; v. 46 'son honor'; v. 48 'En concerto superior'; vv. 53 sigs. 'Nos tamén somos d'a Cruña/ ¡Ea! Vamos para alá'; v. 61 'Que San Francisco nos hombros'; v. 64 'Pro o tempo conven ganar'; v. 65 'Do noso peixe e sardiña; vv. 68 sigs. 'Canto quera beberá/ Anque non for'excelente/ A comida ja o fará.'; v. 74 'Os pescos poideron mais'; v. 76 'Con eles ha vir cenar'; v. 78 sgs.'O Apostolo a visitar'/ En trunfo baixan o santo/ Hastra embarcalo no mar/ Bendiz o Burgo e a todos/ Que o veñen acompañar'; v. 101 sigs. 'Os peixes de prata brincan/ Na dorna patrïarcal'; v. 131 'Hastra na Cruña parar'; v. 137 '-Diga o Patriarca, el diga'; v. 139 'que queredes'; v. 145 sigs. 'Benincasa de Tuderzo/ Qu'en todo vos guiará/ -Pero volvamos o Burgo'; v. 155 sigs. 'Os pescadores galáns/ O Burgo chegan gozosos/ Con igual felicidá'; v. 159 sigs. 'Aluminados están/ Os templarios o receben'; v. 169 'C'o serafín San Francisco/ O Tedeum entonar.'; v. 162 sigs. 'Castelo e igreja d'o Tempre/ Luminaria oriental/ Que se retrata nas augas'/ D'a ría como en jamais.'/ v. 173 'O salmo acompañarán'/ v. 181 'mansión reale'/ Aquel Sarafin bendito/ Esplendente de bondá./ D'os Temprarios cabaleiros/ Correspond'o nobre afán'; v. 192 sigs.: 'Un pouco parou no Tempre,/ Corresponde ó seu afán,/ Pró volve cos seus mariños/ Esta noite a descansar/ Seguiron a Compostela/ Na subsiguente mañá/ En que todos van con ele/ A Compostel'a abrazar/ A Santiago o Padroeiro/ E 'n-ela tristes leixar/ O imán dos seus amores/ O Serafín celestial/ Hospedado e recollido/ Na casa de Cotolay'; v. 238 sigs. 'Pra seguir a Compostela/ Na siguiente mañán./ Con que todos van con ele/ Hastra o meu Santo deixar/ Hospedado a maravilla/ Na casa de Cotolay'; v. 358 'O noso devino Autor'; v. 363-364 'd'a mansión/ Mais sagra d'o santo tempro'; v.367 'devirando'; v. 373-375 'E ornamentadas sin do/ Tamen arcadas das naves/ Armonicas de valor'; v. 388 'Abocinado'; v. 389 'dos pescadors'; v. 507 'Pr'as Mariñas, Bergantiños'; v. 512 'Qu'esta Cruña ademirou'; v. 518 'Groria, aumento e bendición'.

77. VOS TAMÉN, CASA DE OCA.

Nunha folliña rillada do A. S. de la I. consérvase este fragmento en loanza das casas nobres de Galicia e entre elas da casa de Lemos, mecenas do príncipe da cultura castelá. Consérvanse soamente dúas columnas, numeradas 27 e 28.

SIGLAS

AC	*Album de la Caridad*, Imprenta del Hospicio Provincial, Coruña, 1862
A. de la I.	Antonio de la Iglesia
A. S. de la I.	Arquivo Saurín de la Iglesia
C seguida de número	Caixa dos papeis De la Iglesia na RAG
F. de la I.	Francisco de la Iglesia
GRUR	"Galicia. Revista Universal de este Reino" (1860-1865)
RAG	Real Academia Galega
N. do A.	Nota do Autor

ÍNDICE ALFABÉTICO DE PRIMEIROS VERSOS

ÍNDICE ALFABÉTICO DE PRIMEIROS VERSOS

A beiriña do mar, a beiriña do mar 104
A honra de Galicia soblimada 293
Adios, miña nay querida 94
Apóstol de Jesús y de la España 285
¡Ay Espiñeira, Espiñeira 38
Bastan '*N-a Catredal* e *San Lourenzo* 305
Berremos 213
Cantarán o Mayo 165
Cand'un ome ten moitismas 36
Carril véñanos, ¡carril viva! 150
Chegamos a vila 215
Corred, ligeras auras 52
Cual águila que se anida 202
De Faro 'n-o Burgo ledo 306
De la palmera 194
De min non se lembraron, Rosalía 303
Deprendé galleguiños e cruñeses 294
Ditouse unha Real Orde con justicia 294
Doce veciño da verdeante selva 290
Duerme, oh Coruña, por el mar mecida 98
El Pueblo coruñes, oh ciudadanos 60
Emiliña a de Bazán 254
En sus torres almenadas 56
Era día de San Roque 43
¡Escoitade! 216
Est'ano empeza Sadurno 39
Esta ciudad nacida, gran Señora 54
Eu non podo, miña joya 35
Falade sempre así, lingua gallega 159
Flébiles auras d'o jardín heleno 259
Gaiteiriño, gaiteiriño 70
Galicia alza tu frente hermosa y pura 97
¡Gloria a d'o *Eco* 283
¡Grandes son os delors, oh miña amiga! 286
Hai un rio misterioso 295
Hijo del Zebedeo, Apóstol santo 197
Hoy reprender no quisiera 64
Iba collendo flores 292
¡Ide ó Ferrol, gallegos! ¡tod'a Cruña! 288
Ja ceibando brancas rosas 72

Jesusa da nosa vida 258
Justa, rapaza moi lista 289
La parroquia va en descenso 62
La plazuela de Mariñas 69
Las naos, que Felipo a la Inglaterra 186
¡Libertad, Libertad! ¡Numen divino! 59
Meu Francisquiño da yalma 218
Na miña vida tal vin 302
Naza hoje ese gran día 260
No pazo de Miraflores 300
No Pico Sagro famoso 106
Nun alpendre está o meniño 99
Ollos claros, serenos 291
Os dio muros Sisnando y fortaleza 262
Os homes de Sturias 221
Percisión de Corpos 82
Pero vamos, compañeiros 267
Quen escrebir para hoxe 185
¿Queréis ver sobre azul campo de nieve 160
Quiere la suerte pícara 217
Rayou por fin o venturoso día 261
Repochadiño foi o mausoleo 304
Río Lérez, río Lérez 208
Rosa de Mayo 196
Sae da Cruña barco novo 178
Salve, oh Reina, de España delicia 88
Salve, salve, matrona guerrera 249
Si quieres que tome a Tánger 182
¿Ti de monteira galana 155
Tiñamolo telefro polo diaño 96
Un sol composto d'un millón de soles 250
Vese Galicia isqueletada e pobre 293
Viliña da Graña 220
Vinde, vinde, pastoriños 181
Vinde, vinde, vinde, vinde 103
Virxe d'Atocha querida 90
Volemos al Africa 147
Vos tamén casa de Oca 320
Vouvos a contar un conto 263
"Y acude, acorre, vuela 183

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
Dirección Xeral de Promoción Cultural

XACOBEO 2004
Galicia

Núm. 2

Biblioteca
24821
REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA

Poesías
Antonio de la Iglesia